



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 118

Sesión plenaria
11 de xuño de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 48166)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na contratación de préstamos e créditos hipotecarios en Galicia (doc. núm. 32346, 10/PPL-000025)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 322, do 19.06.2018

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (doc. núm. 47807, 10/PPL-000036)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 454, do 02.04.2019

Punto 3. Comparecencia

50470 (10/CPP-000101)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 4. Moción

50408 (10/MOC-000147)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Moción consecuencia da Interpelación nº 46794, publicada no BOPG nº 441, do 06.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 28.05.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 32252 (10/PNP-002425)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323, do 20.06.2018



5.2 39974 (10/PNP-002986)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

5.3 43898 (10/PNP-003267)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.4 47514 (10/PNP-003593)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e doce deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

5.5 49281 (10/PNP-003732)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.6 49347 (10/PNP-003738)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a presentación polo Goberno galego, antes do remate do primeiro período de sesións de 2019, do procedemento deseñado para avaliar a implantación da Rede galega de dinamización da formación profesional dual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

5.7 49484 (10/PNP-003748)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



5.8 49983 (10/PNP-003784)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo para recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público e a posición do Parlamento de Galicia respecto do seu uso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

Punto 6. Interpelacións**6.1 8786 (10/INT-000373)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as listas de espera non estruturais do Sergas e a política de persoal da Consellería de Sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

6.2 43360 (10/INT-001431)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

6.3 48288 (10/INT-001597)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co fenómeno social da soidade non desexada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 455, do 03.04.2019

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 50473 (10/POPX-000151)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo ou as previstas polo Goberno galego diante da nova situación de Ferroatlántica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.2 50492 (10/POPX-000152)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a crise industrial existente en Galicia, que pon centos de empregos en risco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019



7.3 50494 (10/POPX-000153)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o impulso polo Goberno galego, coa debida dilixencia, da actividade institucional da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 48770 (10/POP-005826)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da institución do xurado popular reflectida no artigo 125 da Constitución española de 1978

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.2 50486 (10/PUP-000252)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da aprobación do proxecto da circunvalación de Carballo no ano 2019 co fin de iniciar as obras no ano 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

8.3 47343 (10/POP-005647)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia á empresa Ferroatlántica da presentación dun plan de viabilidade que garanta a súa actividade de ferroliaxes, segundo se desprende da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de maio de 1996

Publicación da iniciativa, BOPG nº 444, do 13.03.2019

8.4 49961 (10/POP-005934)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as razóns da demora na designación dun presidente ou dunha presidenta para o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.5 49498 (10/POP-005897)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



8.6 44092 (10/POP-005272)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos ao cumprimento do Decreto 105/2017, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

8.7 50005 (10/POP-005939)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre o pechamento de camas hospitalarias durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

8.8 50489 (10/PUP-000253)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre a fase na que se atopan os procesos de negociación e resolución de conflitos cos distintos integrantes do sector das emerxencias sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

8.9 48503 (10/POP-005794)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego referida á axuda económica do Bono Concilia para que aquelas familias que teñan dereito a unha praza pública nunha escola infantil e non accedesen a ela poidan levar os seus fillos a outro centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

8.10 49419 (10/POP-005889)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a modificación das condicións salariais do persoal pola empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor presidente comunica que as deputadas dona Noela Blanco Rodríguez (S) e don Raúl Fernández Fernández (S) xustificaron a súa ausencia. (Páx. 10.)

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección para a cobertura dunha vacante no Consello Social da Universidade da Coruña, por renuncia de don José Ramón Louzao Cabo. (Páx. 10.)

A señora secretaria fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno, e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 11.)

Acadada a maioría simple, (con 40 votos a favor), proclámase elixida dona Inmaculada Rodríguez Cuervo. (Páx. 11.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Burgo López (S) (Páx. 15.), Sra. Cuña Bóveda (EM) (Páx. 17.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 19.)

Rolda de réplica: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 23.)

Votación da toma en consideración do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística: rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 25.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 25.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 35.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 38.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 42.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 48.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 54.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 54.), a señora Vilán Lorenzo (S) (Páx. 56.), o señor Cal Ogando (EM) (Páx. 58.), o señor Trenor López (P) (Páx. 60.) e a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 62.)



Suspéndese a sesión á unha e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora Miranda Pena, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Miranda Pena (EM)*. (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 69.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 70.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 72.)

Nova intervención da señora Miranda Pena (EM). (Páx. 74.)

Votación da moción

Votación da moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 79.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 83.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 85.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 92.), *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 93.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 95.)



O señor Casal Vidal (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 98.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 104.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 106.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 108.)

A señora Egerique Mosquera (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 110.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e doce deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 111.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 111.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 116.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 117.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 120.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 122.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Losada Álvarez (S). (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 127.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 129.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 132.)

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e un minuto da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia dona Noela Blanco Rodríguez e don Raúl Fernández Fernández.

E, sen máis, entramos na orde do día.

Punto primeiro.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: A Mesa do Parlamento, na reunión do 2 de abril de 2019, tivo coñecemento da vacante como membro do Consello Social da Universidade da Coruña de don José Ramón Louzao Cabo, por renuncia, elixido por esta Cámara na sesión plenaria do 26 de setembro de 2017, por proposta do Grupo Parlamentario Popular. En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a cobertura da vacante.

Posteriormente, a Mesa, o 4 de xuño de 2019, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a apertura dun prazo para a formalización de propostas de candidaturas. Rematado este prazo, a Mesa, na reunión do 12 de xuño de 2019, tivo coñecemento da proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular, que o comunicou aos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta, mediante papeletas e chamamento por orde alfabética.

A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polo Servizo da Cámara na que consta o nome do candidato proposto marcado cunha aspa ou recadro. Considérase voto en branco de non marcar ningún recadro e considérase voto nulo cando se escriban os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamarase elixido o candidato se obtén a maioría simple.

Supoño que xa están repartindo as papeletas.

E, sen máis, comezaremos a votación por chamamento, por orde alfabética, que fará a secretaria da Mesa.

Prégolles ao vicepresidente primeiro e á vicesecretaria que se sitúen onde a urna para a recollida das papeletas.



Comezamos, polo tanto, coa votación.

Pechen as portas, por favor.

Cando queira, señora secretaria.

Déanlle voz ao escano da secretaria, por favor.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

(A señora secretaria (Arias Rodríguez) fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Queda alguén por exercer o voto? *(Pausa.)* Ninguén.

Pois comezamos o reconto. *(Pausa.)*

(Procédese ao escrutinio.)

O señor PRESIDENTE: O resultado do escrutinio é de 68 votos emitidos.

Votos a favor de dona Inmaculada Rodríguez Cuervo: 40. Non hai votos nulos nin hai votos en branco. Polo tanto, acada a maioría simple e proclámase elixida membro do Consello Social da Universidade da Coruña dona Inmaculada Rodríguez Cuervo. Grazas.

Abran as portas.

Continuamos co seguinte punto da orde do día, que é o de textos legislativos.

Saben que foi retirada unha proposición de lei e, polo tanto, debatemos agora a seguinte.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Olalla Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Traemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego unha proposición de lei encamiñada a garantir o carácter oficial do galego e como tal o seu uso como lingua vehicular no ensino. Pro-



pomos reformar e actualizar a Lei de normalización lingüística, de 1983, para garantir que o galego, como lingua propia de Galiza, sexa tamén lingua oficial e vehicular en todos os niveis educativos.

E facémolo por dúas razóns fundamentalmente. En primeiro lugar, porque é unha obriga dos poderes públicos galegos garantir o uso normal e oficial da lingua galega, potenciando o seu uso en todos os planos da vida pública. Isto é o que di literalmente o artigo 5 do Estatuto de 1981. E os datos evidencian que, lonxe de avanzar cara a unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán, como di a lei desde hai moitos anos, unha parte cada vez maior das galegas e dos galegos, especialmente a mocidade, sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego.

Estas, señorías, non son apreciacións persoais, nin sequera unha conclusión á que chegase apenas o Bloque Nacionalista Galego, senón que é na súa literalidade o que di a Real Academia Galega, institución á que imaxino e quero pensar que terán unha mínima consideración.

E os datos, ademais, así o confirman. En 2013, como lembrarán —últimos datos ofrecidos até o momento polo Instituto Galego de Estatística—, sinalan que por vez primeira desde que existen rexistros a lingua inicial maioritaria no noso país é xa o castelán. Hai só dúas décadas, a comezos dos noventa, o galego representaba a lingua inicial ou lingua materna do 62 % da poboación maior de 15 anos; hoxe éo para o 40 %; máis de vinte puntos menos en só dúas décadas, precisamente as décadas nas que máis se ten avanzado normativamente na blindaxe dos nosos dereitos lingüísticos.

Hai unha ruptura clara na transmisión interxeracional do galego, mais até a propia Academia advirte de que esa ruptura non é consecuencia unicamente da decisión das familias, senón que bate de cheo coa escasa presenza que o galego ten nos espazos denominados de socialización secundaria, especialmente o ámbito educativo. E aí é onde quere actuar o Bloque Nacionalista Galego con esta proposición de lei. Porque as súas políticas, señorías do Partido Popular, a comezar polo Decreto 79/2010, lonxe de frear a perda de falantes, están a acelerar o proceso até ter convertido a escola nun axente desgaleguizador. Familias de crianzas galegofalantes recoñecen que é na escola onde as súas fillas e fillos comezan a mudar de lingua, a maioría delas na etapa de educación infantil —e insisto en que me remito de novo aos informes da propia Academia, oficiais e públicos—.

Estamos certas de que escoitaron falar do «desafío corenta e oito horas», unha iniciativa impulsada desde o Servizo de Normalización Lingüística do Instituto María Casares, de Oleiros, un centro de ensino público, dependente da Xunta de Galiza, no que ningún estudante fala galego, ningunha persoa alumna, de seiscentas; nin dez nin vinte, cero.

Non vou determe na proposta que lanzaron ao alumnado para animar os estudantes a falar galego, tivo unha enorme repercusión mediática. E iso xa nos debera facer reflexionar colectivamente, a comezar polo propio Goberno, que é quen ten responsabilidades políticas. Que sexa noticia que o alumnado dun país se anime a falar a lingua propia durante dous días debería dar que pensar a calquera goberno, porque tratamos a nosa lingua coma se fose chínés, estranxeira ou algo exótico.



O desafío tiña, máis aló do obxectivo, unha parte moi importante, que era escoitar o propio alumnado sobre a súa experiencia. ¿Saben que dicían as alumnas e os alumnos do IES María Casares, de Oleiros, que participaron neste experimento ou nesta experiencia, nesta iniciativa promovida polo Servizo de Normalización Lingüística? ¿Saben que dicían? É unha pena que non nolo falasen antes, nin en infantil nin en primaria. Oleiros, 2019. É unha pena que non nolo falasen antes, nin en infantil nin en primaria.

Actualmente no noso país só o 8,5 % das escolas infantís nas cidades imparten aulas maioritariamente en galego, fronte ao 72 % que o fan en todos os casos ou na súa maioría en castelán. E iso ten unha translación directa aos usos. Apenas dúas de cada dez persoas entre os 5 e 9 anos fala galego no noso país, dúas de cada dez. Entre os 10 e os 14 anos, o 28 %; entre os 15 e os 19, o 30 %. Para atopar unha porcentaxe de uso do galego do 50 % ou máis hai que ir a franxas de idade superiores aos 45 anos. Rapazada que non ten contacto coa lingua galega na casa nin coas amizades e á que se lle nega tamén nas aulas non poderá usar o galego con normalidade porque directamente lles están a furtar calquera contacto con el.

Para o BNG esta realidade exige unha política decidida na defensa dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos, encamiñada a garantir o coñecemento e promover o uso normalizado da lingua propia deste país en todos os ámbitos. Non se asusten, porque o groso das medidas incluídas nesta proposición de lei están recollidas no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade en 2004 nesta Cámara, co voto favorable —por se alguén tiña dúbidas— tamén do Partido Popular.

Propomos elevar a rango de lei incluíndo na Lei de normalización lingüística que todas as crianzas de Galiza, calquera que sexa a súa lingua inicial ao comezar o ensino, deban ser quen de utilizar normal e correctamente o galego, de igual maneira que o son en castelán. Para iso, a Xunta de Galiza deberá garantir, como mínimo, un terzo do horario lectivo semanal en galego no ensino infantil naqueles contextos en que a lingua predominante sexa o castelán, coa intención de que esta porcentaxe vaia incrementándose de maneira progresiva. É literalmente o que pon o Plan xeral de normalización lingüística, aprobado por unanimidade en 2004 —páxina 42 do plan—.

No ensino obrigatorio, e coa finalidade de garantir o carácter vehicular do galego en todos os niveis educativos, os centros de ensino deberán elaborar como parte do proxecto educativo un proxecto lingüístico que enmarque o tratamento das linguas no centro. Para iso, deberán incluír entre outras cuestións o tratamento do galego como lingua vehicular e de aprendizaxe, garantindo como mínimo o 50 % da docencia en galego. Insisto en que son medidas recollidas no ámbito educativo no Plan xeral de normalización do ano 2004. Deberá incluír tamén o proceso de aprendizaxe do castelán, as distintas opcións en relación coas linguas estranxeiras, incluíndo de maneira especial o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía —tal e como recolle ou dispón o artigo 2 da Lei Paz Andrade—, e os criterios xerais para adecuación do proceso de aprendizaxe das linguas á realidade sociolingüística do centro —non é a mesma realidade a que vive o alumnado dun instituto de Vigo que, por exemplo, a realidade que vive algunha alumna ou alumno no colexio de Navia de Suarna—. Deberán, ademais, arbitrarse medidas necesarias para garantir a progresiva aprendizaxe da lingua galega como ferramenta de inclusión social para aquelas per-



soas que, polas razóns que sexan, estean dispensadas da obriga de estudar galego, por exemplo a poboación migrante que decide instalarse no noso país. E tamén deberá desenvolverse unha oferta estábel de cursos de formación en lingua galega para atender as necesidades do alumnado e profesorado universitario foráneo, co obxectivo de garantir o dereito a recibir aulas en galego tamén no ensino superior.

Dícialles ao comezo que esta proposición de lei que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego parte de dúas razóns: a primeira, cumprir coa obriga de garantir o uso normal da lingua galega fronte á imparábel desgaleguización, a perda constante e incesante de falantes, co recoñecemento do galego como lingua vehicular no ensino. E un dos factores da desgaleguización atópase nas primeiras etapas educativas, entre os 0 e os 6 anos. Por iso é necesario, é vital garantir a presenza da lingua galega na educación infantil e acabar tamén cun decreto que, por vez primeira desde o franquismo, prohibe dar aulas de matemáticas, tecnoloxía ou física en galego.

A segunda, señorías, é dar unha nova oportunidade para que o Partido Popular rectifique a súa política lingüística e volva, se é que algunha vez estivo nel, ao consenso.

Teñen hoxe a oportunidade de dar carpetazo a unha política lesiva para o galego e vulneradora dos dereitos lingüísticos deste país. E non llo digo eu nin o Bloque Nacionalista Galego, que o di o propio Consello de Europa no último informe emitido no ano 2016 –teremos o próximo en 2020–, un Consello de Europa que advirte desde hai anos da redución que o decretazo supuxo da presenza do galego no ensino medio. Di literalmente: «O comité de expertos pon énfase en que o Decreto 79/2010 limita a docencia en galego a un máximo do 50 %, co obxectivo final de acabalo reducindo a un terzo. Este feito supón unha clara contradición cos compromisos asumidos polas autoridades no marco da Carta.» Unha política, súas señorías do Partido Popular, que vulnera os compromisos recollidos na Carta europea de linguas minorizadas, que —debo lembrarlles— exige unha educación predominantemente en galego.

Teñen a oportunidade, señorías, de emendarse a si mesmos e dar as costas a ese discurso sustentado en mentiras e falacias que axitaron sen pudor hai dez anos. Que non lles marque a axenda a dereita e a extrema dereita españolas, nin sequera o seu propio líder desde Madrid. Rectifiquen, porque, cando rectifican, acertan. Ningún destino está escrito nin existen situacións irreversibles tampouco para a lingua galega. O que se precisa é vontade para mudar as cousas e actuar, se é que de verdade antepoñen a defensa dos dereitos e intereses de Galiza fronte aos intereses partidistas e ás posicións que atacan a lingua galega. Demostren —e con isto remato— que queren gobernar e non só recibir instrucións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.



A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

A Lei de normalización lingüística responde ao mandato da Constitución e tamén ao mandato do artigo 5 do noso Estatuto de autonomía. E di esta lei, na súa exposición de motivos —e cito textualmente—: «A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio, e uníranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado da identidade común.»

Cíto porque estas verbas indican a importancia que no inicio da Autonomía se lle confería á nosa lingua e que estaba reflectida nesta Lei de normalización, que resultou ser fundamental. Tal e como dixeron os deputados que a defenderon neste Parlamento, constituíu un fito fundamental para a recuperación da plenitude de dereitos da nosa lingua, o que quere dicir a recuperación da nosa identidade de pobo, da nosa personalidade comunal, tal e como afirmou na defensa desta lei o deputado Ramón Piñeiro. Foi un fito. Os deputados que a aprobaron, que a defenderon e que a aprobaron por unanimidade así o viron.

Igual que viron que era absolutamente necesario conseguir o máximo consenso, e por iso esta lei foi elaborada por unha ponencia conxunta de todas as forzas políticas, e, como dicía o deputado Ceferino Díaz —e cito tamén—, «coido que logramos facer unha lei de todos, esforzándonos en conseguir a unanimidade, porque o galego, como idioma oficial da nosa terra, ten que ser defendido polo conxunto das forzas políticas». (*Aplausos.*)

Como lei xeral, o deputado Ceferino Díaz —seguramente debemos telo tamén en consideración—, na defensa da lei, desexaba que esta fose unha defensa que persevere, que non quede no acto simbólico de hoxe —daquel día de 1983—, senón que todos loitemos pola normalización da nosa lingua.

Queda clara a vontade dos lexisladores desta lei. E, como lei xeral e se as circunstancias actuais foran outras, é dicir, se todas as forzas políticas representadas neste Parlamento e o Goberno do noso país continuaran mantendo o espírito desta lei en busca dun concerto, unha unanimidade ao redor da lingua, como se buscou e se conseguiu nese momento de 1983 e posteriormente no Plan xeral de normalización, se a lingua non fora nunca neste tempo, nestes anos pasados, un elemento de confrontación, de enfrontamento, para que se levase a cabo un proceso de normalización —dicía—, se todo isto fora así, se continuara sendo así, realmente o noso grupo non consideraría necesario neste momento modificar a lei; en todo caso, consideraría necesario modificala de forma global e co entendemento conxunto de todos os grupos políticos.

En condicións normais —dicía eu—. Pero nestes momentos non está nestas condicións normais. E non está porque a vontade política responsable de buscar o consenso, de non enfrontar a través da lingua, non está presente neste Parlamento, neste país, en Galicia, dende 2009. Porque o Partido Popular, co señor Feijóo á cabeza, rachou este consenso, e rachouno simplemente por un puñado de votos. Creo que é necesario seguir repetindo esta verdade,



porque as verdades, se non se repiten, terminan converténdose en feitos que non responden ao que realmente pasou. (*Aplausos.*) E necesítamolo —é certo— porque, ademais, o Partido Popular, a dereita, ten sempre unha grande capacidade para manipular a verdade. E vou dicir por que é isto.

A ruptura do consenso non se deu porque o Partido Popular non estivera de acordo co decreto feito polo Goberno presidido polo señor Touriño, de coalición entre o PSdeG e o BNG, é dicir, non estivera de acordo con ese Decreto 124/2007, un proceso, por certo, de creación de construción deste decreto modélico, porque foi a primeira vez en toda a historia da nosa Comunidade que o Goberno chamou as tres forzas políticas representadas nese momento nesta Cámara para consensuar un texto. E conseguíuse, consensuouse este texto. Tanto se consensuou que houbo unha rolda de prensa compartida entre a conselleira de Educación, o PSdeG, o BNG e o Partido Popular onde o Partido Popular se felicitou polo consenso acadado, e isto está nas hemerotecas, isto é así, isto é algo que non se pode negar. Claro que posteriormente a esta rolda de prensa viñeron os mandatos de máis arriba e tamén de Génova e as miserias dun partido que era capaz de todo por un puñado de votos. (*Aplausos.*) E así rompeuse este consenso. Esta é a historia, que está nas hemerotecas.

É difícil, señorías, esquecer a foto dun vicepresidente actual do Goberno de Galicia asistindo a unha manifestación en contra da nosa lingua, e esa foto está tamén nas hemerotecas. Porque, señorías, hai fotos que nin se poden nin se deben esquecer nunca. (*Aplausos.*)

E rompeu este consenso o Goberno de Feijóo cando chegou ao Goberno e promulgou o chamado decreto do plurilingüismo, un decreto —recordo, porque creo que é necesario volver dicilo— ao que non soamente nos opoñemos nós, o partido do BNG e En Marea, non, señores; opuxéronse a este decreto a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galego, o Consello Escolar de Galicia, a Mesa Sectorial de Educación, todos os partidos políticos, con representación ou sen ela —exceptuando un naquel momento e dous neste momento—, os sindicatos, a Confapa, os xuristas, as universidades, o movemento de renovación pedagóxica, o Consello Consultivo. ¿Quen o apoiaba? O PP, nada máis que o Partido Popular. ¿Ese é o consenso? ¿Iso é o que dicía o deputado Ceferino Díaz no seu momento, pero tamén o deputado de Alianza Popular en 1983? Non, señores e señoras do Partido Popular. Iso é a ruptura total dun consenso, dun elemento que está para unirnos, nunca para separarnos.

E, despois de todo, deste decreto do plurilingüismo, ¿que sucedeu? O que sucede sempre cando as reformas se realizan por motivos electoralistas, cando as reformas se realizan por motivos espurios e non por motivos, neste caso, educativos e con coñecemento científico. O que pasou é que o uso e o coñecemento, sobre todo o uso do noso idioma, está descendendo cada vez máis. O que pasou é que o ensino do galego, sobre todo nas primeiras etapas, se reduciu. Reduciuse tanto que, como dicía a señora Rodil, ata o Consello de Europa, a través dos expertos, da Carta de linguas minorizadas, acusa o Decreto 79/2010 da redución do uso do galego. Pero tamén acusa exactamente do mesmo a Real Academia Galega, que afirma que o decreto está a producir un retroceso nos avances conseguidos no pasado. O mesmo di o Consello da Cultura. ¿Que máis queren escoitar para saber que hai que abolir o decreto do plurilingüismo? Os datos non os repito, porque os dixoxa a señora Rodil.



Miren, señoras e señores do Partido Popular —remato—, como xa dixemos en múltiples ocasións todos os grupos, como xa manifestamos a través de decenas de iniciativas todos os grupos, tamén o Grupo Socialista, neste Parlamento, hai que atopar un novo pacto pola lingua, rematar cos enfrontamentos e loitar todos polo galego.

Por iso, consideramos que é necesario apoiar esta iniciativa, e sería un bo momento, unha nova oportunidade para que o Partido Popular cambiara a súa actitude e chegara a un consenso, a recuperar un consenso que nunca debeu romperse.

A lingua, señorías, ten que ser un elemento de unión, de unión entre todos nós. Polo tanto, demostremos que somos capaces de volver ao espírito dos redactores da Lei de normalización.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día, señorías.

Ben, non deba ser este un debate nin polarizado nin desasosegado, cremos que ten que ser un debate sereno, porque hai moitos prexuízos que seguen a rodear a nosa lingua e que impiden a súa normalización real. O que cómpre é que se imponha a razón. E constatar que esta é unha lei máis intacta que aplicada é unha obviedade.

O noso grupo parlamentario, por suposto, vai apoiar a proposta de reforma que plantexa o Bloque Nacionalista Galego.

Con respecto ao marco legal, é tamén unha evidencia que o noso marco xurídico legal é que hai dúas linguas plenamente oficiais (galego e castelán) e que os seus falantes deben ser iguais en dereitos e en deberes, dado que esa igualdade reconecida nas leis é un obxectivo futuro e non unha realidade efectiva no presente. E na súa condición de lingua propia de Galiza o galego debe ser obxecto de especial respecto, apoio e promoción. Exixe unha presenza preferente no sistema educativo non universitario.

Con respecto á perda de falantes, a pluralidade lingüística é unha riqueza que hai que manter, protexer e pór en valor. Pero a situación é grave. Estamos moi lonxe de que a competencia do alumnado en galego sexa similar á que ten en castelán. O modelo de ensino preferentemente en galego —isto é, de inmersión parcial ou completa— é o que mellor garante este obxectivo de que todos os estudantes e as estudantes galegas, sexan falantes de castelán ou galego, acaben cunha competencia suficiente e semellante nos dous idiomas. Existe unha ampla bibliografía académica, fundamentada na investigación e experimentación en distintos contextos, que así o demostra dun xeito contundente.

Aquí nomeadamente se citaron entidades e institucións de moito prestixio que deberan ser referentes. Eu vou reiterar tamén esta cuestión porque é importantísima. O Informe da Real



Academia Galega sobre a lingua e sociedade en Galicia entre o ano 1992 e 2016 insiste na perda progresiva de galegofalantes, especialmente entre a xente máis nova, e na creba de transmisión interxeracional da lingua propia, e insta a Administración a actuar de maneira eficaz para contrarrestar unha deriva perigosa para o idioma.

A Real Academia Galega, como xa fixera noutras ocasións, sinala o polémico Decreto 79/2010, do que tamén falaremos máis adiante, que veu substituír o anterior, que precisamente garantía un mínimo do 50 % das materias no ensino obrigatorio en galego, e atribúe a este decreto a causa do retroceso que está a sufrir o idioma no ámbito educativo e tamén como influxo da posible diminución do seu uso entre os máis novos a nivel xeral. A Real Academia tamén advirte que non pode deixar de expresarse en ton de alarma diante dos minguentes usos do galego pola xente máis nova.

É evidente que hai unha involución da presenza do galego, e así tamén o constatou o Consello de Europa, que volveu reprender a Xunta pola súa política lingüística no seu cuarto Informe sobre o cumprimento da Carta europea de linguas minorizadas, como xa fixera en anteriores informes. O comité de expertos censurou a actuación do Goberno galego, sobre todo no que ten a ver co ensino. O Consello de Europa pediu tamén cambios legais que aseguren a presenza das linguas cooficiais. A comunidade internacional non entende como se pode asinar un tratado como a Carta e despois incumprilo impunemente e exaltarse de facelo. Defender a nosa lingua é defender a democracia, os dereitos humanos e a cultura.

Aquí falouse tamén de falacias. A min vénme á cabeza un limiar de ProLingua, que dicía: «As falacias fan un ruidiño cando escachan no chan ao caer.» Moitos ruidiños de falacias que escachan no chan hai. Pero a realidade é tanxible e comprobable, aínda que sexa negada. A precariedade da nosa lingua é un feito innegable. O PP mantén, nos últimos anos fundamentalmente, unha estratexia de acoso e derruba do galego, que mesmo se pode endurecer. Non sempre foi así —despois explicaremos—.

Sostense, por exemplo, que a problemática das linguas remite exclusivamente aos dereitos dos individuos, ao tempo que se rexeita o recoñecemento da existencia de dereitos lingüísticos colectivos. Cada lingua é inseparablemente un fenómeno individual e colectivo, carece de sentido a dicotomía que opón o individual e o colectivo. Igualmente, a noción de que os individuos escollen libremente a lingua que falan é ficticia, pois cada persoa aprende a falar na lingua ou linguas coas que está en contacto nos primeiros anos da súa vida, por simple inmersión no medio social no que se desenvolve.

Os prexuízos sementados ao respecto dunha suposta imposición do galego aceleraron o proceso desgaleguizador da rapazada nas escolas. Un estudo do Consello da Cultura advirte de como callou o mito da imposición e das actitudes belixerantes co idioma e coa mocidade.

Obviamente, o decreto de plurilingüismo crebou a tendencia de mellora da presenza do galego nas aulas e do seu uso formal e informal. Vulnera o Estatuto de autonomía, como moi ben explicou a señora Olalla Rodil. Veta a impartición das materias de matemáticas, tecnoloxía, física e química en galego, sitúa o noso idioma á marxe da cada vez máis importante



realidade científica e tecnolóxica, mandando unha mensaxe ao alumando de que o galego é unha lingua de segunda.

O famoso decretazo contra o galego, aprobado de costas a toda comunidade educativa e co unánime rexeitamento de toda ela, foi reiteradamente denunciado pola Real Academia, polo Consello —que, ademais, advertía sobre que a escola non semella funcionar como un elemento dinamizador do uso do galego—, tamén —como xa se citou— polo Consello de Europa e moitas outras institucións; todas apuntan a dicir que esta norma poñía en serio risco o papel do galego na escola. Non podemos agachar a súa clarísima insuficiencia, xa que a penas hai unhas faragullañas de escola infantil en galego, como xa dixo aquí.

Porén, o Decreto 79/2010 supuxo a desprotección lingüística do galego no ensino e a diminución da súa presenza, sen ter acadado a normalización plena, coa tentativa de incluír como lingua vehicular do ensino o inglés, mudanza que asemade ten sido denunciada polas institucións nomeadas e polos colectivos sociais de defensa da lingua e tamén, nomeadamente, pola Mesa pola Normalización Lingüística e Queremos Galego. A Mesa tamén denunciou que as xeracións máis novas están protagonizando un proceso acelerado de monolingualización en castelán a un ritmo que non prevían nin os resultados de estudos demolingüísticos previos. É un problema antigo que empeora a cada estudo.

Garantir e promover as linguas —son construcións colectivas, ferramentas básicas e dimensión educativa e social necesaria— demanda unha planificación ben pensada e maior consenso social.

Eu remataría dicindo que, realmente, o Partido Popular no Plan xeral de normalización, aprobado por unanimidade no 2004, fixou un mínimo do 50 %, que é o que hoxe se pide, das materias en galego, e fomentaba que se impartisen materias como as matemáticas, as científicas. O decreto do 2007 aplicouno o PP, e non sempre estivo en contra daquela norma, e cito a Manuela López Besteiro: «Esperamos a mesma humanidade e unanimidade hoxe.»

Tamén cremos que é moi importante defender a Lei Paz Andrade, que ten relación con esta lei, e sobre todo tendo en conta que o portugués é a terceira lingua do mundo. Nun recente acordo entre a Academia Brasileira e a Academia Galega falábase de xuntar vontades en beneficio de todas. Eu apelo a esa unión de vontades tamén neste Parlamento, por decencia, por cumprimento da lei, por intelixencia cognitiva e afectiva. Non podemos perder a raíz, somos unha comunidade de destino. O diálogo é fundamental e debemos establecer pontes entre a orixe e o futuro.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.



Iniciaba a súa intervención a señora Cuña facendo referencia a que cumpría levar a cabo un debate sosegado sobre a cuestión lingüística. Por suposto, estou totalmente de acordo. Eu creo que sempre que subín a esta tribuna para falar de lingua procurei e procuramos —e esa é a posición do noso grupo— manter un debate sosegado. O que pasa é que en ocasións resulta complexo, porque, cando vostedes están manipulando e terxiversando a realidade e dándolle voltas, facendo unha torsión lingüística ata o límite de querer dicir que defenden un consenso que hoxe veñen aquí romper, pois teñen que comprender que é complexo para nós soportar e manter ese sosego no debate.

Porque veñen aquí e traen unha modificación da lei aprobada por unanimidade, por consenso amplo, no ano 1983, nun momento no que na Cámara galega non existían maiorías, co esforzo que supuxo sacar adiante ese texto normativo, e ademais foi o texto que permitiu décadas de avances lexislativos —como dixo a señora Rodil na súa intervención— a prol da defensa do galego, e veñen aquí propoñer a súa modificación, pasando por encima. Decía a señora Burgo: en condicións normais, o ideal sería retomar o consenso para a modificación desta lei, e acto seguido di: pero é que non estamos en condicións normais. ¡Oia!, ¿pero que quere trasladarlle á sociedade?

Vostedes seguen pintando esa realidade da sociedade galega de novela distópica que non cre ninguén. Seguen con ese enfrontamento permanente, intentando empregar... Porque de aí vén o da torsión lingüística que lles quero transmitir. É que está unha e outra vez falando de que hai que consensuar, de que hai que ter sosego, de que hai que falar destas cousas con tranquilidade, con calma, con visión ampla, ao mesmo tempo que lle están trasladando á cidadanía a imaxe de que estamos nunha sociedade de enfrontamento, que hai un grupo político maioritario que quere acabar co galego, que estamos unha e outra vez articulando medidas en contra do galego e que aínda por riba a sociedade, que referenda esas medidas co seu apoio electoral, pois está tamén dalgún xeito colaborando a esa destrución do noso idioma, da nosa lingua, da nosa identidade. ¿Danse conta de que isto é unha tomadura de pelo? (*Aplausos.*) ¡É que isto é unha tomadura de pelo!

Porque mire, decía a señora Burgo que hai que seguir repetindo esta verdade. Falaba de que o Partido Popular quere romper e rompeu o consenso lingüístico e decía vostede que hai que seguir repetindo esta verdade para que non se esqueza.

Mire, a verdade non é necesario repetila, porque a verdade ten un correlato empírico, e ao ter un correlato empírico calquera pode comprobalo. ¿Sabe o que é necesario repetir unha e outra vez para que se converta en verdade? A mentira, que é o que vostedes fan co debate lingüístico, repetir a mentira unha e outra vez, para ver se así se converte en verdade. Pero teña presente que a verdade non é necesario repetila, calquera pode comprobala, non ten máis que baixar aos feitos, baixar á realidade e vela.

Polo tanto, eu creo que deberíamos ser un pouquiño máis prudentes todos cando falamos desta cuestión, porque fraco favor lle facemos á lingua —e téño repetido ata a saciedade—, fraco favor lle facemos á lingua se estamos empregándoa como elemento de confrontación política. Ademais, cando temos unha ferramenta lexislativa dun consenso amplo, como foi a Lei de normalización lingüística, e que agora queremos cargar por arte de birlibirloque, que queremos



modificar unilateralmente sen existir un acordo previo e sen existir un traballo previo para mirar se é necesario neste contexto levar a cabo unha modificación da norma, pois entón, que nos veñan repetir iso unha e outra vez a nós resúltanos cando menos chamativo.

Porque miren, vostedes están instalados nese discurso permanente da torsión da realidade, da torsión lingüística, da posverdade, desa neofala que quere crear conceptos, que ao final o que está facendo é retorcer o sentido das palabras, cambiar a relación entre significante e significado, e dicirlle á xente que o que ven non é real, que están embarcados nunha especie de delirio onírico, que a realidade a teñen vostedes e que o que lles din os sentidos ás persoas é unha pura falsidade, non ten ningunha relación coa realidade.

Entón, nesa posverdade que vostedes articulan, chegan a elaborar afirmacións como que, se un decreto é aprobado polo Bipartito, é bo; agora, se un decreto é aprobado polo Goberno do Partido Popular, é malo, independentemente de que en ambos os casos sexa aprobado por un goberno que goza dunha maioría, nun caso unha maioría que é ben produto dunha coalicón e noutro caso unha maioría que ten unha forza política por apoio da cidadanía directo a esa forza política.

Pero é que, claro, seguen retorcendo a realidade e a verdade unha e outra vez, e en todos os ámbitos, jeh! —isto non é só unha cuestión do debate lingüístico—. Temos algo moi fresco nestes días. Vostedes son os que defenden que as forzas políticas que perden as eleccións teñen lexitimidade para gobernar, como vemos nos concellos, e, non obstante, as forzas que gañan eleccións non teñen lexitimidade para gobernar se son o Partido Popular. ¡Claro! Se non, teríana. (*Aplausos.*)

Entón, vostedes están unha e outra vez dándolle voltas, dándolle voltas a esa matraca, dándolle voltas a esa matraca, pero, claro, como dicía antes, ao final esta posverdade, esta creación de novos conceptos, esta realidade inventada da que vostedes queren facer gala pois ten as patas cortas. ¿Por que? Porque ao final a cidadanía ten ollos, ten sentidos, chégalle información do exterior e ten aínda por riba —miren vostedes que cousa— capacidade crítica para comprobar se o que lle din é verdade ou mentira. Por iso vostedes están na situación na que están e nós estamos no grupo maioritario, que ten o apoio maioritario da cidadanía.

Miren, a vixente Lei de normalización lingüística fraguouse dende o consenso e grazas á capacidade de diálogo e á apertura de miras de quen a creou, e segue vixente hoxe, sendo un marco válido para avanzar; para nós é un marco válido. Non nos digan unha e outra vez que volvamos ao consenso, cando nós nunca nos movemos del, e son vostedes os que están permanentemente traendo a esta Cámara modificacións, medidas e vías para romper ese consenso e para saír dese consenso. Nós seguimos no mesmo punto no que se estaba no ano 1983, que é o punto da defensa da nosa lingua, da defensa da nosa identidade, a través dunha ferramenta normativa aprobada por unanimidade desta Cámara, e que merece para nós todo o respecto pero que para vostedes parece que, por algunha razón, hai que modificar, rematar.

Pero voulles dicir cal é a razón. A razón, no fondo, a razón que está de fondo en todo isto é esa case obsesión coa derogación do decreto de plurilingüismo. Porque, claro —o que dicía antes—, se un decreto o fai o Bipartito é bo, se o fai o PP é malo, e entón temos que derro-



galo. ¿E que ocorre? Imos poñer todas as ferramentas enriba da mesa para derrogallo. Intentárono facer pola vía da ilegalización ou pola vía de buscar —digamos— fendas legais no decreto de plurilingüismo. Claro, unha vez que ven que lles din as instancias pertinentes que o decreto de plurilingüismo se axusta á legalidade, ¿que temos que facer para que se converta en ilegal? Modificar a lei, porque se modificamos a lei, automaticamente podemos conseguir que o decreto xa non se axuste á realidade. É dicir, outra vez, unha vez máis, esas trampiñas, eses xogos para intentar saír do consenso, pero, claro, dicíndolle á xente que quen rompe o consenso e sae do consenso é o Partido Popular. É dicir, continuamos con esa ficción e con esa realidade inventada.

Porque, se quixeran facer unha análise seria, vostedes saben —e ademais dise nos informes que citaron— que non é unha responsabilidade única, por exemplo, do ámbito escolar a situación na que está o galego actualmente. Porque, ademais, se fose única e exclusivamente dependente do ámbito escolar, teríamos que dicir que o galego está nun perfecto estado de saúde, porque atopa no ámbito escolar os seus graos de coñecemento máis amplos da historia.

Porque mire, señora Rodil, poñía vostede o exemplo do IES de Oleiros, no que vostede dicía que ningún alumno ou alumna falaba en galego. Ben, vostede sabe —igual que sei eu— que nese instituto —igual que en todos os de Galicia— eses alumnos, que falan ou non falan galego por decisión propia deles, si se examinan de galego, si coñecen o galego, si se presentan á selectividade e fan os exames en galego e si teñen un coñecemento amplo da lingua galega, que é o que ten que garantir a escola.

Pero, claro, a vostedes iso non lles vale, para vostedes a escola tería que facer outra cousa. Non, para nós a escola ten que dotar os alumnos das ferramentas necesarias para coñecer a lingua e para empregala en pé de liberdade con outras. É a nosa visión. ¡Oia!, eu xa sei que vostedes teñen unha diferente, pero, miren, non intenten impoñérllela aos demais, e non mintan. Porque —xa digo— volvemos retorcer a realidade. Chegan aquí dicindo que nese instituto ninguén fala galego, como se nese instituto o galego estivese ausente nas aulas. Non, iso é mentira, e sábeno perfectamente.

Precisamente hai un decreto que garante a presenza do galego en pé de igualdade coas outras linguas nese instituto, igual que en todos os demais de Galicia. Entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, volvemos á mesma. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ¿Como podo dicir iso? *(Murmurios.)* É que, mire, dígolle máis...,

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Houbo silencio durante todas as intervencións do resto... *(Murmurios.)*

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...non é necesario que o diga. *(Murmurios.)* Calquera cidadán...

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Si, imos parar o tempo. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, quero dicir que houbo silencio durante as outras intervencións, vostede non estaba ao mellor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Pois houbo silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non oín eu que se interrompera a ninguén dos que falou antes. Por tanto, tamén deben de respectar a quen está no uso da palabra. É a democracia. (*Murmurios.*) ¡Claro!

Vamos todos alá, veña.

Continúe, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Ben, moitas grazas, señor presidente.

Dicía que non é necesario repetilo nin dicilo, é que calquera o pode comprobar. Volvemos ao mesmo que dicía antes: a verdade, afortunadamente, ten un correlato empírico. Calquera pode ir a un instituto de Galicia e comprobar que o galego ten presenza en pé de igualdade con outra lingua. Polo tanto, deixen de mentir, deixen de mentir, porque ninguén os cre.

Entón, imos intentar falar dende a realidade, falar dende o sentido común, imos deixar dunha vez por todas de empregar a lingua como ferramenta de ataque partidista e imos intentar traballar para construír país, para facer unha análise rigorosa sobre a realidade da nosa lingua, para intentar traballar para mellorar a súa presenza en todos os ámbitos da sociedade, pero eliminando esa obsesión permanente de empregar a lingua como unha ferramenta de ataque partidista.

Porque, miren, cando empregamos a lingua como ferramenta de ataque partidista, estamos mandándolle unha mensaxe, desde o meu punto de vista, mala á sociedade, porque lle estamos dicindo que aquilo que nos une ten que ser argumento para separarnos. E mire, nós, modestamente, pensamos que nunca debemos intentar separarnos con aquilo que nos une.

Polo tanto, deixemos de xogar a este xogo, deixemos de intentar separarnos con aquilo que nos une e defendamos todos, de xeito colectivo, o consenso existente na política lingüística e a realidade da sociedade galega, que nos di: hai que defender o galego, hai que traballar a prol do galego, pero non nos debemos enfrontar politicamente polo uso da lingua, porque estamos finalmente acabando e firmando a acta de defunción en moitos casos do que podería ser un uso razoable da nosa lingua.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Réplica, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, e para que non se me olvide, tamén agradecer o apoio tanto do Partido Socialista como de En Marea a unha iniciativa en positivo, que foi o que nós trouxemos, unha iniciativa para avanzar.



Debater non é xerar conflito nin unha confrontación permanente, non, é abrir un marco para poder avanzar colectivamente. Porque é que, ademais, se consideran que abrir un debate sobre calquera asunto é xerar un conflito, unha confrontación case insoportable para o conxunto da poboación, están a punto de pedir que se disolvan os procesos electorais, ¿non?, (*Aplausos.*) é dicir, están ao bordo case de pedir que se disolva calquera proceso electoral. Debater, confrontar opinións, contrastar puntos de vista e proxectos políticos é democracia, e deberíamos facer moito por ela.

Cada día eu estou máis convencida —e dicíao tamén na miña primeira intervención—: chamabamos a volver ao consenso —se é que nalgún momentos vostedes estiveran nel— e eu creo que, despois da súa intervención, señor Fernández Gil, vostedes non estiveron no consenso na súa vida, (*Aplausos.*) ¡non estiveron no consenso na súa vida! Porque todo o mundo mente, todo o mundo mente, todo o mundo menos o Partido Popular, que está en posesión da verdade absolutísima, ¿non? Non o dicimos nós, que vai en contra dos dereitos lingüísticos e do recollido nese consenso do ano 1983 da Lei de normalización lingüística —e, por certo, tamén do Plan xeral de normalización da lingua galega do ano 2004, que para vostedes desapareceu, desapareceu tanto que nin o mencionou no seu discurso—. Non o dicimos nós, que vai contra os dereitos lingüísticos e que está a acelerar o proceso de desgaleguización no noso país; dino os datos do Instituto Galego de Estatística, os informes da Academia Galega, os informes do Consello da Cultura, os informes do Consello de Europa, as organizacións sindicais, os movementos de renovación pedagóxica e, por suposto, tamén o Bloque Nacionalista Galego.

Nós non rompemos consenso ningún, ningún. Recollemos, cando tivemos oportunidade, na súa literalidade o que poñía o Plan xeral de normalización lingüística —insisto, para refrescar as memorias—, apoiado e aprobado por unanimidade nesta Cámara.

E os obxectivos do ensino, do ámbito educativo, non é apenas que ti teñas a materia de Lingua e Literatura Galegas e adquiras coñecementos gramaticais ou léxicos ou literarios. Di literalmente o propio Plan xeral de normalización lingüística —insistimos en volver de novo, unha e outra vez, a eses instrumentos dos que se ten dotado este país de maneira unánime— como obxectivos da propia área do sector do ensino: «lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego» —vostedes paran de ler aí— «e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións». E iso non está pasando.

E di a Academia —por citar institucións que poidan ser recoñecidas minimamente por vostedes, pero é que xa nin iso, aquí acusouse de mentir a Academia Galega, o Consello da Cultura e mesmo o Instituto Galego de Estatística, que —non sei— deben estar ao servizo (*Aplausos.*) do Bloque Nacionalista Galego— e o que nos din todos os indicadores é que, a pesar de que nos temos dotado desde os anos oitenta do único marco garantidor ou que blinda os dereitos lingüísticos neste país —porque antes, nunca antes, existiran—, o que vai a realidade é nun sentido contrario. Vostede falaba dunha distopía, pero non deu un só dato, porque, cando baixamos a esa realidade dos feitos, da que vostede falaba, a realidade non fala nos termos nos que fala o Partido Popular.

Remato unicamente cunha cuestión. Nós traemos —insisto— unha proposta en positivo, demos un debate con datos, demos un debate apoiándonos naquelas institucións, naqueles



informes que sosteñen a realidade que o Bloque Nacionalista Galego, entre outros, está denunciando. Non é ningunha ferramenta de ataque partidista, como aquí se dixo. O único que usou a lingua en campaña electoral para enfrontar como arma arreboladiza —esa si—, para dividir a sociedade galega, foi o Partido Popular. (*Aplausos.*) E non no 2009 só, (*Murmurios.*) (*Aplausos.*), e non no 2009 só. Vimos dunha campaña electoral onde vostedes se presentaban ao Congreso dos Deputados cun programa electoral que atentaba contra os dereitos lingüísticos deste país. Iso tamén o sabe a sociedade galega. (*Aplausos.*)

Votación da toma en consideración do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para a reforma da Lei 1/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematada a votación, abran as portas, por favor.

Continuamos co punto terceiro da orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da planificación da Xunta de cara a continuar avanzando no reto dunha adecuada xestión do ciclo integral da auga

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, como saben, comparezo hoxe, por petición propia, co obxectivo de informar do traballo feito nos últimos anos en materia de augas, abordar o xa feito e tamén a planificación e os retos importantes que temos de futuro e que temos por diante: acadar unha adecuada xestión do ciclo integral da auga, unha tarefa que asumimos con responsabilidade dende o pasado mes de setembro, e temos ante nós esta nova responsabilidade para contribuír nesa xestión adecuada do ciclo integral da auga.



Unha tarefa na que é de suma importancia a prestación dos servizos de abastecemento e saneamento, que, como saben, é competencia exclusiva municipal, pero na que a Xunta quere implicarse, e, como quere implicarse, xa se está implicando nesta tarefa.

Comprometémonos a un traballo intenso para afrontar os retos que temos por diante, que son importantes, tendo en conta que é preciso adaptarnos, adaptar toda a xestión do ciclo integral da auga a este novo contexto de cambio climático no que estamos.

O certo é que non estamos dicindo que chova menos, pero si que o réxime de choivas está variando, tamén as temperaturas, e chove de forma diferente. Agora saben que hai escaseza de precipitacións durante un período máis longo e chove con máis intensidade en períodos moito máis curtos. Polo tanto, temos que anticiparnos e prepararnos para este novo contexto de cambio climático e non podemos relaxarnos. E o certo é que debemos de traballar todos coordinadamente, porque dende logo que o reto non é menor. Sabemos que non hai maior prevención que unha correcta planificación e tamén, por suposto, unha correcta coordinación e cooperación.

E non podemos esquecer —eu creo que todos os que somos responsables— o que aconteceu no ano 2017. Púxose de manifesto a vulnerabilidade de certos sistemas de abastecemento nese período de eventos de seca, e evidenciouse ese risco nos sistemas de abastecemento de competencia municipal. Eu creo que, co acontecido desde o ano 2017, todos debemos de aprender, poñer todos os medios e estar preparados e axudar por suposto as entidades locais nas súas competencias, tanto ante posibles evidencias de seca, ese risco de abastecemento ás persoas das nosas vilas e das nosas cidades, e tamén ante riscos derivados de inundacións, desbordamentos que se poidan producir por episodios de choivas moi intensas en períodos moi curtos de tempo.

Eu, ante este novo escenario de cambio climático, intentarei explicar as nosas accións para emprender, seguir e continuar ese camiño xa iniciado de estender os servizos de saneamento, abastecemento e depuración; tamén o camiño andado no saneamento integral das rías galegas; tamén o traballo de seguimento e control da calidade das augas dos ríos e das nosas rías, que si é competencia propia de Augas de Galicia a xestión do dominio público hidráulico en Galicia-Costa; e tamén ese labor de apoio técnico e financeiro constante ás entidades locais na execución e na xestión de infraestruturas hidráulicas, para dar cumprimento ás directivas europeas: á Directiva marco da auga, á Directiva das augas residuais e tamén á Directiva de xestión de riscos de inundación: unha colaboración e un traballo feito no que foi imprescindible a xestión ante Europa para conseguir fondos europeos, imprescindibles para Galicia.

Tamén quero falarlles das novas ferramentas que estamos a poñer á disposición dos cidadáns e dos concellos para colaborar e cooperar no exercicio das responsabilidades que temos todos conxuntamente no ciclo integral da auga. Traballar xuntos, polo tanto, neses obxectivos que deben ser comúns e debemos compartir todos. Prepararnos todos ante as novas necesidades en Galicia, nun contexto de cambio climático.

Como dicía, o réxime de choivas, dende logo, está cambiando, o certo é que Galicia evoluciona e as infraestruturas, por suposto, deben tamén evolucionar con ela. Temos que ser



máis eficaces e máis eficientes nese ciclo integral da auga, porque —xa digo— en materia de estradas, e por suposto tamén, e principalmente, en materia de augas, tan importante é facer infraestruturas como explotacións ben; facelas e mantelas. Non conservar adecuadamente unha instalación é como botar os cartos públicos polo desaugue. É un gran reto, polo tanto, que temos por diante para garantir a prestación dos servizos de abastecemento e saneamento a toda a cidadanía, e ademais conseguir tamén eliminar eses impactos negativos da pegada sobre o medio ambiente.

En liña, polo tanto, coa Directiva marco da auga, con esa nova perspectiva da xestión dese recurso, a auga non só é un recurso, senón que tamén é soporte de vida. A auga é un préstamo valioso da natureza que todos temos a obriga de preservar e de coidar, porque o certo é que todos sabemos que sen auga non hai vida.

A abundancia de auga foi un feito diferencial na cultura galega. Eu creo que está reflectida na nosa dispersión poboacional, nos cen mil ríos que nos conforman, ligados a múltiples aproveitamentos tradicionais. Temos a nosa singularidade, esa peculiaridade territorial que nos fai diferentes pero que tamén nos obriga a sumar esforzos e a colaborar conxuntamente.

Os concellos son os que teñen a competencia directa dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, outórgallela a Lei de bases de réxime local; unha lei que no 2013 reforza fundamentalmente o papel de colaborar, apoiar e auxiliar aos concellos as propias deputacións. O Goberno de España ten responsabilidade nesas obras de interese xeral do Estado en Galicia e tamén nas concas hidrográficas que el mesmo xestiona. E a Xunta tamén, a través de Augas de Galicia, como organismo de conca en Galicia-Costa, demarcación hidrográfica, ten a competencia en planificación hidrolóxica e a atribución de axudar nas competencias municipais aos concellos, como vimos facendo dende hai moitísimos anos; esa asistencia técnica e financeira ás entidades locais no desenvolvemento das infraestruturas hidráulicas necesarias para acadar o uso eficiente e responsable dos recursos hídricos. E sendo conscientes tamén de que ese esforzo require sensibilidade, coidado, implicación no uso responsable da auga por parte de todos, condutas responsables que entre todos debemos fomentar a través de campañas de sensibilización e actividades formativas e educativas.

Señorías, a mellora da calidade das masas de auga e do bo estado das augas tamén pasa polas nosas rías e os nosos ríos; unha materia prioritaria do Goberno galego na que estamos volcados, traballando con medidas, con actuacións, con investimentos, para contribuír de xeito eficaz a conseguir ese fin de saneamento integral das nosas rías galegas.

A base de todo é, principalmente, unha boa planificación; unha planificación que temos a gran escala, que é o Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, complementado, por suposto, en Galicia cos plans hidrolóxicos competencia do Estado, como pode ser a conca do Miño-Sil, que cuantifica a auga dispoñible, regula os usos e pon obxectivos de calidade. Pero tamén hai planificación a pequena escala, a planificación de detalle, imprescindible para acadar esa adecuada xestión do ciclo integral da auga. E aí están os plans de saneamento local que puxemos en marcha. Detectar as necesidades, planificar as obras no seu conxunto etc., porque o certo é que a auga non entende, no seu percorrido, dos límites municipais. Tamén precisamos da planificación técnica, con criterios técnicos, para axudar os concellos nunha materia na que



teñen a competencia; unha planificación técnica na que colaboramos coas universidades galegas para buscar diferentes solucións de depuración, por exemplo, que sexan máis sostibles. Aí temos as técnicas de drenaxe sostible xa postas en marcha, por exemplo, en Boiro, e a técnica e as lagoas para o tratamento das augas pluviais. E tamén o Plan de saneamento local, no que o que facemos é analizar palmo a palmo todo o sistema de abastecemento municipal existente, identificando a rede, os sistemas de depuración, os bombeos. Realízase diagnose concreta e completa, modernizando todo o sistema de saneamento e propondo solucións. Podemos ter múltiples exemplos, porque o certo é que, antes de ampliar unha depuradora, debemos analizar en profundidade a rede. Eu creo que calquera pode entender que unha depuradora que poida estar ao límite de capacidade, se vemos que a rede ten moitísimas infiltracións de augas pluviais, o seu non é duplicar a depuradora, senón actuar na rede; eu creo que calquera o pode entender. Igual que ter un bombeo ben programado pode dosificar o envío de augas residuais á depuradora. É, polo tanto, todo un sistema conxunto, depuradora-rede de saneamento-sistemas de bombeo, que debe de analizarse conxuntamente.

Tamén temos nesa escala de planificación de detalle o Plan de control de vertidos. Plan de control de vertidos en Galicia-Costa, que é onde Augas de Galicia ten a súa competencia; logo están as concas das confederacións do Estado. O obxectivo é identificar todos eses vertidos, identificalos e emendalos, da man dos concellos, para a súa eliminación.

Tamén estamos traballando a escala pequena nesas áreas de potencial risco de inundación, nesas concas en Galicia-Costa, para deseñar e tamén executar esas actuacións, da man dos concellos, para diminuír o risco de inundación, complementadas, por suposto, con novas ferramentas de avisos para axudar nos casos de emerxencia, como temos visto nos últimos anos. Non podemos, é certo, mudar a ocupación das marxes dos ríos por parte dos asentamentos poboacionais históricos, pero temos que buscar, conxuntamente, o xeito de diminuír eses riscos con avisos á poboación, con comportamentos axeitados, e facelo da man dos concellos, porque tamén é un asunto de Protección Civil, e eu diría que tamén urbanístico.

Tamén a esa escala pequena, a esa escala de detalle, temos o Plan de seca e esas análises e estudos de Augas de Galicia analizando e identificando a vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento.

Polo tanto, temos planificación a diferentes escalas e de diferentes tipoloxías, e o certo é que na última década temos logrado dun salto cualitativo enorme na extensión territorial dos servizos de abastecemento e depuración, resultado do esforzo conxunto das entidades locais que teñen as competencias, da Administración xeral do Estado, que ten competencias nas obras de interese xeral e tamén nas súas propias concas, e froito tamén, fundamentalmente, da aposta e do inxente traballo e investimentos da Xunta de Galicia para axudar os concellos nesa tarefa.

Grazas a ese esforzo realizado conxuntamente, o nivel de cobertura de infraestruturas da auga en Galicia nas últimas décadas foi realmente importante, especialmente en infraestruturas de depuración, vendo ademais o dato de onde partiamos. Hai trinta anos había unicamente cinco depuradoras, había sistemas de pretratamento, non de depuración, e o certo é que hoxe, trinta anos despois, estamos falando de cento corenta e oito depuradoras sistemas



de depuración nesas aglomeracións de máis de 2.000 habitantes equivalentes, e, polo tanto, máis do 90 % de cumprimento, neste ano 2019, nas directivas europeas de saneamento.

Pero hai que seguir traballando e sabendo as peculiaridades e as dificultades que temos en Galicia que nos diferencian do resto das comunidades autónomas: a dispersión territorial, que fai multiplicar os esforzos en materia de infraestruturas, tanto ao executalas como ao explotalas. Tendo presente isto, o modelo de saneamento e abastecemento nas áreas metropolitanas eu creo que calquera compartirá que non pode ser o mesmo que o modelo de saneamento e abastecemento nas áreas máis rurais. Unha peculiaridade, esa dispersión, que nos dificulta ás administracións, fundamentalmente aos concellos, xestionar esas infraestruturas nos concellos pequenos, que teñen dificultades técnicas e tamén económicas para unha mellor explotación dos sistemas. Unha peculiaridade e singularidade que, en canto á prestación de servizos en saneamento e abastecemento, se torna dificultade. Son, polo tanto, materias pendentes que debemos de afrontar e solucionar, pero, dende logo, conxuntamente, tanto en novas infraestruturas como en renovar tamén as propias redes de abastecemento ou saneamento que poidan estar obsoletas.

Falaba dos plans de saneamento local como piar básico, a escala pequena de detalle, para desenvolver actuacións concretas en materia de saneamento e apostar pola calidade das augas. Pois ben, no Goberno galego a protección das augas das rías é prioritaria. Estamos a falar da pesca, do marisqueo, do turismo, das nosas praias; un verdadeiro valor, tanto medioambiental como socioeconómico. E por iso nacen no ano 2009 eses plans de saneamento local nas rías galegas; un camiño no que é imprescindible a colaboración. Temos unha aposta clara e absoluta no saneamento das rías galegas por parte da Xunta de Galicia, e precisamos manter esa continua colaboración cos concellos, de maneira constante, para dar cumprimento ás directivas europeas que estamos obrigados a cumprir: a Directiva marco da auga, a Directiva de augas residuais, para acadar esa xestión eficaz e eficiente do saneamento integral das rías galegas.

De cara a avanzar a ese saneamento integral, vimos realizando un importante esforzo en planificación, en programación e tamén en investimentos, en infraestruturas. Puxemos en marcha, e aí están, os claros exemplos na ría de Arousa e na ría do Burgo, fitos importantes, aí están os resultados. A ría do Burgo pasou de clasificación de zona C á clasificación de zona B, e, polo tanto, pódense extraer moluscos. E continuamos con novos plans de saneamento local. Temos xa avanzado, aplicando a experiencia do xa feito, con resultados contrastados —como dicía—, na ría de Arousa e na ría do Burgo. Está aí o Plan de saneamento na ría de Pontevedra. Tamén estamos traballando no Plan de saneamento no sistema Cee-Corcubián, no Plan de saneamento na ría de Ares-Betanzos, nos plans directores en Betanzos e Sada, para identificar esa diagnose palmo a palmo, analizando a rede, os sistemas de depuración, os sistemas de bombeo, para identificar as actuacións necesarias. E outro exemplo máis é o Plan de saneamento local da ría de Noia.

Grazas á realización destes plans de saneamento, os concellos responsables desas infraestruturas dispoñen dunha información moi valiosa e dunha diagnose necesaria para exercer tamén as súas propias responsabilidades correctamente en materia de xestión do ciclo integral da auga.



O certo é que nos últimos dez anos tamén dende a Xunta de Galicia temos realizado un importante esforzo en materia de infraestruturas de saneamento e depuración, prestando asistencia aos concellos. E dende o ano 2009 o esforzo en materia de augas realizado pola Xunta de Galicia ten sido realmente moi importante.

Temos mobilizado máis de 1.100 millóns de euros nesta materia; realizáronse 350 actuacións de saneamento que beneficiaron a 165 concellos. Polo tanto, feitos concretos, infraestruturas postas ao servizo dos cidadáns, en concreto corenta e cinco novas depuradoras de augas residuais, que permiten dar capacidade a 1,5 millóns de habitantes equivalentes máis, engadidos aos que xa tiñamos no ano 2009, e, polo tanto, un 39 % máis na Directiva marco de saneamento. Infraestruturas que hai que facelas e tamén mantelas. Polo tanto, un importante salto en materia de cumprimento da Directiva de augas residuais de 39 puntos por encima, dende o ano 2009, en materia desta directiva.

Temos exemplos significativos: a depuradora do Lagares, en Vigo, máis de 80 millóns de euros financiados pola Xunta de Galicia para cumprir coa norma comunitaria e acadar unha mellor calidade das augas na ría de Vigo; saneamento de Ribeira, que agora cumpre tamén os requisitos comunitarios grazas a un investimento de máis de dezaoto millóns de euros; o saneamento da ría do Burgo, cun investimento superior aos cen millóns de euros, grazas a ese plan de saneamento local que impulsamos dende a Xunta de Galicia, e a día de hoxe —como dicía— pódese realizar actividade marisqueira. Contribuímos tamén ao financiamento da depuradora de Bens, necesaria na área da Coruña, e ao emisario para mellorar a calidade das augas. Polo tanto, actuacións importantes que agardo que na ría do Burgo sexan correspondidas polo Goberno de España e se continúe coa rexeneración e a dragaxe desta ría, que é competencia estatal, e que se sume ao compromiso do saneamento integral da ría do Burgo.

E traballando e garantindo con estes inxentes investimentos máis actuacións, como as que estamos levando a cabo na Xunta de Galicia, de control, vixilancia, inspección e saneamento das instalacións, instalacións que entregamos aos concellos para a súa correcta explotación.

Dende o ano pasado levamos controladas 148 estacións depuradoras xestionadas polos concellos, aos que axudamos e asesoramos para que se exploten correctamente. Cada ano vimos realizando máis de catrocentas visitas, e pódolles anunciar que realizamos preto de mil inspeccións anuais para asesorar os concellos neste sistema de depuración, nestas depuradoras, para que se exploten correctamente; información útil que axude os concellos para —insisto— non só facelas, senón tamén mantelas, que é tamén moi importante.

Cómpre tamén destacar esa intensa campaña do Plan de control de vertidos, no que inspeccionamos, controlamos eses aportes contaminantes ao dominio público dende terra ao mar, que é onde temos competencias en Galicia-Costa e en Augas de Galicia, e emendáronse máis de cincocentos vertidos contaminantes no dominio público marítimo-terrestre, dos que a meirande parte foron emendas dos vertidos das rías galegas.

Polo tanto, cos datos na man podemos afirmar ese importante esforzo en materia de planificación e en materia de programación, en investimentos en control de vertidos na última década, que nos permitiu dende a Xunta de Galicia, colaborando conxuntamente, dar un



paso de xigante no saneamento da rías galegas, un salto cualitativo en tres aspectos fundamentais, na mellora e na extensión dos servizos de saneamento e depuración.

Como dicía, incrementamos a capacidade de depuración en 1,5 millóns de habitantes equivalentes, aquí temos a gráfica. A gráfica dende o ano 2009 ao ano 2019, miren o salto exponencial, un salto de xigante. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pasamos de 1,8 millóns de habitantes equivalentes a 3,3 millóns de habitantes equivalentes con sistema de depuración, polo tanto, un salto importantísimo. A alguén non lle gusta, pero o certo é que este salto de xigante aí está, en materia de saneamento e depuración, axudando aos concellos na súa competencia.

Un salto cualitativo tamén na mellora da prestación dos servizos. O 90 % das aglomeracións urbanas cumpren xa a directiva de augas residuais, como dicía anteriormente. E tamén na mellora da calidade das augas da nosas rías. Dende o ano 2009 ao día de hoxe, subiuse dez puntos porcentuais na mellora da calidade das augas que están en bo estado, polo tanto, o 76 % das masas de augas están bo estado, dez puntos porcentuais superior. En calquera caso, non nos damos por satisfeitos e temos que seguir traballando conxuntamente polo saneamento integral das rías galegas, explotando ben as infraestruturas xa feitas e facendo as infraestruturas que faltan, que temos programadas, da man das entidades locais, executando esas obras pendentes.

Por iso, imos seguir impulsando e executando novas actuacións para axudar aos concellos. Aí temos a nova depuradora de Viveiro, que está programada. Temos os fondos, temos os cartos conseguidos ante a Unión Europea. Para solucionar os problemas de funcionamento, agardamos contar con toda a documentación municipal do Concello de Viveiro para seguir avanzando. A nova depuradora de Foz, que está tamén programada e estamos traballando. En Ferrol o saneamento na Malata, que temos ultimado un investimento de 7 millóns de euros para completar todas as actuacións de saneamento integral na ría de Ferrol. O proceso de adjudicación da depuradora de Placeres, con máis de 16 millóns de euros, que queremos complementar con esa actuación do emisario submarino. Temos o máis importante, que son os cartos, e tamén os proxectos. E queremos dar cumprimento ás indicacións da Comisión Europea para o saneamento integral da ría de Pontevedra.

Colaborando co Estado, eu agardo ver tamén avances como pode ser tamén na depuradora de Raxó, que tamén inflúe no saneamento integral da ría de Pontevedra. E de xeito paralelo ao coidado das rías, non podemos esquecer tamén esa xestión e custodia dos ríos galegos, que é o noso patrimonio natural e único.

O coidado e protección no que é en Galicia-Costa son 15.000 quilómetros de ríos. Saben que hai outras concas en Galicia que son competencias do Estado. E promovemos unha nova cultura fluvial onde a atención e a custodia dos nosos ríos non só é un traballo dunha administración concreta, senón que é un traballo conxunto de todos, un labor de toda a sociedade, e tomar conciencia plena de que os ríos tamén permiten o equilibrio dos nosos ecosistemas. Aí vai encamiñado o Proxecto ríos, no que colaboramos con Adegas, que vimos renovando anualmente. De feito, acabamos de renovar hai pouco o novo convenio para desenvolver xunto con Adegas o Proxecto ríos, que implica a protección dos ecosistemas fluviais impli-



cando a toda a sociedade; un programa de educación e voluntariado que vimos desenvolvendo conxuntamente Xunta de Galicia e Adega.

Temos tamén aquí moi presente, ademais, as infraestruturas necesarias para depurar as augas residuais que van aos nosos ríos, e vimos colaborando cos concellos nunha xestión axeitada desas infraestruturas municipais, ao tempo que velamos pola estrita e constante eliminación deses vertidos que vimos facendo dende Augas de Galicia, controlando o cumprimento dos parámetros de vertidos, xestionando as alertas dos vertidos ao dominio público hidráulico e tamén asesorando —como dicía— aos concellos nos propios sistemas de depuración dos que son titulares os concellos.

Tamén con novas medidas normativas. Ese novo decreto de Augas de Galicia que estamos tramitando para facilitar a execución de obras menores. Evitar a autorización e que se permitan facer unicamente cunha declaración responsable, facilitando esas obras menores. Estaríamos a falar de 500 solicitudes que se beneficiarían, que pasarían de ser autorización a soamente unha declaración responsable; unha simplificación administrativa importante que permitiría dar facilidades a calquera persoa que queira facer un retellado ou cambiar unicamente as fiestras na zona de dominio público, que saben que é de cen metros da marxe do río, para que o poida facer cunha declaración responsable.

Tamén son esenciais os traballos de limpeza e conservación dos ríos; un programa de mantemento nos ríos de Galicia-Costa, que é onde ten as competencias Augas de Galicia, e a mellora dos leitos fluviais. Por iso fixemos unha guía para a conservación e a xestión dos ríos galegos, cunha maior coordinación coas administracións locais onde temos competencias, que —repito— é Galicia-Costa.

Consideramos importante establecer eses criterios homoxéneos e protocolarizar esas actuacións para a conservación dos ríos en Galicia-Costa. Por iso fixemos e publicamos esa guía, para facilitar a mellor xestión e coidado dos nosos ríos, tendo presente o novo contexto de cambio climático, para protexernos máis contra inundacións. É unha guía que clarifica as responsabilidades, o traballo conxunto, que dá maior transparencia e identifica os treitos interurbanos competencia da Xunta de Galicia e os treitos urbanos que son competencia das entidades locais porque así o di o propio Plan hidrolóxico nacional do ano 2001, no seu artigo 28.4, e tamén as propias sentenzas do Tribunal Supremo, que indican cales son eses treitos urbanos dos ríos.

Queremos axudar os concellos nas súas competencias, por iso puxemos á súa disposición esta nova ferramenta, esta guía, e tamén un visor GIS na páxina web de Augas de Galicia, para facilitar sobre un mapa identificar eses treitos urbanos. Dos 15.000 quilómetros de ríos en Galicia-Costa, o certo é que son 300 practicamente, non chegan a 300 quilómetros, os ríos de treitos urbanos, o resto serían treitos interurbanos.

Hai que ter en conta que para a Administración autonómica, ademais da conservación e mantemento do ríos, no que estamos investindo millóns de euros ao ano para a súa limpeza, tamén é importante traballar para protexer a poboación das enchentes. Agora, co novo contexto de cambio climático, hai que estar máis preparados e mais vixilantes. Aí temos esas



zonas de risco potencial de inundación, que xa temos definidas e delimitadas dende hai tempo, e o certo é que axudamos aos concellos cando hai situacións excepcionais e actuamos de xeito inmediato. Temos exemplos como en Viveiro, nese treito urbano onde aconteceron esas enchentes. Foi unha emerxencia e, dende logo, temos que lamentar o sucedido, pero nos puxemos dende o primeiro día a traballar e puxemos á disposición investimentos de 100.000 euros para arranxar. E agardamos traballar conxuntamente para que non volva ocorrer.

Do mesmo xeito que falamos de inundacións, temos que prepararnos tamén para ese outro problema derivado do cambio climático como é a seca. Á falta de auga non é que esteamos acostumados en Galicia, pero o certo é que é un asunto que a medida que pasan os anos cobra maior relevancia. Eu creo que non teño que volver remitirme ao ano 2017, que todos o lembramos, pero todas as administracións debemos planificar, prepararnos e afrontar conxuntamente este novo desafío que temos por diante: realizar unha xestión da auga responsable e sustentable por parte de todos; evitar riscos para garantir o abastecemento e a subministración de auga en calidade e tamén en cantidade á poboación; e dar respostas áxiles e acertadas.

Neste sentido, como saben, a Lei de bases de réxime local determina a prestación do servizo público de abastecemento como unha competencia municipal, pero no Goberno galego temos clara a necesidade de que nos temos que implicar, e estamos implicándonos e apoiando neste servizo, asistindo as administracións locais, colaborando e axudándoas. De feito, dende o ano 2009 acometemos 300 actuacións en materia de abastecemento que beneficiaron a 186 concellos galegos, avanzando nas garantías de subministración de auga á poboación. Temos moitísimos exemplos, como no sistema Ames-Brión, tamén en Monforte e tamén en Cervo-Burela.

Tamén avanzamos no ámbito normativo co Plan da seca, da demarcación de Galicia-Costa; un plan que é un instrumento propio para avaliar a toma de decisións, adoptar medidas e minimizar os efectos adversos desta situación de falta de auga; un plan que recolle medidas relacionadas coa utilización da auga, do uso responsable, intensificar o aforro e acadar un aproveitamento aínda máis eficiente, limitando o uso da auga, priorizando os usos que son prioritarios e asegurando o abastecemento á poboación.

Malia todo, é necesario tamén que os concellos teñan os seus propios instrumentos para xestionar estes episodios de seca, para actuar con dilixencia e tamén con eficacia. Dende a Xunta de Galicia por iso estamos avanzando na lei de medidas de garantías de abastecemento, para axilizar a resposta en episodios de seca en situación de risco sanitario, un instrumento xurídico que queremos que sexa útil e eficaz para axudar nesa tarefa, ordenar e delimitar todas as ferramentas para coordinarnos entre todas as administracións, para garantir o abastecemento en períodos de seca con medias específicas, sobre todo onde temos máis competencias, que é en Galicia-Costa.

Un proxecto de lei de medidas de garantías de abastecemento. Podo avanzar que nas vindeiras semanas estaremos en condicións de aprobalo no Consello da Xunta e traelo a esta Cámara. E aproveito para pedir colaboración e sensibilidade a todos os grupos da Cámara para unha materia tan importante como é o uso responsable da auga. Polo tanto, insisto na



responsabilidade de todos por un uso responsable da auga, e tamén o pido nesta Cámara por parte de todos os grupos políticos.

É unha lei que incide en aspectos importantes, como a necesidade de que as administracións locais se doten de instrumentos adecuados para xestionar episodios de seca, os plans de emerxencia ante a seca. Quero incidir tamén en que as propias deputacións, ás que xa lles outorga a lei no 2013, con máis intensidade asistan e apoien aos concellos nestes plans de emerxencia, que consideramos imprescindibles, sobre todo no que vimos nos últimos anos: contar cos plans de emerxencia en cada un dos concellos ante a seca.

O certo é que os concellos de máis de 20.000 habitantes están obrigados por lei básica estatal. Non é que o diga a conselleira nin unha lei autonómica, dío a lei básica estatal de hai moitísimo tempo: que se doten destes plans de emerxencia de seca os concellos de máis de 20.000 habitantes, están obrigados a facelo. Pero o certo é que non temos a día de hoxe ningún concello que teña aprobado o seu plan de emerxencia fronte á seca. Estamos dispostos a axudar e queremos axudar, por iso imos convocar unha orde de axudas para que os concellos se doten de plans de emerxencia fronte á seca propios, dotada con 250.000 euros, enfocada máis fundamentalmente para os municipios pequenos, que son os que teñen máis dificultades. Financiaremos o 80 %, e agardamos que as deputacións se impliquen tamén nesta materia tan importante, a responsabilidade do uso responsable da auga, e que nos dotemos nos concellos e nas entidades locais dese plan de emerxencia de seca. Unha orde axudas que acabamos de aprobar no Consello da Xunta hai pouco, e que este mesmo mes publicaremos no *Diario Oficial de Galicia* para axudar os concellos na elaboración dese plan de emerxencia antisequía.

Creo persoalmente que é necesario que se subsanen os problemas actuais nas redes de abastecemento; evitar perdas en rede, na rede de abastecemento. Eu agardo que o compartan comigo. Creo que temos estudos e temos datos que indican que hai perdas nas redes de abastecemento de titularidade municipal que alcanzan o 40 % de perdas en rede. Eu creo que isto non o podemos permitir, e, dende logo, isto non é nada eficiente, o 40 % de perdas en rede. Polo tanto, debemos realizar unha axeitada explotación, un bo mantemento e tamén esa renovación de redes para evitar perdas en rede.

Nesa liña tamén vai a Lei de garantías de abastecemento, e teremos en conta a solicitude do presidente da Fegamp, establecendo un período de dous anos para que os concellos poidan facer esas auditorías para identificar e concretar onde se atopan as perdas en rede; e tamén un período razoable, posterior a eses dous anos de auditorías, para realizar as obras necesarias para arranxar e evitar esas perdas en rede.

De cara a garantir os investimentos de futuro, realizamos xa xestións ante Europa e trasladámoslles ás autoridades competentes o impulso e a necesidade de fondos europeos para garantir esas infraestruturas sostibles para un uso eficiente e sustentable da auga, e tamén fondos europeos para evitar esas perdas en rede. Dende logo, evitar perdas en rede é do máis sustentable que podemos ter en materia de abastecemento; na miña opinión, dende logo.

Agardamos complicidade do Goberno de España para que esta liña de fondos europeos para evitar perdas en rede se poida conseguir ante a Unión Europea. Dende logo que abriría moi-



tísimas posibilidades para mellorar o ciclo integral da auga e garantir o abastecemento en zonas como, por exemplo, Vigo, e poder optar aos fondos comunitarios nunha materia tan importante como esta.

Remato xa. Creo que nesta primeira intervención intentei resumir o traballo feito nos anos pasados e tamén as liñas de futuro nas que estamos avanzando. Neste contexto de cambio climático no que temos que anticiparnos, temos que prepararnos todos. Eu intentei explicar as medidas e a estratexia para combater os efectos do cambio climático, para garantir a correcta explotación do ciclo integral da auga, a correcta e adecuada xestión do ciclo integral da auga. Creo que nos debemos de implicar todos, tamén os grupos políticos. Hai moito camiño andado, queda moito por facer, e eu agardo que nesta folla de ruta de futuro que temos avanzado para unha mellora da xestión teñamos achegas construtivas nesta Cámara que sexan viables e que sexan serias. En calquera caso, na miña seguinte intervención estou á súa disposición para aclarar calquera cuestión.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Iniciamos a rolda dos grupos parlamentarios. Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Está o ambiente un pouco frío. A ver se o caldeamos un pouco, porque aí nas bancadas séntese un pouco de frío.

Señora conselleira, benvida de novo á sesión de comparecencias, que foi, loxicamente, pedida por vostede, aínda que non entendemos moi ben, despois de escoitala, a que veu aquí, que veu contarnos. Realmente, ningunha novidade. Non sei se lle tocou por rotación do Goberno vir, pero se non tiña nada máis que contar que isto que nos dixo aquí, realmente o balance, tanto do pasado como para o futuro, sobre todo para o futuro, parécenos realmente pobre, moi pobre. Poñémoslle un suspenso, señora conselleira.

Claro, porque... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Eh? Un suspenso incluso pode ser peor.

Este balance é de dez anos, e vostede ten que ver moito nese balance. Veunos aquí dicir que a súa responsabilidade empezou en setembro do 2018, pero vén de máis atrás, porque vostede foi directora de Augas de Galicia, ou presidenta de Augas de Galicia, xa no ano 2009; despois foi conselleira de Medio Ambiente con competencias en materia hidráulica, sucesora do nunca ponderado señor Hernández y Fernández, ou Hernández y Hernández, o protector dos ríos, como sabemos. Tivo vostede moita responsabilidade nesta materia ao longo de todos estes anos. Entón, como é tempo de facer balance, para nós o balance resúmese nun dobre «p»: parálise e propaganda. Parálise, porque vostedes están nunha especie de piloto automático. Eu creo que están deixando que pase o tempo de aquí ao final da lexislatura. Son gobernos sen pulso, sen impulso, e aí están os feitos. Vostedes eran unha especie de orquestra do Titanic pero agora estanse convertendo nunha especie de



banda nun catamarán, nin sequera chegan a transatlántico, van a menos, van en declive, e isto é realmente preocupante.

¿E que pasa? Que tentan tapar a parálise con propaganda, señora conselleira, e remítome ao DOG. Vostedes acaban de adxudicar un contrato de 3 millóns de euros, de vinte meses, curiosamente ata final do mandato, para facer a campaña de propaganda da súa consellería nos tres pés que ten o seu departamento, que son: augas, seguridade viaria e mobilidade.

Tres millóns de euros aos que lle hai que sumar tamén —fíxese, este contrato xa está adxudicado a unha empresa que se chama JJ— outro que está en tramitación, é un plan estratéxico de elaboración de contidos e medios. (*Murmurios.*) Despois teñen outro, ademais, da elaboración de vídeos institucionais e infografías. É unha pena que non o tiveran xa adxudicado, porque así non viña vostede con este papelucho que nos ensinou aquí desa gráfica, que realmente é moi pobre, señora conselleira, (*Aplausos.*) Debían ter medios para facer unhas infografías un pouco máis chulas. En infografías mal, a ver se con este contrato, que son 102.000 euros, lles dá para facer uns cantos vídeos promocionais e propagandísticos de aquí ao final da lexislatura, que é o seu principal obxectivo e prioridade nestes vinte meses que lles quedan. Xa fixeron o contrato para os vinte meses, se non se adiantan, claro.

Parálise, desidia, desfeita, e se tivésemos que poñerlle tamén unha nota de cor a este balance, diríamos que é un balance marrón, ou negro, pero máis ben marrón, tendo en conta a calidade das augas das rías galegas. É moi marrón, aquí hai moi pouco azul, moi pouco verde, e moito marrón e moito negro.

Temos abondosas probas de que isto, en realidade, en primeiro lugar, é unha cuestión que di moito do seu labor e da súa responsabilidade, que é a execución orzamentaria, señora conselleira. Vostede sabe perfectamente que no ano 2018, no capítulo de planificación e xestión hidrolóxica, reduciuse a partida de 38 millóns en 25 millóns por unha falta absoluta de capacidade de xestión, ¡como se non houberse obras para facer en materia de xestión hidrolóxica para prescindir de 25 millóns de euros! Pero isto foi así durante os dez anos, deixaron sen executar preto de 200 millóns de euros en todo o período.

Segundo: o incumprimento da súa propia normativa e a incapacidade de planificación. Vostede dixo aquí que as competencias son exclusivas dos concellos. ¡Falso!, porque hai unha lei de augas que establece claramente cales son as competencias de cada Administración e di cales son as competencias da Xunta en materia de obras de interese xeral da comunidade, por exemplo, ou en materia de depuración. Teño aquí a lei, que non mente. Vostede era responsable de Augas de Galicia cando se fixo esta lei, saberá do que estamos a falar, ¿non? «Declárase de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o Servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito material comprende a regulación, planificación e aprobación definitiva de proxectos, construción etc. »

É competencia da Xunta. ¿Que pasa? Que vostedes non fixeron a planificación necesaria, porque esta lei tamén di que hai que facer un Plan xeral galego de abastecemento e un Plan xeral galego de saneamento. ¿Onde está o Plan galego de saneamento? ¿Ou é que vostedes fan as casas empezando polo tellado? Efectivamente, hai que facer plans locais, pero antes



de facer os plans locais hai que facer o Plan xeral galego, e está sen facer. No Plan hidrolóxico de Galicia-Costa hai unha partida para facelo, e ese plan remata en 2021. ¿Cando van facer o Plan galego de saneamento, señora conselleira?

Por certo, os plans locais de saneamento teñen un procedemento de tramitación que está escrito no Regulamento da lei. ¿Cando pensan cumprir ese plan? Porque hai períodos de exposición pública, de consulta aos concellos, ¿cando van facelo? Co de Pontevedra levan tres anos, non sei se nalgún momento o van facer público e abrir á consulta e ás achegas das administracións afectadas.

Outra cuestión pendente que está na lei e que non cumpriron, señora conselleira. ¿Cando van crear o Consello para o uso sustentábel da auga? Porque este consello está previsto na lei e está sen crear, e é un órgano fundamental para informar, precisamente, toda a planificación. E fíxese que fala do uso sustentábel da auga ao que se referiu vostede. Pois se temos un consello, poderemos facer fincapé e darlle un exemplo tamén á cidadanía acerca do compromiso do Goberno sobre esta materia.

E baixando a cuestións máis terreaís, ou acuáticas, se quere, no abastecemento de auga, no tema de Vigo e a súa área —porque non é só Vigo—, vostedes levan anos peloteando nesa confrontación absurda entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo con esta cuestión, sen darlle solución. Non é so un problema de Vigo, é un problema de toda a área territorial, de máis de 400.000 habitantes.

E no Plan hidrolóxico Galicia-Costa, que vostede citou aquí, hai 20 millóns de euros neste período para investir, e todo o que conseguiron despois de todos estes anos é asinar un convenio de 200.000 euros, que traballo costou, e xa o están bombardeando agora, porque xa están de novo na confrontación outra vez, que non poden estar tres días de tregua, e xa volveron outra vez a sacar o machado de guerra contra o Concello de Vigo, como vimos estes días.

Pero aquí o grande problema é a situación das rías. Vostedes presumen de que investiron máis de 1.100 millóns de euros, cousa que non é certa porque aí tamén están incluídos —supoñemos— os investimentos do Estado nas grandes depuradoras e tamén os fondos da Unión Europea, loxicamente, pero tamén os fondos do Estado, para converter moitas das rías, a maior parte das rías, en auténticos pozos negros.

As rías están nunha situación de alerta vermella, están nunha situación de emerxencia, señora conselleira, e iso non pode ser. Podemos falar da ría do Burgo, da ría de Ferrol, da ría de Pontevedra, da ría de Arousa. Hai un informe terrorífico da Universidade de Vigo sobre a ría de Arousa, coas ameazas que ten agora tamén e que están saíndo estes días na prensa.

E sobre a de Pontevedra xa lle dixen. Falou vostede aquí da nova depuradora, que é un parche, porque son 16 millóns de euros e non vai resolver o problema, pero é a súa responsabilidade. Igual que o emisario, que está saíndo agora nos vídeos. Dáballe para un bo video desa campaña que van facer toda a merda que está botando o emisario na ría de Pontevedra; e é un emisario, unha depuradora, que é responsabilidade da Xunta de Galiza.



Por certo, vostedes plantexaron nestas eleccións municipais un plebiscito sobre a permanencia de Ence na ría de Pontevedra e perderon ese plebiscito, porque houbo 15 concelleiros e concelleiras na corporación, elixidos, que defenden a saída de Ence da ría. *(Aplausos.)* E o próximo sábado haberá un alcalde do BNG no concello de Pontevedra, a pesar de toda a campaña de chantaxes, de presión e de acoso que fixeron vostedes. *(Aplausos.)*

Pero, claro, esqueceulle a vostede un asunto importante, ¿onde está o Pacto local da auga? Vostedes que levan dende o ano 2013 pregoando o Pacto local da auga; anunciando despois Beatriz Mato, no 2017, que xa ían dar un impulso. Hai dous documentos que están gardados nos caixóns, que non dan aprobado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Vostede non falou deste tema. ¿Cando van aprobar o Pacto local da auga? Por certo, sobre o que hai un acordo parlamentario do 2017, impulsado polo Partido Popular, con dúas cuestións fundamentais: estrutura tarifaria, que ten moito que ver tamén co aforro e co uso sustentábel da auga, e a planificación dos investimentos para evitar o uso partidista que fan vostedes das institucións, derivando grandes cantidades de diñeiro. Direillo hoxe e direillo mañá tamén, un uso absolutamente partidista dos fondos públicos. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará. Ten vostede despois outro turno. Rematou o seu tempo.

O señor BARÁ TORRES: Remato xa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Xa van cincuenta segundos!

O señor BARÁ TORRES: E a solución pasa por...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Está rematado o seu tempo. Despois ten outro turno, señor Bará.

Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todos os deputados e deputadas.

Bo día, conselleira de Infraestruturas.



Auga, lume, terra e ar. Vou citar a Shakespeare: «*Yo he oído decir que el gallo, trompeta de la mañana, con la alta y aguda voz de su garganta sonora despierta al Dios del día y que a su anuncio todo extraño espíritu errante en el mar o el fuego, en la tierra o el aire, huye hasta su confín*». Auga, lume, terra e ar, son os catro elementos que os presocráticos iniciaron como os catro elementos da natureza. Pero vostedes racharon cos presocráticos, porque agora a auga xa non forma parte da natureza, agora a auga forma parte do mercado e das infraestruturas. Por iso vén vostede aquí.

E di: «Asumimos con responsabilidade dende o mes de setembro» A auga existe dende bastante antes e a natureza tamén. «Nun contexto de cambio climático ao que nos temos que anticipar». Non, xa non nos podemos anticipar, porque levan vostedes máis de trinta anos gobernando Galicia, e anticiparse nestes últimos dez anos de Goberno é difícil porque o cambio climático xa está aquí e vostedes non se anticiparon cando se tiñan que anticipar. ¡E advertencias había!, pero, ¡claro!, estaba ese primo de Mariano Rajoy que dicía que iso do cambio climático pois... ¡había que velo!, que non era seguro. Vostedes xa non se poden anticipar a nada. Vostede pode vir aquí contarnos esas milongas que nos acaba de contar, pero nada máis.

E non debería estar aquí vostede, debería estar aquí a conselleira de Medio Ambiente. ¡Claro!, pode ter algo que ver con que a conselleira de Medio Ambiente fose alcaldesa de Melide no seu día e que dende o ano 2011 o río Furelos estea tan contaminado que non se poida bañar ninguén na praia fluvial, ano tras ano, dende o ano 2011. (Aplausos.) E, claro, ¿como vai vir falar do ciclo da auga e da depuración unha muller que foi responsable, como alcaldesa, dun concello no que a depuración é un desastre? O ciclo da auga, que é a captación, o abastecemento e o saneamento; a depuración tamén, polo tanto.

No ano 2000 a Asemblea Xeral de Nacións Unidas declarou dereito humano, dereito fundamental, o acceso básico á auga e ao saneamento, porque ten conexión coa vida e coa dignidade das persoas. É dicir, isto da eficiencia, da eficacia, o mercado e as infraestruturas do que nos veu falar vostede non é o enfoque. Non é o enfoque, conselleira, ese é o problema. Vostede tiña que vir falar aquí do acceso á auga como un dereito fundamental, esa é a cuestión, ese é o enfoque para entender de que vai este rolo do ciclo da auga, non falar de infraestruturas e dar datos de millóns de euros como falou vostede, pero non nos dixó en que se concretan. Iso non é serio, conselleira.

Nos dous últimos anos tivemos unha seca á que xa nos temos que acostumar por ese cambio climático ao que xa non nos podemos anticipar. No ano 2017 o déficit de precipitacións era case dun 50 %, e iso pode volver ocorrer por ese cambio climático ao que xa non nos podemos anticipar. E xa non podemos confiar nesas concas que tradicionalmente tiñan capacidade de aportar auga a outras porque, probablemente, esas concas tamén teñan déficit nalgún momento.

Nós cremos que é precisa unha xestión integral deste ciclo da auga, pero entendendo o acceso á auga como un dereito fundamental de todos os cidadáns a este recurso. Ese —cremos nós—, primeiro, é o enfoque da Unión Europea e é o enfoque do Goberno de España, e cremos que debería ser o enfoque da Xunta de Galicia; unha garantía que abarque o abastece-



mento, a calidade, a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible dos vertidos das augas residuais, e vostede non falou para nada da protección dos ecosistemas acuáticos, ¡como se non tivese que ver en absoluto coa auga!

Creemos que é precisa unha auditoría hidrolóxica e que vostedes saquen adiante unha lei de transición hidrolóxica para Galicia. Nós propoñémoslles que haxa unha Lei de transición hidrolóxica e tamén que adopten medidas de consumo responsable. Vostede non falou para nada dos acuíferos, nin dos caudais ecolóxicos, nin da xestión do uso diario da auga de consumo, comezando dando exemplo a través dos edificios públicos —nin o mencionou—. Non falou para nada de dar prioridade aos procesos de potabilización, nin tampouco desas campañas de concienciación, que a min me gustaría saber onde están.

Precisamos que tomen decisións xa, estas decisións e moitas outras. E digo xa porque no Consello da Xunta do 1 de marzo de 2018 se falou da elaboración dun proxecto de lei de medidas en relación coa utilización dos recursos hídricos. Abríase nese momento un período de estudo coa Fegamp vía axentes implicados; non sabemos que pasou. Naquel Consello da Xunta falouse dunha lei de medidas ante eventos de seca e outras situacións excepcionais —estamos a falar de marzo de 2018, estamos en xuño de 2019—. Falouse incluso naquel Consello dun Plan especial para a mellora de vixilancia da calidade da auga para o consumo humano; plan que, por certo, xa existe, teno a Consellería de Sanidade dende o ano 2016. En abril daquel ano, 2018, reuníase o Consello Reitor de Augas de Galicia e falaba desa lei de garantía de abastecemento de auga á poboación que vostede nos acaba de anunciar aquí.

Estamos a falar de abril do ano 2018 e estamos en xuño de 2019. Nin leis —acábolle de dicir tres leis—, tres anuncios de tres leis das que non sabemos absolutamente nada; exactamente igual que non sabemos nada das súas promesas no seu programa electoral: regulamento do ciclo integral da auga; pacto local pola auga a través dun convenio; pequenos sistemas de abastecemento e depuración nos concellos —vostede que está tan preocupada polas fugas—; modelo único para a xestión dos sistemas de depuración que están entre os concellos e a Xunta; sistema tecnolóxico de mellora da eficiencia na xestión das infraestruturas hidráulicas. Todo isto estaba no seu programa electoral, pero nin leis nin programa electoral, e o peor, nin orzamentos, datos orzamentarios, agora que Augas de Galicia non recibe ningún tipo de axuda por parte da consellería —de ningunha consellería— porque ten fondos propios, e os ingresos, ademais, fóronse incrementando.

No ano 2009 o orzamento para o conxunto de obras hidráulicas rondaba os 177 millóns de euros —2009—. Para o 2019, 92 millóns; un descenso dun 48 % para o 2018, pero hai que sumar o descenso para este ano 2019 dun 9 %, máis ou menos. Os orzamentos soben, para a infraestruturas hidráulicas baixan.

E a execución orzamentaria, Conta Xeral da Comunidade Autónoma para 2016 e 2017, que son os últimos datos que temos, revélanos unha xestión absolutamente nefasta. No ano 2016 e 2017, cunha partida inicial de 107 millóns de euros para investimentos en infraestruturas hidráulicas, vostedes deixaron de gastar 79 millóns de euros; de 107, só gastaron 27. É dicir, nin leis nin programa electoral, 57 % menos de orzamento que no ano 2009, e deixan de executar 79 de 107 millóns de euros en 2016 e en 2017. Efectivamente, o que vostede dixo



antes: un salto cualitativo e cuantitativo na última década, efectivamente. E logo, ese apoio financeiro constante aos concellos a través dos convenios que atopamos con Augas de Galicia, que nos gustaría saber como se elixen, con base en que criterios, conselleira. ¿Como vai ir ben a depuración das augas residuais con estes datos económicos? ¡É imposible!

Ría de Pontevedra, de Ferrol, do Burgo, de Noia, de Arousa... — ¡vostede nin mencionou a Ría de Arousa! —, de Viveiro. As edar de Praceres, de Poio, de Ribeira, de Viveiro, de Santiago de Compostela, de Bertamiráns, de San Miguel de Reinante —en Barreiros—. Conselleira, vostede dixo a frase seguinte: «¿Como imos falar de ampliación de depuradoras cando primeiro hai que facer un estudo e falar de mellora?». Vostedes en Praceres propuxeron unha ampliación da depuradora, conselleira, e ante a presión social, agora din que o único que van facer é melloralas, pero vostedes teñen por escrito un anteproxecto de ampliación da depuradora de Praceres. Agora vostede vén aquí dicir que iso é unha barbaridade. Pero, ¿en que quedamos? ¿De que plans de saneamento local nos fala? Ría de Pontevedra, contaminada e con toxinas. Ría de Arousa, fale coa conselleira do Mar e dígalle que eses lodos da dragaxe da ría de Pontevedra, que xa hai anos que vostedes terían que facer, non os mande á illa de Sálvora, non estaría de máis; nin á de Tambo nin á de Sálvora. Estaría ben que falasen entre vostedes.

E na ría do Burgo, anos agardando... Por certo, na ría de Vigo fíxose unha depuradora non cos cartos da Xunta de Galicia, como vostede nos quere vender aquí, senón con cartos que puxo o Estado e, sobre todo —hai anos, por certo—, fondos europeos. ¡Non nos venda vostede películas! En Vigo parece que non lles saíu demasiado ben esa película que contaron, e a proba está na dimisión, incluso, dos poucos e poucas conselleiras que se presentaron ás eleccións municipais.

Claro, é todo así. É todo así.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Vostede nin mencionou a área mariña costeira, que debería ser unha área protexida, que algo terá que ver coa auga. Invitámoslos a que emenden a súa propia Lei de patrimonio natural...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...e a inclúan.

Programadas —remato xa— depuradoras en Viveiro e en Foz. ¿Iso que é? ¿Programadas que é?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Conselleira, antes citaba a Hamlet, e, por desgraza, isto do mercado e da infraestrutura dá que algo cheire...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora VILÁN LORENZO: ...a podre en Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

A nós parécenos moi ben que veña comparecer para falar dunha cuestión tan importante, tan transcendental, dun recurso tan valioso como o da auga. Unha cuestión fundamental no presente, pero, sobre todo, no futuro, para poder conservar a vida do planeta das próximas xeracións.

Como xa lle dixo o señor Bará, realmente non entendemos moi ben a que veu aquí. Eu tiña a esperanza de que, diante dunha situación tan grave e tan problemática como é a garantía do acceso á auga, vostede viñera aquí anunciar algunha proposta estrela, algún cambio de rumbo ou algún plan contundente para afrontar este problema, pero, realmente, non nos veu contar absolutamente nada novo, só o que xa estaban facendo, que, evidentemente —vendo os datos—, non o están facendo vostedes nada ben.

En vez de vir facer esta comparecencia para non aportar ningunha novidade diante dun problema tan grave como do que estamos a falar, preferiríamos que estiveran facendo vostedes actuacións serias para solventar este problema.

Tamén botamos de menos que non falase vostede da propia conservación do recurso. Porque se falamos do ciclo integral da auga non falamos só de infraestruturas, falamos, fundamentalmente, da conservación do propio recurso. E sobre iso voulle falar eu algo tamén, porque, xa que vostede non trae ningunha novidade nin fai ningunha actuación contundente, polo menos serve esta comparecencia para que nós lle poidamos dar a nosa opinión sobre as cuestións que cremos que están facendo mal e as cousas que deberían facer.

Comezarei falando da situación das rías, sobre a que vostede se pronunciou, señora Vilán. Si que falou da ría de Arousa, si que o comentou, pero, sorprendentemente, puxo como exemplo de xestión as actuacións que estaban facendo na ría de Arousa, e sobre iso vou empezar falando.

Na ría de Arousa a situación que temos é que temos unha EDAR en Vilagarcía de Arousa que leva máis de dez anos agardando ser mellorada, que está soportando unha carga moi superior á que debería xestionar e que está vertendo directamente á ría auga sen xestionar. E nos últimos meses tivemos dúas verteduras moi graves.



Temos a situación da EDAR de Ribeira, que hai tres anos que se inaugurou, cun investimento de máis de vinte millóns de euros, e que a día de hoxe segue sen funcionar correctamente, tres anos despois. Ese é o exemplo da súa xestión na ría de Arousa.

E falando da ría de Arousa, tamén nos gustaría que vostede na súa réplica nos falase da súa intención de depositar os lodos da dragaxe da ría de Pontevedra na illa de Sálvora, porque, como vostede sabe, na zona onde vostedes queren instalar eses lodos, dos que non contamos con información de que tipo de lodos son e que axentes contaminantes poden ter, porque nós xa sabe que estamos exixindo que para acometer unha dragaxe desas características precisamos informes en profundidade sobre os lodos e que conteñen eses lodos, e vostedes pretenden depositalos na entrada da ría de Arousa, da ría máis grande e máis rica de Galicia. Ese é o seu exemplo de xestión de saneamento en Galicia: a ría de Arousa.

Temos tamén a situación da ría de Pontevedra, coa situación de Praceres. Vostede falaba de saneamento integral da ría de Pontevedra. O saneamento integral da ría de Pontevedra vai moito máis alá do que vostede nomeou. En primeiro lugar, a EDAR de Praceres precisa ser mellorada pero non ampliada. Precisamos EDAR de proximidade, xestión de proximidade. Para sanear integralmente a ría de Pontevedra precisamos tamén retirar Ence de aí, e para sanear integralmente a ría de Pontevedra hai que eliminar aquelas infraestruturas que están modificando os cambios das correntes, como poden ser os recheos do porto. Iso é un saneamento integral, vostede non está falando de saneamentos integrais.

A seca de hai algo menos de dous anos, da que vostede estivo falando, puxo de relevo a nova realidade: as secas prolongadas e a garantía de acceso á auga en Galicia poden converterse nun problema de primeiro nivel; un problema que non existía en Galicia, pero as políticas irresponsables que se viñeron aplicando durante os últimos anos fixéronnos chegar a esta situación.

Agora me dirá vostede que o cambio climático é un fenómeno natural. Non sei por que me pon esa cara. Evidentemente, chegamos a esta situación pola irresponsabilidade das políticas que vostedes viñeron aplicando. Por iso estamos na situación de crise medioambiental e crise climática, polas políticas que vostedes viñeron aplicando durante todos estes anos.

Esta situación que temos co problema da seca ten que ver, evidentemente, co cambio climático e cunha mala xestión dos recursos hídricos no noso país. Para abordar o ciclo integral da auga hai que combater o cambio climático como primeira tarefa, e sobre isto botamos de menos que vostede non puxera enriba da mesa solucións para este problema, porque creo que é o primeiro que hai que afrontar: reverter as consecuencias do cambio climático e o avance galopante do cambio climático. Vostedes levan anos mirando cara a outro lado diante deste problema, posiblemente o principal problema ao que se enfrenta a nosa sociedade porque, se non solventamos este problema, todos os demais quedan nun segundo plano, porque este é o que nos pode permitir que a vida siga neste planeta en condicións dignas.

Estamos nesta situación polas políticas que veñen vostedes aplicando. Non é como cando chove e non sabemos por que, como diría Mariano Rajoy. A situación ten responsables, e vostedes son os principais responsables de ter chegado a esta situación.



E o máis grave non é só o que xa fixeron ata o de agora e que nos fai estar nesta situación de emerxencia e de alarma, o máis grave é que aínda a día de hoxe, con todos os informes que temos enriba da mesa, con todos os estudos científicos que hai enriba da mesa —mesmo hai informes da ONU que nos falan de que temos dez anos de prazo para reverter esta situación e que despois non se poderá dar volta—, vostedes seguen sen rectificar e seguen sen prestar atención a este problema tan grave. Para afrontar este problema hai dúas liñas fundamentais, que teñen que ver coa transición enerxética e que teñen que ver coa mobilidade sustentable. Nestas dúas cuestións o seu goberno suspende estrepitosamente, e aí é onde ten que actuar para empezar a conservar o ciclo da auga.

Con respecto ás infraestruturas de abastecemento, nós xa temos traído iniciativas a este pleno. Temos traído unha PNL, á que o Grupo Popular votou en contra, para que a Xunta de Galicia colabore cos concellos nun plan dirixido a afrontar esa problemática que vostede dicía que era unha das máis importantes e na que nós concordamos que ten que ver coa falta de eficiencia das infraestruturas e coas perdas de auga nas infraestruturas, que chegan ata un 40 %, e posiblemente máis nalgúns puntos. Vostedes votaron en contra, botaron balóns fóra e poñen a pelota no tellado dos concellos, que saben que en moitos casos non teñen os recursos suficientes para poder afrontalo. E aí nós o que propoñemos é que a Xunta de Galicia se implique de verdade para solventar este problema e que faga un plan en colaboración cos concellos.

Nós entendemos que Augas de Galicia é o principal responsable para garantir o acceso á auga e á boa conservación da auga, e dende esa responsabilidade vostedes deberían estar actuando.

Hai ano e medio vivimos unha situación de emerxencia co abastecemento de Vigo e tamén a situación de Ourense que nos serviu para ver un careo entre Feijóo e Abel Caballero durante aqueles días, pero iso non serviu absolutamente para nada, non se puxo ningunha solución enriba da mesa, o único que se propuxo foi o trasvasamento do río Verdugo, que é unha barbaridade medioambiental. Propoñíano de urxencia, porque era urxente afrontar a situación, pero un ano e medio despois o problema é que, unha vez que remata esa urxencia, non se fixo absolutamente nada. Pasou máis dun ano e medio e, se a día de hoxe volvemos ter as mesmas situacións climatolóxicas, volveríamónos atopar exactamente na mesma situación. ¿E por que? Porque en ano e medio non fixeron absolutamente nada. Pasou ano e medio dunha situación de emerxencia e parece que nos esquecemos deste problema. Se volvemos atoparnos nesta situación, estaremos exactamente igual e volveremos ver outra vez a Abel Caballero e ao señor Feijóo botarse a culpa un ao outro, pero o problema segue sen solventarse.

É evidente que a nivel municipal hai moitísimo que facer, e nós entendemos que para iso hai que establecer este marco de colaboración, tanto para basear os investimentos na eficiencia da propia infraestrutura como para establecer plans de actuación e boas prácticas para a conservación da auga. Nós entendemos que se debe revisar o uso da auga para o baldeo de rúas; os modelos de xardíns e fontes; os sistemas tarifarios, que se cobre polo consumo, que está máis que contrastado que isto funciona como elemento para que se reduza o consumo da auga e que se tome unha maior conciencia da importancia do valor da auga; e o investimento na eficiencia da rede de condución de auga. Para iso pedímoslles que actúen e non que simplemente miren para os concellos e lles digan o que teñen que facer. Por certo, se coñecen algún concello do Partido Popular que o estea facendo ben, pois tamén nolo poden poñer de exemplo para poder copialo.



Como non me queda tempo, na réplica falarei dalgunhas cuestións que vostede non comentou e que a min me parecen importantes, como son os consumos industriais e os problemas que temos con plantas investidoras que están acometendo moito consumo de auga; e tamén con algunhas actuacións que a Xunta de Galicia defendeu e que son un problema para a auga. Polo tanto, déixoo para a réplica porque agora non me dá tempo.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas.

Señorías, é lamentable pero tamén reveladora a súa postura no que se refire ao tratamento da auga en Galicia. Supoño que a dificultade que teñen vostedes para manter unha postura coherente co que din aquí e co que fan onde gobernan pode ser un indicador da complexidade e da dificultade de manter un sistema de saneamento, de depuración e de abastecemento eficiente e sustentable.

Pero é lamentable o seu papel, ou ben negando a realidade, ou ben negando a súa responsabilidade alí onde gobernan, ou ben facendo un exercicio de sobreactuación onde non gobernan. É moi preocupante que sexan vostedes incapaces de recoñecer o traballo que se está a facer. Descualifican vostedes a realidade e con iso vostedes están a descualificar a nosa terra, a Galicia, só co único obxectivo de descualificar a este goberno e ao partido político que representa a maioría do sentir do pobo galego.

Temos moitos retos aínda por diante, e o peor que podemos facer é o que fan vostedes: non asumir a súa responsabilidade onde gobernan. Iso no mellor dos casos, porque noutros casos boicotean vostedes e obstaculizan o traballo da Xunta de Galicia.

Como dicía, señorías, non asumen as competencias que ten cada Administración. Perdemos tempo nesta Cámara xustificando o desleixo de alcaldes que non están a facer o seu traballo, e perdemos tempo en debates estériles para confundir e xustificar que se ignore o marco normativo e as competencias de cada Administración.

Señorías, a normativa básica en materia de réxime local, a Lei reguladora das bases de réxime local, así como a Lei de Administración local de Galicia e tamén a normativa sectorial en materia de augas, a Lei de augas de Galicia, establecen que os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento. Polo tanto, non hai debate sobre quen é o responsable, a lei determina que a prestación deste servizo público, do servizo público de abastecemento e de saneamento, é unha competencia municipal.

Aclarado isto, e sen restarlle ningunha competencia aos concellos, o noso grupo é partidario da colaboración entre as administracións, e por iso consideramos que o Goberno galego debe asumir a responsabilidade de ordenar e apoiar os concellos nese servizo; e o Goberno central debe actuar con dilixencia naquelas actuacións declaradas de interese do Estado.



O primeiro que deberíamos pedir nesta Cámara é que todos actúen con responsabilidade. Todos os que temos responsabilidade nalgunha das administracións debemos facer que estas estean ao servizo do interese xeral e non ao servizo dos partidos.

No pleno anterior, eu mesmo defendín a importancia de que os concellos se doten de instrumentos adecuados para poder xestionar os episodios de seca; que todos os concellos contan con plans de emerxencia contra a seca. ¿Saben que é o que está a pasar? Que pese a que hai unha obriga legal desde o 2001, a Lei do Plan hidrolóxico nacional no seu artigo 27, apartado 3, para que os concellos de 20.000 habitantes ou máis se doten destes plans de emerxencia ante situacións de seca, a día de hoxe nin os alcaldes das Mareas da Coruña, Santiago e Ferrol contan con plans de emerxencia, nin tampouco o alcalde do Bloque Nacionalista de Pontevedra, o señor.... ¿Señor Bará, que di?, ¿que si que contan? *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non contan. *(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)* O de Ourense supoño que o vai facer agora. *(Risos.)* Pero vostedes, señoría, que presumen de xestión, que presumen do que están a facer, levan moitos anos no goberno e non foron quen de sacar aínda ningún plan de emerxencia. Esa é a súa hipocrisía, esa é a súa falta de responsabilidade, e despois vén aquí dar leccións aos demais.

¿E que fan, señoría, as deputacións, das que vostede tamén se gaba do seu traballo, para que os pequenos concellos contan con estes plans de emerxencia? Absolutamente nada, ¡nada de nada! Nada de nada, a pesar das competencias que teñen, segundo o artigo 26.36 da Lei reguladora das bases de réxime local, que ademais foi reforzado no 2013 coa de racionalización e sostibilidade da Administración local mediante a modificación da Lei de bases de réxime local, para que as deputacións provinciais poidan coordinar e xestionar algúns servizos, entre eles o de abastecemento de auga potable e a evacuación e tratamento de augas residuais dos municipios de menos de 20.000 habitantes.

Polo tanto, señorías, deixen vostedes de enredar, póñanse a disposición daqueles municipios que carecen de medios para desenvolver estes plans de emerxencia e facilítenlles a súa elaboración. Son 500 millóns de euros os que xestionan as deputacións, póñanas, por favor, ao servizo dos cidadáns. Establezan vostedes criterios para a súa xestión.

Eu, cando foi aquí o debate dos orzamentos, coa comparecencia os presidentes, vía como vostedes presumían de que agora as deputacións non tiñan criterios para facer os investimentos, que deixaban que cadaquén fixera os investimentos como considerara máis importante. ¿Pero non presumían vostedes de que non houbera criterios, de que non houbera prioridades? Eu dicíalles que iso é a ausencia da política, o que vostedes están a defender nas deputacións é a ausencia da política. Non teñen criterios, non teñen prioridades, non teñen obxectivos. O único que fan ¿que é? Repartir o presuposto entre os seus alcaldes, entre os vosos alcaldes. Baleiran as deputacións sen ningún tipo de criterio. Ese é o gran aporte do Bloque Nacionalista a iso.

Pero miren, sobre a competencia, por se serve de algo, que ás veces tamén os partidos da oposición tamén teñen algo bo, o Grupo de Podemos e de En Marea levou unha lei ao Parlamento. E precisamente nesa lei, o seu artigo 7 fala claramente de que a competencia dos servizos da auga correspóndelle aos municipios. E tamén solicitan a axuda das deputacións



provinciais. Pois se non lle queren facer caso ao Partido Popular, fáganlles caso polo menos aos de Podemos en Madrid, que aos de Podemos de aquí parece que o da auga lles queda bastante lonxe.

Responsabilidade, señorías, é a que ten que ter o Estado coa ría do Burgo, señora Vilán, e de forma urxente facer a aprobación definitiva da dragaxe da ría e a licitación inmediata. Vostede, señora Vilán, pediu en reiteradas ocasións o seu remate inmediato, e nesta Cámara pedimos ao ministerio a urxente aprobación definitiva da dragaxe da ría do Burgo e a licitación inmediata da mesma.

¡Como cambiaron as cousas! ¡Como cambiaron as cousas desde hai un ano nada máis a agora! Agora case se esqueceu vostede de exixir esa dragaxe. Parece que esa dragaxe, esa necesidade imperiosa, esa necesidade urxente, xa non... Non, non o fixo, non o exixiu, non o exixiu. Mencionou a ría do Burgo para despois pasar a falar da ría de Vigo, pero non falou nada diso nin exixiu esa infraestrutura tan importante. A dragaxe, para quen non o saiba, é só unha parte dun problema arrastrado durante décadas de vertidos sen depurar. O primeiro e o que máis fixo pola ría do Burgo foi a Xunta de Galicia, cun investimento de máis de cen millóns de euros nos últimos quince anos.

A maiores, dende o ano 2011, o Goberno galego e os concellos da zona levaron adiante un plan de saneamento local da ría do Burgo que tiña, entre outros obxectivos, o de eliminar os vertidos urbanos. E avanzouse, e moito, por parte dos concellos. É verdade que nos últimos anos se avanzou menos, freáronse esas melloras que se estaban a producir por parte do control dos vertidos, e agora mesmo, incluso, liamos estes días a noticia de que había máis de douscentos vertidos sen controlar na ría do Burgo e de Betanzos.

Agora, señorías, o que resta é que o Goberno central manteña o compromiso amosado polo Executivo de Mariano Rajoy, que deixou orzada a dragaxe para o 2018, orzamento que vostede... Non sei que graza lle fai. Hai un orzamento aprobado pola Cámara, polos deputados nacionais, que vostedes non executan, partida que vostedes eliminan na súa proposta de orzamento de 2019 e iso provócalle a vostede risa. Que unha dragaxe complexa, para a que houbo que falar con todas as persoas afectadas, que houbo que esperar a ter os recursos posibles, cando por fin estaban orzados, a vostede faille graza que non se execute e que ademais, encima, desaparezan dos orzamentos do ano pasado. ¡Ese o gran traballo do Partido Socialista de Galicia para a nosa terra! ¡Ese é o gran traballo! (*Aplausos.*)

Señoría, a vostede ao mellor faille graza, a nós ningunha, é unha traizón máis á nosa terra do seu partido. Pero mire, como non quixeron vostedes metelo nos orzamentos do 2019, despois de non habelos executado en 2018, a Xunta de Galicia propuxo que houbera unha modificación, unha reasignación, dos fondos europeos, e parecía — así o dicían, polo menos, nas reunións que houbo do Ministerio coa Xunta — que había un compromiso, pero seis meses despois seguimos á espera, agardando a que o Goberno de España faga esta solicitude ante a Unión Europea. E seguiremos esperando, porque por agora non houbo absolutamente nada, nada de nada.

Santiago, señora Vilán, outro exemplo de irresponsabilidade. Tampouco ten Plan de emerxencia, e o ocorrido coa nova Edar reflicte á perfección a forma de traballo das Mareas de Podemos.



A construción da nova EDAR é un proxecto que afectaba a tres administracións. Nos últimos tres anos houbo xuntanzas das que saíron compromisos por parte de todos. Pero, de repente, o concello da Marea racha cos compromisos, o que provoca que haxa uns atrasos que poñan en perigo unha actuación prioritaria.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Esperemos que o Partido Socialista, o Ministerio do Goberno central, manteña o compromiso coa EDAR do Couto e non varíe a súa posición.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: En Pontevedra —e xa para rematar, señor Bará— faime moitísima graza que fale vostede dos da banda do Scenic...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor. Xa está cumprido o tempo, teñen outra intervención.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, na seguinte intervención falarei da gran mostra de irresponsabilidade de vostede. Si, de vostede e do seu partido, desa banda do Scenic que leva anos desgobernando na cidade de Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Réplica da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

O certo é que non vin espírito construtivo ningún, nin tampouco vontade de entendemento ningunha, é lamentable. E lamento que nesa materia de xestión da auga vexa cousas como as que estou vendo. O señor Bará dedica o 40 % do seu tempo a falar doutras cousas. É a importancia que lle dá. Para auga logo non ten tempo, claro, dedícase a falar doutras cousas. Tamén o señor Bará o certo e o lamentable é que non entendeu nada do que dixen que era moi claro. Non entendeu nada, suspenso para vostede. Se non entende de infraestruturas hidráulicas e de xestión do ciclo integral da auga, o problema é para vostede e o suspenso é para vostede. *(Aplausos.)* Perderon unha nova oportunidade de ser responsables en materia da auga e de facer proposta serias.

Señor Bará, a Lei de bases de réxime local é básica estatal, non me veña aquí facendo... Interese da Comunidade Autónoma, claro que é do noso interese traballar conxuntamente, pero a Lei de bases de réxime local non a evite vostede. Quere saltarse as leis unha vez máis.

O certo é que os 1.100 millóns de euros por suposto que son aportacións totais da Xunta de Galicia, polo tanto, concrete máis e escoiten. Eu o que lles podó pedir aos deputados desta bancada



é que polo menos escoiten, que escoiten o que digo e non digan cousas como que «non dixo tal», cando si o dixen; polo tanto, eu o que pido, por favor, como mínimo, é que escoiten.

Pacto local da auga. Falar conxuntamente é un gran paso para falar do Pacto local da auga. Gustaríanos avanzar, e, polo tanto, eu agardo que nese pacto local da auga, no que estamos dispostos, nas deputacións onde gobernan vostedes, o Partido Socialista co BNG, creo que entenderá vostede que no pacto local da auga teñen que estar as deputacións, se non ¿para que? As deputacións terán que estar, e aí está na lei do ano 2013, que reforza aínda máis o compromiso e a obrigatoriedade das deputacións provinciais nesta materia que eu vexo importantísima.

Señora Vilán, os fondos europeos hai que cofinancialos con fondos propios, ¡parece mentira que non o saiba! E a depuradora de Vigo hai que cofinanciala con fondos propios, se non, non fixemos nada. Eu creo que xa di bastante que non saiba vostede que os fondos europeos hai que cofinancialos con fondos propios. Eu lamento que vostede non saiba nin iso.

Fala de vertidos en Melide. Nós estamos traballando no río Furelos en dúas direccións; sancionando cando hai vertidos no río, cumprindo a lei, coa lei na man, por suposto que si. A ver agora que pasa tamén no río Furelos, a culpa, coma sempre, ata que chove ou non chove, é da conselleira, que é certo que ten os pes na terra, é a única que ten os pes na terra aquí, vendo as súas intervencións. En dobre dirección: vixiando, inspeccionando e sancionando, coa lei na man; e tamén facendo un proxecto para permitir que os vertidos de augas residuais industriais poidan ir á depuradora. Pero primeiro hai que analízalo; non imos meter vertidos e conectar vertidos porque si, hai que analízalo.

É viable e, polo tanto, co proxecto construtivo traballando; non só falando, traballando, porque as cousas se arranxan traballando, non unicamente predicando.

Señor Cal, depuradora de Vilagarcía. Pero ¿vostede non sabe que a depuradora de Vilagarcía a xestiona o Concello? ¿Vostede non sabe que o Concello de Vilagarcía —do Partido Socialista, se non me equivoco, espero non equivocarme— cobra unha taxa de depuración por xestionar ben a depuradora? Está cobrándolles aos veciños pero non xestiona a depuradora, e bótame a culpa a min. ¡Por favor!, primeiro saiban vostedes como se xestionan as cousas. Por iso a miña primeira intervención, que alguén non entende: que tan importante é facelas como explotalas. Non lle dan importancia ningunha, pero é de suma importancia explotar as cousas para que funcionen ben. E en materia de augas, importantísimo.

Non pode pretender que a Xunta de Galicia asuma todas as competencias de todas as infraestruturas hidráulicas, porque os investimentos da Xunta non son infinitos. Multiplicamos os esforzos cando sumemos nese pacto no que teñen que estar as deputacións, é imprescindible.

Polo tanto, argumentacións demagóxicas. Eu creo que falar da auga é algo máis serio. Creo que non se entendeu absolutamente nada, é lamentable, a miña primeira intervención. Autocompracencia non é unha palabra habitual no noso vocabulario. No noso Goberno, nunca nos daremos por satisfeitos, sempre temos novos obxectivos, novos retos, para seguir avanzando e seguir traballando. Esa é a nosa obriga, e tamén, por suposto, en materia de augas.



Temos moitísimo acadado, ¡claro que temos moitísimos acadado xa!, pero hai que seguir traballando cos retos importantes; estendéndoos aos servizos de saneamento e abastecemento; chegando máis lonxe, cun novo modelo de saneamento e abastecemento no rural, por suposto que si, Hai que pensar en axudar os concellos do noso rural, que teñen esa dispersión que dificulta moitísimo o traballo, sobre todo nos concellos máis pequenos, mellorando a xestión das infraestruturas e as carencias na explotación. Hai que traballar conxuntamente para explotar ben as depuradoras e explotar ben a rede. Tan importante é a rede como a depuradora, ¿non poden entender iso? Non é unha cuestión política, é unha cuestión de sentido común. E, por suposto, traballar para prepararnos neste novo contexto.

Eu creo que negar o salto cualitativo non é nada produtivo pola súa parte. Ademais é un esforzo conxunto, de todos: dos concellos, da Administración xeral do Estado e da Xunta de Galicia, porque todos traballamos conxuntamente para facer este gran salto cualitativo que ninguén de vostedes quere ver e son feitos claros, e, por suposto, cun papel moi destacado da Xunta de Galicia e cun esforzo inxente de investimentos públicos, que son os cartos de todos.

Por certo, comparado con outras comunidades autónomas, saiban vostedes que somos a terceira comunidade autónoma que máis ten investido en materia de infraestruturas, con eses mil millóns de euros, por detrás de Cataluña e Madrid unicamente. Polo tanto, traballando e dando ese salto importantísimo, no que hai que seguir avanzando, con importantes actuacións, axudando os concellos e sendo responsables. Responsables con actuacións que fixemos: 350 actuacións en saneamento axudando a 165 concellos; 45 novas depuradoras, con ese salto importantísimo, para dar servizo de depuración a 1,5 millóns de habitantes equivalentes e chegar a día de hoxe a 3,3 millóns de habitantes equivalentes; con esas obras de abastecemento. E non se trata de ser triunfalistas, senón de informar do camiño acadado e do camiño que hai que seguir facendo e traballando.

Aí está na ría de Vigo a depuradora do Lagares. Por suposto, cofinanciamos con fondos propios da Xunta de Galicia esa depuradora, e a Xunta puxo máis de oitenta millóns de euros nesa depuradora que custou douscentos, ¿por que hai que negalo? Traballamos conxuntamente, que é como se fan as cousas. Na ría do Burgo, cen millón de euros que investimos en mellorar a calidade da ría de Burgo de xeito substancial, e estamos esperando esa dragaxe. A ría de Arousa, tamén con ese plan de saneamento local, si a nomeei na miña primeira intervención, pero como non escoitan e non saben o que digo, non o poden entender. Tamén na ría de Ferrol, máis de cen millóns dende o ano 2009, e remataremos xa co saneamento na Malata. O saneamento da ría de Pontevedra, por suposto que si. Máis de corenta millóns investidos, no que estamos en disposición de investir sesenta millóns de euros, que temos os cartos, e deseñando a depuradora en Praceres e ese emisario.

Señor Bará, no Concello de Pontevedra, que gobernan vostedes, nin fan nin deixan facer. É a única gran cidade que non é capaz de xestionar unha depuradora. Van á Xunta de Galicia para que llela xestionemos porque non son capaces, non son capaces. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Son capaces? ¿Mandámoslles a depuradora e a xestionan ben? Pois a depuradora funciona ben e o emisario funciona moi ben. Facemos o acto de entrega no momento en que queira vostede. É o único concello que ten problemas para que a Xunta invista na ría, e o certo é que teñen unha rede municipal con mais de cen incidencias, que ten in-



filtracións de ata o 40 % de auga do mar, pero vostedes recadan unha taxa pola conservación desa rede; recadan aos veciños pola rede e non conservan a rede. Pois, señor Bará, o que sae pola depuradora tamén vén pola rede, polo tanto, eu creo que hai que traballar conxuntamente, por suposto que si. (*Aplausos.*)

A súa prioridade, obstáculos e perpetuar problemas. Imos perpetuar problemas para botarlle a culpa sempre á Xunta de Galicia nunha materia onde hai corresponsabilidade, onde hai que cooperar conxuntamente e onde —por suposto que si— queremos axudar os concellos, como os levamos axudando, nunha responsabilidade que lles toca e que lles outorga non a conselleira nin o presidente da Xunta, nin unha lei autonómica, outórgallela a Lei de bases de réxime local estatal, e na que estamos traballando conxuntamente desde hai moitísimos anos, e aí están os datos.

O certo é que, cando lles toca actuar sobre o terreo, esconden a cabeza como a avestruz. A súa técnica, no BNG, é a técnica da avestruz, porque corresponsabiliza ao resto de todo, as medidas da Xunta nunca chegan, non son suficientes, non valen, pero vostedes non deixan de poñer atrancos, e cando se quere falar con vostedes, cando se lles propoñen solucións, miran para outro lado, a ver se mirando para outro lado non nos encontramos.

Pero sabe vostede, señor Bará, que Bruxelas ten avalado os plans da Xunta no saneamento de Pontevedra, que é a mellor alternativa, con ese plan de saneamento local. Aí temos a mellor alternativa —díxolo Bruxelas—, o traballo que estamos facendo.

Aí está Moaña, que cando hai choivas a rede non é capaz. En Moaña gobernan vostedes, ¿é culpa da Xunta tamén? A competencia municipal das redes, das acometidas, ¿tamén é culpa da Xunta de Galicia nas redes de Moaña? Responsabilidade, seriedade, señor Bará, e saber as competencias.

En Bueu, ¿en Bueu quen xestiona a depuradora, señor Bara? Xa llo dixen aquí varias veces, debería de sabelo: o BNG, o Concello. Pois non encende o sistema de desinfección, os raios ultravioletas, señor Bará, para que saia a auga con calidade. ¡Dígalle que o encenda! Claro, é moi custoso encender e pagar, ¡pero hai que xestionar as depuradoras! Tan importante é facer infraestruturas como mantelas, e aí deberían estar vostedes e apoiando vostedes. Que encenda Bueu os raios ultravioleta da depuradora que xestiona o BNG no Concello de Bueu. (*Aplausos.*)

En Poio, sen depuradora, nin se busca parcela. ¡A culpa será tamén da Xunta de Galicia! Unha obra que é de interese xeral. Eu agardo que o Estado conxuntamente co concello de Poio busquen unha parcela, e aí nos atoparán, traballando conxuntamente, porque queremos sañar as rías de verdade e somos responsables co uso responsable da auga.

EDAR do Grove. Se non me equivoco, goberna o Partido Socialista. Négase a asumir a explotación. Ten que explotar a depuradora e non quere asumir a explotación. Pero cobra unha taxa, ¡cobra unha taxa! Iso é lamentable. Hai condutores kamikazes, pero tamén hai alcaldes con conductas kamikazes. ¿E vostede me quere dar leccións a min de saneamento das rías, cando din: non, non, non, esa depuradora non a quero explotar, sendo a súa competencia, e non quere ir nin sequera á acta de entrega da depuradora do Grove? ¡Por favor!



Podemos falar de moitas cousas, podemos falar do saneamento en Ponteareas, no que a Xunta de Galicia xa investiu cinco millóns de euros e estamos agardando polo Goberno do Estado para traballar conxuntamente na nova depuradora, agardando, por suposto, a dragaxe da ría do Burgo, que levamos meses agardando; tamén no Concello de Monforte reclaman unha depuradora. Traballamos conxuntamente co Estado e propuxemos alternativas para a depuradora de Monforte. Eu agardo ter co alcalde de Monforte traballo conxunto para conseguir investimentos e cofinanciar esa depuradora en Monforte.

E non me falen da depuradora de Santiago, que é unha mostra máis da falta de xestión. Aquí xa non é a técnica da avestruz, é a técnica de camiñar para atrás en vez de camiñar para adiante. Tiñamos un proxecto, tiñamos financiamento, tiñamos trámite ambiental, e agora non temos nin proxecto, nin financiamento, nin trámite ambiental. ¡Moi bonito! O certo é que ¡así como queren vostedes...! É así. Hai algúns que rin, pero eu laméntoo. ¿Así como podemos avanzar conxuntamente no saneamento e na xestión do ciclo integral da auga, se non entendemos o que se explica, se non entendemos as competencias, se non entendemos que hai que falar e traballar conxuntamente? ¡Así non podemos ir cara adiante!

Como sempre, como en todo, é o que vexo en estradas e o que vexo aquí en materia de augas. *Fai o que eu digo, pero non fagas o que eu fago.* Eses son os consellos que me dan sempre.

Polo tanto, señorías, eu pido responsabilidade. Hai que ser conscientes do que necesita Galicia, desa dispersión, desa dificultade engadida que temos e de que hai que prestar apoio aos concellos nas súas propias competencias con investimentos, con axuda, con asesoramento, e, por suposto, tamén explotando as infraestruturas con ese asesoramento que levamos facendo moitísimo tempo, durante moito tempo, que moitos concellos agradecen e que seguiremos facendo, para axudar tamén na explotación das actuacións.

E pedimos coresponsabilidade, por suposto, coas deputacións. Eu agardo que ás novas deputacións que se conformen lles pidan ese pacto local da auga. Que falemos da xestión do ciclo integral da auga tamén coas deputacións, porque é importantísimo. É unha administración intermedia e temos que traballar todos conxuntamente: concellos, deputacións e Administración autonómica. Tamén engadiría incluso ao Estado, que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, por exemplo, en Galicia ten moito que dicir e ten moito que apoiar. Temos que traballar conxuntamente tamén porque en Galicia está a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e tamén a do Douro, por exemplo, iso non mo negarán vostedes; coresponsabilidade para un uso responsable da auga.

E tamén sobre inundacións. Non nomearon vostedes —creo—, polo que escoitei, e intentei estar atenta, non escoitei aquí gran cousa sobre o tema das enchentes, das inundacións. Eu sigo esperando pola Deputación da Coruña, dende hai máis de seis meses, para falar da problemática das enchentes de Muxía, de Vimianzo e de Camariñas. Sigo esperando, van seis meses. Este é o e-mail enviado á Deputación da Coruña para falar conxuntamente para axudar os concellos. Polo tanto, ¿que me din vostedes de temas de inundacións, de temas de seca, temas de cambio climático?



E respecto desa Lei de garantías de abastecemento, que non sei que cualificativo lle deron vostedes, o certo é que é irresponsabilidade. Queremos dar unha resposta áxil, acertada, coordinarnos, dar ferramentas para axudar e dar facilidades aos concellos con esas axudas aos plans de emerxencia. ¿Vanlle exixir ás deputacións que exerzan a súa responsabilidade de axudar aos concellos para que tamén colaboren con eles e os axuden nos plans de emerxencia de seca? ¿Non lles parece importante que teñamos en todos os concellos galegos plans de emerxencia de seca? ¿Non lles parece importante? ¿Non lles parece importante actuar nas perdas en rede? Eu non escoitei nada. ¿Parécelles razoable que teñamos en rede perdas de ata o 40 %? ¿Parécelles sustentable e eficiente ter o 40 % de perdas en rede en Galicia? Se non coñecen os problemas, tampouco é fácil arranxalos. O fácil é balóns fóra, negarse a todo.

Sobre o abastecemento de auga en xeral, eu insisto en que hai que investir no que non se ve, no que non brilla dende o ceo. Os concellos recadan moitas taxas, polo tanto, invistamos o que se recada en materia de auga en auga. Invistámolo en auga. Non no que brilla, senón en materia de auga, e así avanzaremos todos conxuntamente. Investir o que se recada en materia de auga, que están recadando os concellos moitísimos millóns de euros. Fagan vostedes a conta, que se invista.

Pontevedra eu dubido que invista, porque se toda a rede está feita uns zorros, ¿onde vai a taxa de depuración, a taxa de alcantarillado e de saneamento que recada o Concello de Pontevedra? Explíquenme vostedes onde vai. E así podíamos falar doutros concellos das cidades.

En Pontevedra aí está o Plan de saneamento da ría, no que queremos avanzar; vostedes entorpecen. Eu o do apoio xa llelo dixen. O do 40 % de auga do mar entrando na rede de colectores nalgúns puntos en Pontevedra xa o dixen.

Na ría do Burgo, ao BNG pídolle coherencia política. Pídolles coherencia política a eses gobernos. Para que governe o PSOE, ¿vanlle exixir antes o financiamento da dragaxe da ría do Burgo nesas zonas da Coruña como condición? Porque queren levar a bandeira da dragaxe da ría do Burgo. Demóstrano. Eu pídolles que o fagan, para ter finalmente a dragaxe da ría do Burgo. Puxemos unha solución en bandexa de prata; cóllana, por favor, para a dragaxe da ría do Burgo.

En calquera caso, todas as críticas terían máis lexitimidade se predicasen co exemplo. Si, é así, terían máis lexitimidade. Creo que iso calquera o pode entender. Lembremos unha vez máis as competencias que teñen as entidades locais, exemplos clamorosos de pésima xestión nas siglas dos seus partidos. Temos exemplos clamorosos de pésima xestión nos seus partidos.

No Partido Socialista, en Vigo recádase moitísimo por investir na taxa de abastecemento, é unha realidade, pero ten unha ETAP, unha potabilizadora, obsoleta. Eu suxeríallo para garantir a calidade, pois non é de recibo que nun encoro no século XXI, un encoro que ten ata o 40 %, unha potabilizadora non sexa capaz de tratar esa auga. Non é de recibo. Porque no resto de España, que xa están acostumados a ter escaseza de auga, nas potabilizadoras non pasa iso. Polo tanto, eu creo que non é de recibo.

¿Vai dar leccións tamén o BNG, que en Pontevedra dificulta, bloquea, recada taxa polo mantemento da rede que non mantén. En Poio ignora facer unha depuradora, non buscar os te-



reos, buscar o aprazamento...? ¿Van dar leccións As Mareas, incapaces de xestionar a depuradora de Ferrol, incapaces de sacar adiante a depuradora de Santiago e que ademais en catro anos non fixeron absolutamente nada para blindarse ante o risco da seca?

Polo tanto, nesas cidades nas que se recadan grandes cantidades de diñeiro por taxa de abastecemento e saneamento, dígolles que invistan en solucións para mellorar o abastecemento e o saneamento. Gañaremos todos e camiñaremos cara a un uso responsable da auga.

Eu creo que son actitudes, as que vin aquí, que non contribúen a nada. Pido seriedade, pero, sobre todo, pido que escoiten, porque eu dinme conta de que nin tan sequera me escoitaron.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Conselleira, esta non era a comparecencia do BNG, nin a miña comparecencia, era a súa comparecencia, onde ten vostede que dar explicacións. (*Aplausos.*) E tampouco —bueno, polo menos vai entrando en calor o hemiciclo— é a comparecencia dos concellos, esa foi o 26 de maio e aí perderon vostedes estrepitosamente, o BNG segue gobernando (*Protestas.*) Si, si, si, si, si. Ningunha alcaldía nas cidades, esa é a realidade. E noutras vilas a ver que pasa. Si, aí foi a comparecencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Alcaldías o próximo 15. (*Murmurios.*) Si, fagan vostedes as contas da avoa ou do avó, pero a realidade é a realidade. A comparecencia foi...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Esperemos ao sábado, ¡home! O sábado saberase todo. Quedan poucos días. Tranquilidade.

O señor BARÁ TORRES: Alporízase aquí o galiñeiro...

Das competencias non vou volver falar porque están claras na Lei de augas, que é a lei sectorial desta materia. Isto do que fala, en todo caso, é da súa incompetencia, da súa incapacidade para asumir o que son competencias da Xunta de Galiza que están claras na lei. Da planificación non me dixo vostede nada. ¿Para cando o Plan galego de saneamento, que o ten que facer a Xunta de Galiza, señora conselleira, téñeno que facer vostedes, e non o fixeron?

Sobre o tema das rías. As rías están lanzando un auténtico SOS. Hai un estudo da Universidade de Vigo que demostra cal é o estado catastrófico da ría de Arousa. Fala de vertidos contaminantes, de augas depuradas e non depuradas; constatan importantes deficiencias na rede de saneamento, a mortalidade do marisco, a perda de produtividade, a perda de emprego asociada a todo isto. É unha chamada de alarma, de atención e de emerxencia que se pode estender a todas as rías. Por iso, nós lles propoñemos unha cousa moi concreta: que lle encarguemos á Universidade de Vigo un estudo exhaustivo, unha auditoría, sobre o estado das rías; sobre todos os problemas que teñen de contaminación e de perda de produtividade; tamén sobre os efectos do cambio climático nas rías; sobre as consecuencias das decisións



que se toman nas instancias europeas; e tamén para propoñer medidas de rexeneración integral das rías. ¿Está de acordo en facelo? Agora quéixanse, estamos suando aquí.

O señor PRESIDENTE: Isto é difícil... Vai calor, agora vai calor.

O señor BARÁ TORRES: Arremangámonos, entón.

¿Están de acordo? Miren, a dragaxe da ría do Burgo tiñana que ter feito vostedes xa cando estiveron no Goberno do Estado, e non a fixeron. Agora bótanlle a culpa ao novo Goberno. ¿E que fixeron vostedes cando estaban gobernando no Estado? O mesmo que a de Pontevedra, que leva dende o ano 2011 a voltas e non a fixeron. ¡Gobernan vostedes Portos de Galicia!

E sobre a ría de Pontevedra, señora conselleira —algo sei disto—, na ría de Pontevedra hai tres depuradoras, na de Arousa hai once e na de Vigo hai dez; este dato é elocuente. E a depuradora que está nos Praceres é unha depuradora supramunicipal que leva xestionando a Xunta de Galiza dende a súa construción, nos anos noventa, polo tanto, non é responsabilidade... Dálle servizo a catro concellos: a Marín, a Pontevedra, a Poio, á Brilat, que está en Vilaboa, e a Pontecaldelas, ao polígono empresarial. ¿Que me vén dicir aquí? É responsabilidade da Xunta de Galiza. Asuman as súas responsabilidades. É responsabilidade súa tamén a mellora do seu funcionamento, porque funciona mal; ter un emisario en condicións. O Concello de Pontevedra é un concello exemplar en materia de abastecemento e saneamento, porque co novo contrato que se acaba de adxudicar imos completar toda a rede de saneamento do concello, con máis de 25 millóns de euros de investimento; unha rede separativa, por certo. É unha rede de abastecemento de auga exemplar tamén en corrixir as perdas, que están por debaixo do 10 %.

Polo tanto, non veña aquí darnos leccións, porque os datos están aí. Menos do 1 % da rede é unitaria, o resto é separativa e totalmente renovada, porque todas as obras que se fixeron no concello de Pontevedra nos últimos vinte anos tiveron unha prioridade: mellorar a cidade por abaixo, por onde non se ve, nas redes dos servizos. Iso foi sempre unha prioridade.

Mire, máis deberes: Pacto local da auga. Non lle boten a culpa á deputación. Anunciárono no 2013 e dixeron que nun ano ía estar. No 2017 aprobamos aquí un acordo. A conselleira de Medio Ambiente daquela, que xa non está aquí, tamén dixo que era prioritario. Cumpran coa súa función.

Terceiro, planificación xeral, ¿para cando eses plans galegos que teñen que planificar globalmente?

Plan de emerxencia contra a contaminación dos ríos, garantía de abastecemento da auga. Mire, estamos de acordo en que ningún concello o fixo. O señor Trenor citou aquí os concellos dos outros partidos, pero é que ningún concello, tampouco do Partido Popular, fixo estes plans de emerxencia ante episodios de seca. Hai que facelos, hai que pular por un uso responsábel da auga, e isto non é unha cuestión soamente sectorial da materia da auga. Hai que aforrar auga, hai que mellorar a eficiencia, hai que concienciar a poboación, hai que reutilizar os recursos, pero é unha cuestión de política económica ambiental xeral que ten



que ver coa política industrial, ten que ver coa política forestal, ten que ver coa política de residuos, de mobilidade, todo iso ten que ver co consumo e coa nova cultura da auga, e vos-
tedes non están facendo os deberes nesta materia.

Temos tamén a cuestión do consello sobre o uso sustentábel da auga, que ten que ver moito con estas cuestións. ¿Cando van crear este consello? Dígao aquí, ten a oportunidade de aclararnos esta cuestión.

Despois, o das competencias. Asuman as súas competencias e nós propoñémoslles unha medida para ampliar esas competencias, que Galiza asuma tamén as competencias da conca hidrográfica do Miño-Sil, para ter a capacidade de goberno, de xestión e de solución dos problemas de todo o noso territorio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Á parte de propoñer que melloren algo, por favor, o aire acondicionado porque imos morrer aquí asfixiadas, eu vou propoñer que nos poñan unha pizarra, tiza e esas cousas, e cada vez que suba algún dos conselleiros —en concreto, a conselleira— que nos explique un pouco mellor con gráficos escritos, porque se ve que somos moi malos alumnos e moi malas alumnas.

A seguinte vez tamén vou propoñer que, en vez de comparecencia, se chame leccións maoistras dos conselleiros e das conselleiras, para ver se aprendemos algo os que estamos na oposición, porque non nos enteramos absolutamente de nada. Pero soe ocorrer que, cando os alumnos e as alumnas fallan, a culpa, a responsabilidade, soe ser case sempre do mestre ou do profesor, ou da mestra ou da profesora, case sempre ocorre iso. Quizais sexa que a explicación non foi suficientemente convincente.

Competencias. A Xunta ten competencia na xestión da depuración, salvo nos 300 quilómetros de ríos urbanos, no resto dos quilómetros, que son bastantes máis; nos caudais ecolóxicos, nos acuíferos, na xestión do uso diario da auga, na concienciación, nos recursos hídricos, nos plans de inundación, nos plans de seca daqueles concellos de menos de 20.000 habitantes, na área mariña, na calidade da auga. Todo iso é competencia da Xunta de Galicia, pero vese que quen non asumen a súa responsabilidade onde gobernan son os concellos, iso foi o que dixos vostede.

O traballo é inxente. Repítolle os datos: 2009, 177 millóns de euros investidos en infraestruturas hidráulicas; 2019, 92. Segundo a Conta Xeral da Xunta, da Comunidade Autónoma, dos anos 2016 e 2017 —que é a última que temos—, de 107 millóns de euros deixaron vos-
tedes sen executar 79 e pico, 80 millóns de euros. Ese é o investimento inxente.



Tamén o novo modelo de saneamento no rural, ¿a que se referiu vostede? ¿As minidepuradoras de Baltar, que creo que están xudicializadas? Ese é o novo modelo de saneamento do rural, ao mellor. Falou vostede de cento corenta e oito depuradoras en trinta anos, menos de cinco depuradoras por ano; efectivamente, un traballo inxente o dos gobernos do Partido Popular.

E logo fala vostede de resposta áxil. A Lei de garantía de abastecemento vai ser unha resposta áxil. Levan vostedes co anteproxecto dende abril do ano 2018. ¡Viva a axilidade!

Afeounos vostede que non tivemos espírito construtivo. Dende aquí eu faleille dunha proposta de Lei de transición hidrolóxica e de que inclúan a área mariña como área protexida nese proxecto de lei de patrimonio natural que acaba de entrar no Parlamento; e de que fale coa conselleira do Mar para que non se leven os vertidos da dragaxe da ría de Pontevedra á illa de Sálvora. Son tres cousas que son propostas con espírito absolutamente construtivo, conselleira.

Vostede veu aquí, efectivamente, criticar a irresponsabilidade dos concellos. Foi o que fixo. Ría do Burgo, Concello da Coruña, creo que cinco anos para atrás gobernaba un señor que se apelidaba Negreira, e creo que é do Partido Popular. No ano 2013 veu unha delegación de eurodeputados da Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo e había dous metros de lodos para abaixo na ría do Burgo; tanto que un mergullador quedou alí, e tivo que deixar alí o traxe porque non eran capaces de sacalo —2013, non estamos a falar de hai trinta anos—.

Concello de Poio, Mariano Rajoy deixoulle un regalo ao señor Telmo Martín con esa declaración de interese xeral para unha parte da depuradora do Ron, Samieira, Raxó e Sanxenxo, foi un compromiso. Pois nestes días van ter vostedes noticias dese compromiso por parte do Goberno central.

Santiago, creo que hai cinco anos... Bueno, gobernaron varios, primeiro un señor que se apelida Conde Roa e logo Agustín Hernández, que viña de ser o número 25 e conselleiro de Medio Ambiente.

Sobre Sanxenxo dixo vostede: ¿como imos levar os residuos industriais ás depuradoras? Pois en Sanxenxo, curiosamente, Telmo Martín conseguiu levar os residuos industriais do polígono de Nantes a unha depuradora de residuos urbanos que está en Meaño, e ademais botalos nun espazo protexido que é Os Pasales, ese é o seu modelo.

En Vigo a depuradora do Lagares ten un nome, e ese nome é Elena Espinosa; ese é o nome da depuradora do Lagares en Vigo. En Ferrol creo que hai cinco anos gobernaba un señor que se chama José Manuel Rey. E en Pontevedra a súa solución é firmar un pacto ambiental con Ence para que a depuradora dos Praceres a arranxe Ence cos seus cartos. Pois ¡fantástico!, a verdade é que a xestión é inxente por parte da súa consellería, conselleira.

Podería vostede vir aquí e dicir que, pese a ter uns alumnos e unhas alumnas moi pouco avanzados, vostede ía intentar convencernos, pero sen mentir, sen dar ningún dato —porque non deu ningún dato real, non se referiu para nada nin aos orzamentos nin á execución dos orzamentos en infraestruturas hidráulicas—, de que é necesaria a colaboración de todos, e



non responsabilizar exclusivamente os concellos, porque vostede ten competencias. Por certo, non debería telas, debería telas a conselleira de Medio Ambiente, ao noso entender.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Parece que o cambio climático entrou tamén no Parlamento de Galicia, que sobe aquí a temperatura. Cando menos a ver se serve para que nos sensibilicemos todos e todas un pouco máis con esta cuestión, xusto cando estamos falando deste tema.

E a ver se desta vez entendín mellor a súa intervención; prestar atención, presteina, e tamén na primeira. Decía o señor Trenor ao inicio da súa intervención que perdemos o tempo nesta Cámara falando dos concellos, pero tanto o señor Trenor como a señora conselleira pasaron practicamente a súa intervención falando dos concellos.

E como xa dixeron os voceiros anteriores, os plans de emerxencia de seca non os puxo en marcha ningún concello, absolutamente ningún. É evidente que é un problema estrutural, e perdemos o tempo se estamos aquí dedicándonos a atacar os concellos das bancadas da oposición que non fixeron plan de emerxencia cando sabemos que é un problema estrutural, que ningún concello o puxo en marcha. Polo tanto, é evidente que non funciona esta fórmula e que hai que intervir dende a Xunta de Galicia, e non vir aquí perder o tempo en atacar os concellos da oposición. Nós poderíamos agora tamén estar facendo o mesmo co Partido Popular, pero é ridículo porque ningún o ten; entón, non o fagamos e busquemos solucións a ese problema.

Gustaríanos tamén que puxeran exemplos de concellos do Partido Popular que están facendo unha fantástica xestión do abastecemento e do saneamento. Póñame exemplos de concellos do Partido Popular. É un problema estrutural en Galicia; a maioría dos concellos, a práctica totalidade dos concellos, teñen problemas de saneamento e teñen problemas de abastecemento. Por iso dicimos que a Xunta de Galicia debe participar moi directamente nesta cuestión e debe establecer un marco de colaboración cos concellos para solventar esta problemática. Porque non é un problema de concellos dunha cor ou doutra, é un problema estrutural no que a Xunta de Galicia ten que ter unha maior implicación.

E, evidentemente, claro que ten competencias, ¡por suposto que ten competencias!, e ten que facelo e non o vén facendo. Se o problema está na maioría dos concellos de Galicia é un problema estrutural de Galicia, e a Xunta de Galicia ten que actuar, deixar de vir aquí atacar uns concellos ou outros e poñer solucións, porque é un problema moi serio e moi grave. É un problema moi serio e moi grave. (*Pronúncianse palabraas que non se perciben.*) Xa estou sendo construtivo, señora conselleira. ¡Póñanse a traballar e a actuar! E busquen marcos de colaboración cos concellos porque estamos diante dun problema moi grave.



¿Que fixeron dende a anterior alarma? Pregunteillo na primeira intervención. Despois da primeira alarma que houbo hai máis de ano e medio co abastecemento en Vigo, e tamén cos problemas de seca que houbo en Ourense, ¿que fixeron durante este ano e medio para que non nos volvamos atopar na mesma situación se nos volvemos atopar no mesmo contexto climático? ¿Que fixeron? Saia agora, na súa réplica, e diga que fixeron para que non nos volvamos atopar con esta situación.

¿Que pasa con Ribeira, señora conselleira? ¿Que pasa coa EDAR de Ribeira? Veña aquí dicir por que tres anos despois de investir máis de vinte e dous millóns nunha obra nova segue sen funcionar correctamente. Aínda non está entregada, ¡segue sen funcionar correctamente! Veña aquí e explique esa fantástica xestión que están facendo vostedes, que ademais puxo como exemplo os investimentos na ría de Arousa.

Tampouco nos falou dos lodos que pretenden instalar en Sálvora e das consecuencias que poden ter coa entrada das correntes na ría. Fálenos tamén diso, señora conselleira, xa que puxo como exemplo a ría de Arousa. Poñan unha solución.

E, ¡home!, o que di da EDAR de Vilagarcía, que é unha competencia municipal, bueno, é vergoñento que vostede o diga. O Concello leva máis de dez anos agardando a colaboración da Xunta de Galicia para poñer unha solución porque precisa dun investimento alto, e vostede sábeo, non veña aquí responsabilizar o concello. ¿Que están facendo para solventar ese problema? E deixe de botar balóns fóra, que é o único que fai con estas cuestións. Vostede ten competencias sobre o asunto, o Concello precisa un marco de colaboración, e están agardando a que a Xunta de Galicia se poña as pilas.

Na primeira intervención non me deu tempo a rematar, porque eu queríalle falar dalgunhas outras cuestións das que vostede non falou e que a min me parecen tremendamente importantes. Vou ser construtivo e voulle poñer enriba da mesa algunhas cuestións que a nós nos parecen fundamentais para afrontar o problema que temos co abastecemento da auga, coa caída deste recurso, pois cada vez temos menos recursos dispoñibles para poder garantir o dereito do acceso á auga en condicións de calidade, que ten que ver co consumo de certos sectores.

Gustaríame saber se ten pensado facer algo ou ten pensado actuar diante das industrias que teñen un altísimo consumo de recursos hídricos e que están tendo baixos custos no seu pagamento. Poñamos o exemplo de Ence. Ence consume máis que toda a cidade de Pontevedra pero paga pola auga un prezo ridículo. A nós isto parécenos que non ten sentido no actual contexto, no que hai escaseza de auga. Porque hai industrias que gañan decenas de millos de euros ao ano e están externalizando o custo en consumo de auga que non están pagando. ¿Cre vostede que deberíamos actuar sobre esta cuestión? ¿Cre vostede que se lles debería cobrar a auga a estas industrias, que obteñen grandes beneficios. están consumindo altísimas cantidades de auga e pagando menos que calquera cidadán? Gustaríame que na súa réplica falase sobre esta cuestión porque creo que neste contexto temos que actuar; é urxente que se actúe sobre esta cuestión.

¿Que pasa coas especies invasoras, que están consumindo altísimas cantidades de auga? O eucalipto e a acacia consomen o dobre de auga e as capas freáticas redúcense o dobre nas



zonas onde están. ¿Pensan vostedes actuar diante desta cuestión? Porque novamente vemos a Ence secando a Galicia. ¿Ten pensado actuar diante do eucalipto e da acacia, que están consumindo altísimas cantidades de recursos hídricos?

E como non me dan máis tempo, déixolle esas dúas preguntas enriba da mesa: as industrias e as plantas invasoras que están consumindo altas cantidades de auga. ¿Teñen pensado vostedes facer algo?

E tiña razón a señora Vilán, evidentemente, isto tiña que estar na Consellería de Medio Ambiente porque é onde se deben tratar estes temas, e non en Infraestruturas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, parece que todos estamos de acordo na importancia das nosas augas, pero o noso compromiso concrétase e ten o seu reflexo nos orzamentos e no seu caso hai moita palabrería. Non só é que non fagan o máis mínimo esforzo investidor, senón que poñen todos os obstáculos e atrancos alá onde poden. Eu, a raíz deste exercicio seu, non sei para que queren gobernar vostedes se son incapaces de priorizar.

Incluso vostede, señor Bará, que me falaba aquí dun informe que definía as situacións dalgúns sitios tan catastróficos. ¿Pero entón que é o que fan os seus gobernos? Se tan catastrófico é, se tan imperiosa é a necesidade de actuar, se tan urxente é, se vostede é tan consciente desa necesidade, ¿que fai vostede na deputación?, ¿que fai vostede no concello? ¡Nada, nada de nada! Pero é que, ademais, encima vostede está facendo un recoñecemento de que coñece esa situación. Non sei, vir aquí con argumentos que o deixan quedar mal a si mesmo paréceme un contrasentido; pero, bueno, ¡alá vostede!

Señora Vilán, ¿dígolle o que fixo na Coruña o Partido Popular? Máis de cen millóns de euros de investimento na ría, o que permite, precisamente, que teñamos unha ría que non contamine máis; unha ría que agora depura todo aquilo que ten que depurar. Ademais, defendemos e aprobamos a conexión de Meirama e Cecebre —non sei se se acorda vostede—, unha conexión de cando se estaba a encher o lago de Meirama. E fixémoslo coa oposición de En Marea e coa oposición do Bloque Nacionalista, que dicían que se ía envelenar a auga da Coruña, que ía haber cadmio, que ía haber arsénico nesa auga. Cinco anos despois, ¿onde quedaron aquelas denuncias? Cinco anos despois, e tras un goberno de catro anos de En Marea, daquelas denuncias non houbo nada. Iso é o que soe pasar coas denuncias que fai a oposición, coas alarmas que xera a oposición, que despois, cando eles gobernan, non cambian os feitos pero si cambian as denuncias ou cambian as alarmas.

Defendemos tamén un plan de renovación de todas as tuberías, precisamente para que non houbera filtracións nelas. Do que nos decatamos cando estivemos no Goberno é de que ía máis auga a depurar da que se consumía, co cal tiña que haber filtracións da auga do mar



dentro das propias tuberías, por iso se fixo un plan para iso. E fíxose tamén un plan — non está aquí agora mesmo o señor Prado pero sei que el o liderou— de eliminación de vertidos; plan que se executou na súa meirande parte co anterior goberno municipal e algúns dos proxectos que quedaron aprobados e que tamén quedaron orzamentados executounos a Marea.

¿Que fixo vostede? ¿Que fixo o Partido Socialista? Nada de nada. É máis, cando por fin había un compromiso de execución de orzamentos para a dragaxe, que é a última parte que queda... Non sei se quedou claro. O saneamento fíxose, fíxoo a Xunta de Galicia. O plan de vertidos fíxoo o Goberno, fíxoo tamén a Xunta de Galicia, e o Goberno municipal. E queda pendente unha parte, pero o máis importante fíxose. E ¿que é o que queda pendente?, o do Goberno do Estado. E eu díxenllo. O do Goberno do estado estaba orzamentado no 2018, non o executaron, desapareceu esa partida no 2019 e agora non sabemos o que vai pasar, porque incluso os compromisos de reasignación de fondos tampouco os cumpren vostedes. E iso a vostede provócalle a risa.

Mire, señor Bará, referido a Pontevedra, é a maior mostra de irresponsabilidade. O Concello de Pontevedra, no que vostede leva gobernando moitos anos, non deixa de boicotear os investimentos da Xunta de Galicia na súa ría; non deixa que os demais invistan para corrixir as deficiencias que son da súa responsabilidade. Ademais —como ben lle recordou a conselleira— Pontevedra é a única gran cidade de Galicia que non xestiona a depuración das súas augas. Non hai maior recoñecemento de incompetencia pola súa parte que negarse a asumir unha responsabilidade de xestión. ¡Menos mal que estamos outros para facer o traballo que non fai o Bloque Nacionalista Galego! E como ben lle recordou a conselleira, investíronse máis de corenta millóns de euros en saneamento e estamos pendentes de investir outros sesenta millóns de euros, que van permitir, entre outras actuacións, mellorar a EDAR de Praceres.

E sobre resultados electorais, resultado electoral estrepitoso, señor Bará, cando un saca menos da metade dos votos que saca outro partido debería ser moi, moi, prudente. Vostede nunha comisión xa me recoñeceu que non é o mesmo gobernar con sete concelleiros que gobernar con doce. E vostede dicíamo, precisamente, porque cando sacou os doce estaba vostede moi orgulloso e considerábase moi lexitimado para defender todo aquilo que propoñían, e consideraba que a oposición, que daquela tiña sete concelleiros, non estaba lexitimada nin para opinar sobre o que pasaba en Pontevedra, porque ese é o seu concepto da democracia. ¿Pero sabe que pasa? (*Aplausos.*) Que vostede me recoñecía que si, que vostede estaba máis lexitimado a gobernar cando tiña doce que cando tiña sete. Pois aplique o conto e aplique ese mesmo argumento ao resto dos municipios. Felicite a aqueles que gañan as eleccións e recoñeza que polo menos cando un non ten a maioría, cando os cidadáns non o respaldan, como mínimo hai un déficit de lexitimidade, señor Bará.

En Vigo a Xunta inviste 80 millóns de euros na EDAR do Lagares. O investimento era de 200 millóns, o maior investimento dunha obra hidráulica na nosa comunidade. ¿Que fai o Partido Socialista no eido da augas? Primeiro, ocultar os problemas de depuración da depuradora do Casal, que non é capaz de depurar a auga no encoro de Eiras cando este chega ao 40 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor TRENOR LÓPEZ: E quero recordarlle —porque vostede estaba neste Parlamento e eu tamén cando sufrimos aquela seca— cal foi o papel de cada un. Mentres vostede traía a esta Cámara iniciativas para endurecer os protocolos, para que se actuase contra a seca, para que a Xunta de Galicia arranxara todos aqueles problemas da seca, tiñamos un alcalde do que vostede presume e considera que simplemente porque gaña as eleccións...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...parece que xa está xustificado todo, incluso o que se fai mal. Aplique tamén ese argumento para esta Cámara. Aplíqueo, a ver cal é a consecuencia e a conclusión que vostede saca. E lémbrolle que, cando aquí se declarou a alerta, había un alcalde que dicía que non a ía cumprir.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Lémbrolle que dicía que lle sobraba auga, que lle sobraba auga incluso...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...para dar aos outros concellos.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, señor Trenor, terminou o seu tempo. *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* . *(Aplausos.)* Grazas, terminou o seu tempo.

Peche da comparecencia. Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, na miña intervención a miña intención foi trasladar a este Parlamento e aos grupos que o conforman cumprida información do traballo feito e das perspectivas do traballo que hai que facer para avanzar nos retos que temos no futuro: garantir e preservar o noso recurso máis valioso, que é a auga, de cara a avanzar a un uso responsable, no que todos os esforzos son poucos e no que temos que estar traballando conxuntamente, de cara a prepararnos para este novo contexto que xa temos do cambio climático.

En calquera caso, máis que facer un recompilatorio, tamén quero contestar a algunhas cuestións. O señor Bará di que a depuradora de Praceres é supramunicipal e que por iso, directamente, a Xunta de Galicia ten que. ten que... Non sei se vostede coñece a realidade territorial de toda Galicia. Limítase a Pontevedra. A depuradora da Coruña é supramunicipal, van os vertidos de Oleiros, de Cambre, de Arteixo, de Culleredo. ¿E quen a xestiona? Polo tanto, que sexa unha depuradora supramunicipal non implica que sexa a Xunta de Galicia a responsable do seu mantemento directamente. Eu creo que non coñece a realidade territorial que temos en Galicia e limítase a unha cuestión concreta. E volvo dicir, tan importante é a depuradora como a propia rede. Eu creo que a rede de Pontevedra, do concello de Pontevedra,



infiltra ata o 40 % en certos treitos de auga do mar. E incluso dígolle máis, regatos enteiros, e iso non é nada eficiente. Non o digo eu, dino os informes técnicos e as cámaras que se meten polas conducións, que sabe que iso se pode facer. ¿Eu que quere que lle diga? Tan importante é a depuradora como a rede, e aí temos exemplos da xestión de depuradoras supramunicipais noutros concellos, polo tanto, non mesture churras con merinas.

Señora Vilán, debe ser que non escoita, eu dixen e digo que os concellos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu entendo que non debe escoitar. Non sei, digo. Dixen e digo que os concellos teñen dificultades, que teñen dificultades e que temos que axudar. E ten que axudar tamén a deputación. Eu agardo que tamén a deputación comparta comigo que ten que axudar nesa tarefa tan importante e fundamental como di vostede, que tamén comparto. Eu agardo que si. Moitas grazas. Eu agardo e agradezo que si, que as deputacións, incluso a de Pontevedra. (*Aplausos.*) Eu agradézolle ese pacto e que me tenda a man para que as deputacións entren nisto. É fundamental, para arranxar de forma definitiva todo isto, que as deputacións... Eu tamén lles agradezo ese pacto no que estean as deputacións, que é fundamental.

Puxo aquí o exemplo do profesor e o mestre. Creo que o que quere entender entende. E permítame que lle diga que afirmou cousas que non dixen pero que si dixen. Entón, eu creo que teño a obriga de dicir... Ao mellor é que non me escoitou ben, pero dixó cousas que non dixen que si dixen. Non imos entrar aquí nesa cuestión... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), é cuestión menor o que dixen ou o que deixei de dicir.

En calquera caso, eu si lles digo que a ministra, a súa ministra para a Transición Ecolóxica, en todas as súas intervencións, cando empeza... (*Murmurios.*) Eu invítoos a que as escoiten. A súa ministra para a Transición Ecolóxica empeza falando das competencias dos concellos en abastecemento, saneamento e depuración. Polo tanto, non me veñan aquí como sempre, para min vale pero para os outros non vale.

En calquera caso, eu veño aquí falar do traballo feito, do traballo que temos por diante, de traballar conxuntamente, de apoiar os concellos nunha tarefa difícil na que teñen dificultades, sobre todo os máis pequenos, por esa dispersión que temos, esa singularidade galega, esa dispersión galega, que nos fai diferentes pero que nos dificulta á hora de executar e tamén de explotar infraestruturas.

Nunha hora é moi complicado falar de todo este tema en todos os detalles, pero é unha tarefa que temos todos por diante para traballar conxuntamente. Agradezo ese pacto no que estean as deputacións para traballar conxuntamente deputacións e Xunta cos concellos para axudalos, porque é o que temos que facer. É un desafío que temos por diante esa responsabilidade conxunta para un uso responsable da auga. Desafíos —como dicía— que se dificultan coa nosa singularidade territorial. Temos moito avanzado, creo que non podemos obviar o que temos avanzado na nosa comunidade. Son inxentes os recursos investidos, moitísimas as actuacións, e si que demos un salto importantísimo con eses 3,3 millóns de habitantes equivalentes xa conectados a un sistema de depuración. Vostede non lle dá importancia, pero en Europa danlle importancia e nós dámoslle importancia. Claro que hai que conectarse a un sistema de depuración, porque iso axuda, por suposto, a mellorar a calidade das augas.



Todos os investimentos realizados na ría do Burgo, todos os resultados, que os vemos aí, que mellorou a calidade das augas de C á B. Eu agardo que o Goberno de Madrid se implique na dragaxe.

Na ría de Arousa temos investido e seguimos avanzando.

A depuradora de Ribeira, señor Cal. Na depuradora de Ribeira o problema non era da depuradora, era un problema da rede. Por iso hai que falar conxuntamente: rede, colectores e sistemas de bombeo. Era un problema da rede e está subsanado. Para a súa tranquilidade, saiba vostede que está subsanado.

Plans de saneamento locais. ¿Que é o desenvolvemento dun plan de saneamento? Un plan de saneamento é unha escala de gran alcance, a gran escala. Están logo os plans hidrolóxicos. Os plans de saneamento local son a escala de detalle que permite concretar a diagnose e desenvolver actuacións. Aí están o da ría do Burgo, o da ría de Arousa, Noia, Cee, Ares e Betanzos nas rías, pero tamén noutros sitios como Lalín etc. É o seguimento e control de axuda aos concellos, asesorándoos e axudándoos a explotar as depuradoras en perfectas condicións.

Tamén o plan de control de vertidos, que nos permitiu eliminar máis de cincocentos vertidos nas rías galegas. Polo tanto, é innegable o esforzo do saneamento nas rías galegas, que se deu un salto importantísimo e que hai que seguir avanzando. Hai que seguir avanzando pero demos un salto importantísimo... Non lles gusta, pero o certo é que é importante. Eu doulle a gráfica. Se non ve, doulle a gráfica. Déalle a gráfica ao señor Bará para que vexa o salto de xigante, porque lle pasa como a min, que non ve ben de lonxe. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Seguiremos mellorando a prestación dos servizos como xa temos feito. Xa cumprimos as directivas de saneamento ata o 90 %, mellorando a calidade das augas. Incrementamos en dez puntos a mellora da calidade das augas, pero queremos seguir avanzando nesta materia con moitísimas actuacións que temos en marcha, previstas e planificadas. Para executar hai que planificar. Alguén comentou ¿que significa programado ou planificado? Pois o de sempre, empezar polo principio. Hai que planificar e programar para poder executar.

E neses retos que temos polo cambio climático, dous desafíos importantes: inundacións e seca. Por iso temos o Plan de xestión de risco de inundacións. Temos delimitadas esas áreas de risco de inundacións e estamos desenvolvendo os plans con actuacións concretas. E temos que facelo da man dos concellos porque estamos a falar de actuacións que requiren tamén medidas de protección civil e medidas urbanísticas, e hai que facelo da mans dos concellos.

As campañas de limpeza e mantemento dos ríos, con esa guía para mellorar a conservación dos nosos ríos en treitos interurbanos e en treitos urbanos. Eu agardo tamén podelo facer conxuntamente coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, para ter os mesmos criterios neste asunto. O decreto para facilitar as obras menores en zona de policía de augas, que lle demos moitas facilidades a esa xente que quere facer actuacións nos 100 metros nas marxes dos ríos. E traballar —como dicía— nesa xestión responsable, nesas garantías de subministración á poboación de auga en calidade e cantidade, e, por suposto, tamén para traballar



para unha resposta áxil e máis coordinada, non só facendo investimentos, senón con ese traballo de planificación como o Plan da seca, para ter pautas de aforro, limitar o uso prioritario e asegurar o abastecemento.

A lei de garantías de abastecemento, que eu considero realmente importante, é un instrumento de axuda aos concellos. Eu agardo que viran con bos ollos esas axudas do Plan da seca, que foi iniciativa nosa. Claro que queremos que os concellos na Xunta de Galicia teñan plans de seca, por iso aprobamos esa orde de axudas para implantar os plans de seca. E queremos que as deputacións axuden tamén á elaboración deses plans, porque se axudan, gañaremos todos.

Polo tanto, con esas achegas construtivas como a da deputada Patricia Vilán, para que as deputacións se incorporen a este pacto, que eu agradezo con toda sinceridade, é como debemos traballar. Dotarnos de planificación propia como eses plans de seca. E o apoio técnico e económico aos concellos nas súas competencias, que estamos a facer, que fixemos e queremos seguir facendo porque é necesario, porque queremos axudar, asistíndoos na execución das obras, asistíndoos, asesorándoos no mantemento destas actuacións, facilitando con novas ferramentas as axudas ao exercicio das súas competencias, con axudas económicas como o Plan de emerxencia para secas. Axudándoos á mellora da rede abastecemento, para evitar perdas en rede e conseguir fondos europeos conxuntamente para esas actuacións sostibles, ¿Que máis sostible é que evitar perdas en rede en épocas de seca como vimos no ano 2017?

Polo tanto, eu creo que esa é a folla de ruta que quixen trasladar: traballar conxuntamente, unidos, para o saneamento, o abastecemento, inundacións e seca. A responsabilidade é de todos, porque estamos a falar do uso responsable da auga, e, por suposto, require a responsabilidade de todos.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16 horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e trinta e dous minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto cuarto da orde do día, neste caso, de mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora Miranda Pena, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Miranda.



A señora MIRANDA PENA: Graciñas, señor presidente.

Ata o momento de ocupar aquel escano formeime e exercín como médica de atención primaria, dezanove anos, para constatar que o mellor que lle pode pasar á xente deste país dende o punto de vista sanitario é ter un equipo solvente de profesionais de primaria. Non teño dúbida: poucos patrimonios aportan tanto valor ao público, poucos servizos teñen tanta capacidade de paliar as desigualdades, de detectar necesidades e de localizar recursos sociais e sanitarios máis axeitados para as necesidades de cada persoa.

Un sistema sanitario que se prece debe considerar a atención primaria o nivel asistencial central, non a porta de entrada, o centro dunha atención pública de calidade, por ser accesible, por ser eficiente, por ser equitativo, continuo, lonxitudinal e implantado no territorio e, sobre todo, por ter capacidade resolutiva cando se lle deixa traballar ben, cando se lle deixa traballar ben. Pero aquí o gasto per cápita en primaria é de 175 euros, fronte aos 914 do hospital.

Un bo sistema sanitario tamén debe ter na máxima consideración as súas profesionais, con dignidade laboral. É hipócrita pensar que profesionais maltratadas poden exercer ben os coidados. Atopámonos ante unha fuxida cara a adiante da Consellería de Sanidade, cun plan que non aborda as necesidades da atención primaria. Por iso trouxemos esta moción de novo, por iso e porque está convocada unha folga para o vindeiro día 19.

Asembleas unánimes —junánimes!— de profesionais pediron folga na primaria. É necesario un novo modelo, hai que considerar os novos perfís de demanda, a comorbilidade, a cronicidade, o avellentamento, a burocratización, a fragmentación da asistencia. Hai que revisar a dotación de profesionais e os roles e hai que reconsiderar por exemplo o papel das enfermeiras no manexo da cronicidade.

Para iso hai que comezar por dotar dun 25 % de orzamento no menor prazo posible, excluindo o gasto farmacéutico, sen demoras. Os países con primarias solventes teñen sistemas sanitarios máis decentes, e nós andamos entre un 11 % e un 13 % de orzamento. Comezamos mal.

Hai que recuperar as estruturas de xestión propia da primaria. Parece unha ladaíña xa de tanto repetilo, pero é que non se acaba de asumir. Non se queren direccións supeditadas.

Cómpre derrogar as EOXI, porque son unha coartada para a mercantilización da saúde, para o hospitalocentrismo. O hospital é máis caro e máis sensible ao negocio da saúde, e a primaria é máis barata e máis eficiente. No hospital hai bastante máis marxe para facer negocio coa farmacia, coa tecnoloxía e coas derivacións á concertada.

E jollo!, porque con tanta demolición do público, o 15 % das galegas e dos galegos xa teñen seguro privado. Igual iso si que interesa. A nós non, claro.

Debemos establecer cupos máximos, ao redor de mil douscentos cincuenta pacientes por equipo, por suposto individualizando e estratificando. O Ianus, o noso sistema de historia clínica electrónica, non calibra ben. Precisamos medir mellor os datos sociais e os económicos.



cos. As que fixemos clínica algún día sabemos que é moito máis complexa a atención a un paciente con vulnerabilidade social que a un paciente con grave cardiopatía, por exemplo.

Hai que limitar os pacientes por día, por exemplo a vinte e cinco citados. Non serve o argumento de que se xeran listas de agarda. Claro que se xeran, pero a solución non é saturar, é dignificar, dotar de profesionais suficientes a atención primaria. Esa é a única solución para non ter listas de agarda.

¿E que pasa cos pacientes que chegan cada día fóra de axenda? Pois hai que facer unha triaxe, con protocolos decentes para o persoal de servizos xerais que está na porta e nos mostradores, con xestión e con valentía, porque o PP está vendendo que o sistema é accesible. Claro, pero o único prezo estano pagando as profesionais, forzando as súas axendas e rematando tarde as súas xornadas.

O tempo en primaria é ouro en diagnósticos e en tratamentos, hai que darlle a cada paciente o tempo que precisa, non menos de dez minutos en demanda. Os cataláns conseguiron ter doce minutos por cada paciente. Canto menos tempo ten a primaria para ver con calidade os pacientes, máis intervencionista é o sistema. Precisamos tempo para facer boas historias clínicas e boas exploracións, para pedir menos probas ou para orientalas mellor.

A primaria precisa o mesmo catálogo de probas que o hospital, sen burocracia, e sen que a xente teña a sensación de que ten que facer un maratón para xustificar cada proba que solicita.

É necesario evitar a eventualidade, polas profesionais, pero tamén polos pacientes, porque a continuidade no trato é un elemento de gran valor sanitario, e hai que preservalo con políticas sanitarias. Non serve o contrato de continuidade —as precarias sábeno ben—. Das cen MIR que remataron hai escasamente uns días, só doce se acolleron a este contrato. Hai que deixar de improvisar co sistema de substitucións.

E hai que ofrecer todas as vacantes nas oposicións. Só se fideliza os profesionais cando son tratados ben. Hai falta de transparencia, non se saben as vacantes, non se sabe a previsión de xubilacións nin o plan de continxencia para a súa cobertura.

Chega tarde o plan de formación de máis especialistas. Antes recortaron e agora non teñen. Iso non é unha desculpa, é unha grave irresponsabilidade.

Falemos dos PAC. Teñen que deixar de roubarlles o seu tempo e o seu salario. Apliquen un cómputo de xornada correcto e páguenlles os complementos que lles deben. Xa non serve a crise como coartada.

Esta fin de semana, no PAC da Parda, en Marín e en Caldas, traballaron por debaixo dos mínimos, traballaron cun médico de menos. Están sendo autenticamente irresponsables na xestión de profesionais nos puntos de atención continuada.

Formación continuada de calidade, sen fumes da industria farmacéutica, en horario laboral ou computando as horas. O Sergas están contentísimo de que as profesionais se formen no



seu tempo libre, claro, porque son responsables, e logo así saen as enquisas, cunha valoración tremendamente boa, non grazas ao Sergas, senón grazas ás profesionais.

Hai que saír máis das consultas, hai que facer atención comunitaria, hai que saber como vive a xente que atendemos, educando para a saúde, fomentando a autonomía das persoas enfermas, evitando frecuentacións innecesarias. E aquí claro que son vitais as enfermeiras e as auxiliares, as TCAE, que amortizaron dos centros de saúde e eran importantes para xestionar os materiais.

O traballo en equipo é comunicación entre profesionais, e se queren liderados de xefaturas de servizo, que sexan consensuados e en base a méritos. O sistema dixital non funciona ben para o consenso.

Hai que xeneralizar as traballadoras sociais e as psicólogas na primaria, para manexar o sufrimento social, a vulnerabilidade, as adicións, evitando medicalizacións innecesarias, porque unha parte moi importante dos problemas que chegan á atención primaria resólvese sen fármacos.

Onte mesmo publicaba un xornal de tirada galega o mal que estamos facendo as cousas co alcoholismo. Non temos recursos suficientes para tratar unha patoloxía que é tremendamente prevalente na nosa poboación.

E o mesmo coa fisioterapia. É vital garantir a recuperación funcional das persoas, en prazos desexables, cerca das súas casas, e evitando esperas que poidan condicionar os seus pronósticos, porque de nada serve aplicar o Código ictus cando logo temos unha persoa cunha paresia esperando seis meses a ser rehabilitada.

Hai que valorar os recursos que precisa a atención domiciliaria, porque é un valor exclusivo da primaria, e tamén os paliativos e a morte digna. Hai que ler a Iona Heath; se non a coñecen, recoméndolles o seu libro «Ayudar a morir». Pódense abordar os paliativos na casa, pero non despois de atender corenta persoas nunha consulta. Hai que recuperar a normalización da morte nas casas das persoas maiores, porque non podemos ter os servizos de urxencias colapsados, cheos de anciáns de 90 anos esgotando de forma natural a súa vida, en box de urxencias. Hai que evitar o ingreso de persoas con pronóstico natural de vida limitado que desexen quedar na casa. Estamos perdendo o norte, estamos perdendo dignidade na morte dos nosos maiores, das nosas persoas maiores.

Hai que revisar a equidade na repartición de recursos, porque temos cupos moi desiguais, e hai que axilizar a resposta hospitalaria; ningunha consulta preferente debería quedar sen resposta en quince días.

Tamén hai que eliminar as listas de agarda non estruturais, porque non se pode tolerar mandar a xente ao mostrador e que lle digan: xa a chamaremos. Máxima transparencia e menos coartadas para derivar xente á concertada. Non queremos leis que garantan o negocio para as privadas; as leis de garantías, para a xente.

Falemos da docencia e da investigación. (*Murmurios*.) O señor conselleiro falaba de incrementar os residentes. Miren, eu fun titora de residentes, fun titora de MIR, e son consciente



de que fan falta mellores condicións, tanto para eles como para as persoas que os forman. A promoción que remata en Vigo estes días quixeron usala para asumir gardas como se foran titulares antes de rematar o seu período de formación. Non os preocupa a excelencia, preocupávos resolver a papeleta. A nós si nos importa a calidade da primaria.

Non quero deixar pasar a necesidade de falar da perspectiva de xénero, hai que incorporala á formación dos profesionais, porque aínda temos unha débeda coa igualdade no trato ás mulleres deste país, e se non o cren, lean sobra a fenda de xénero ou lembren que trinta e nove homes asasinaron mulleres este ano. Desde a primaria tamén se debe traballar aí.

Non sei se teño máis tempo.

O señor PRESIDENTE: Xa rematou. Ten outro turno despois. Mire o reloxo.

A señora MIRANDA PENA: Vale, vale. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Cando falamos da situación dramática da atención primaria, cando falamos da deterioración que leva experimentado nos últimos anos a atención primaria, que leva os profesionais e os galegos e galegas a saír ás rúas e a demandar que se cambie a folla de ruta, porque están perdendo calidade asistencial, non estamos a falar de situacións teóricas, senón dunha realidade constante e permanente que se vive a diario.

Luns 20 de maio, de catro médicos de familia que tiña que haber no Centro de Saúde de Arzúa, só había un ás 8 da mañá, e non é porque fora un problema sobrevido, unha cuestión de última hora, senón que dende o xoves anterior sabían que ían faltar dous profesionais e non fixeron nada por evitar a situación, que onde tiña que haber catro houbera un só.

Como se acaba de dicir aquí, titulares de prensa desta fin de semana: os servizos de urxencias extrahospitalarios da comarca de Pontevedra padecen unha fin de semana ao límite. A falta de persoal deixa os PAC con dous, un e incluso ningún médico. Na Parda, con espera de máis de dúas horas, colocaron carteis nos que se advertiu da situación. Os facultativos temen o que poida pasar cando chegue o pleno verán. Na Parda, un médico menos para atendelos, por debaixo dos servizos mínimos. Continuamente prestando asistencia sanitaria por debaixo dos servizos mínimos, eses servizos mínimos que, cando os profesionais convocan folgas, resulta que impón a Xunta e que sempre son máis que os que están prestando atención todos os días.

Pero isto pasou na comarca de Pontevedra, pero tamén pasou en Marín, en Caldas ou en Baltar. Nos tres PAC traballou soamente un médico, que cando ten que saír para unha urxencia, como todos e todas sabemos, quedan sen atender as persoas que alí se achegan.



Esta situación é continua e permanente. A isto podemos sumar a situación de pediatría. Podemos falar de que en Zas, lonxe de solucionar o problema, pois empeorouse. Podemos falar de que en Cambados, hai un ano, había catro pediatras e hoxe hai un, porque un xubilouse e non se cubriu, a outro ofertáronlle unha praza en Poio porque non tiña, e como lle quedaba mellor pois foise para Poio; co cal seguimos descontando, e onde había catro agora hai un. ¿E como se suple? Ben, pois algúns días polas mañás vai un médico de familia en media xornada atender as cuestións prioritarias. ¿E o resto do tempo? Ben, *¡búsquense la vida!* Esa é a solución que lles dan ás persoas que necesitan atención sanitaria. E poderíamos falar de Gondomar, podemos falar de Mondariz..., podemos seguir enumerando aquí cal é a situación. Non son casos puntuais, senón un suma e segue que non se soluciona.

¿Que se está demandando para a atención primaria, por enésima vez? ¿Que demandan os profesionais? Orzamento. E o BNG trouxo aquí unha lei para dotación orzamentaria neste ano 2019 e o Partido Popular vota en contra. Capacidade de planificar, é dicir, que a atención primaria recupere xestións propias para que poidan ter o seu orzamento, a súa capacidade de decisión, para non estar secundarizada a respecto da atención hospitalaria. Tampouco o Partido Popular está atendendo esta demanda. Máis persoal; demándase a convocatoria inmediata de todas as prazas estruturais que están cubertas en situación de precariedade; tampouco está atendendo, dende logo, máis alá dalgúns xestos, esta cuestión o Partido Popular: acabar coa precariedade laboral.

Hoxe, estes días viña unha nova que deses contratos para os médicos de familia tan fantásticos pois de cen ofertados só hai doce profesionais que atenderon esa demanda. ¿E que din? Que entre a precariedade maior ou a precariedade que está pois xa quedan coa que está. (*Murmurios.*) ¡Si, si, din iso, din iso! ¿E solución ao problema dos PAC? Ben, ningunha destas cuestións, dende logo, está sendo atendida por parte da Xunta do Partido Popular dende logo na celeridade nin nas cuestións fundamentais que se teñen en conta. Porque se imos ás propostas que están encima da mesa, podemos falar dos 21 millóns para materiais, para cuestións informáticas, que non son as cuestións prioritarias que se están demandando.

Co cal nós hoxe imos votar a favor deste plan de goberno que presenta En Marea, unha moción moi extensa que contempla moitas actuacións. Nalgunhas, evidentemente, teríamos matices. Pero, en todo caso, o que se quere poñer aquí encima da mesa é que hai montóns de problemas de atención primaria que están sen resolver e que, dende logo, o camiño que está cursando o Partido Popular non vai na boa dirección. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Dadas as horas, está ben poder debater unha iniciativa e facela con paixón; nótase a vontade e a dedicación da propoñente neste non sei se plan de goberno, polo menos un pro-



grama electoral, porque é certo que é extenso e nótase a paixón tamén na extensión da proposta. Sería interesante poder ter debates completos sobre toda a cuestión, pero, ben, por unha cuestión de operatividade, pois tamén é difícil entrar a fondo nunha moción tan ampla, e, como sempre ocorre, canto máis abarcamos pois máis deixamos sen tocar. Porque, ben —como dicía tamén a voceira do NBG—, é difícil entrar nalgunhas cuestións.

Nós compartimos a perspectiva e apoiaremos a moción e entendémola como unha declaración de intencións. Desde o noso punto de vista hai algunhas inconcrecións e —xa postos a expoñer todo— fáltannos cousas; cada un tira para o seu. Por poñer un exemplo, boto en falta cousas sobre saúde mental —aí algunha cousa— e incluso sobre a enfermería da saúde mental. Isto parece que está de moda agora, pero na II República xa o defendía Luis Valenciano Gayá, que era un psiquiatra moi coñecido; a voz da eurodeputada era valenciana.

Nós imos apoiar esta iniciativa como declaración de intencións. Compartimos esta perspectiva. Para nós a cuestión esencial que en realidade predomina sobre esta situación e sobre outras, como defendemos habitualmente, está no problema de persoal no sistema sanitario. Hai un problema de persoal no sistema sanitario, temos un número insuficiente de persoal e temos unha política de recursos humanos sobre os que si que están —sobre os que non, é deficiente, porque non hai— bastante explotadora, dun modelo bastante precarizador do traballo, en termos de insuficiencia.

Nós presentamos unha iniciativa, que debateremos mañá —como moitas outras que vimos debatendo habitualmente—, tamén coa intención de que algunhas desas informacións que se dan e que dá o presidente habitualmente que se nos poida explicar de onde saen. Porque cando un pretende avaliar con datos obxectivos a situación do persoal do sistema sanitario galego público atópase con que hai moitas declaracións públicas de dirixentes, pero datos reais aportados con documentos, ningún. Xa saben: aquí aínda se fala constantemente de que hai mil quiñentos profesionais máis agora que hai un ano ou que hai dez anos, pero nos orzamentos non están e non se pagan; polo tanto, se non se pagan, ou ben están traballando por vontade propia ou ben hai alguén que está contando que hai profesionais que non hai.

¿Onde están os datos? Iso preguntámonos. ¿Onde están os datos? Os reais, non os que ten a consellería, que di que ten, que evidentemente non é posible comprobalos porque non os dá e entón é moi fácil poder dicir aquí que hai. Como dixo o outro día o presidente, o 88 % de estabilidade en enfermería. ¡Imposible! Pero pode dicir 88 como pode dicir 10 ou 97; total, non aporta ningún dato.

E é unha cuestión de precarización, que non é que o diga o Partido Socialista —que o dicimos habitualmente— nin que o digan os colectivos profesionais —que o din habitualmente—. Non, non. Trátase de que o din os xulgados. Está o Sergas tendo sentenzas en contra por problemas claramente de estar —ímolo dicir— terxiversando a legalidade para aproveitarse e explotar os traballadores, a ver se así o podemos entender: concatenación de contratos que están ocupando prazas estruturais pero concatenando eventualmente, problemas de resolucións xudiciais que obrigan a indemnizar profesionais por saturación no traballo. Están goteando constantemente, ¡e máis que vai haber!



Cando empezou isto no xulgado, moitos avisamos de que tiñamos un problema por diante de ineficiencia na xestión, ademais do problema que supón que a Administración teña que estar enfrontándose a multas así. Pero contestouse neste Parlamento que iso non afectaría nunca o Sergas, que ese problema non existía. Sistemático: cada xe tempo empezan a aparecer denuncias, e agora xa bastante amplas. ¿Onde están as explicacións? Non hai datos, tampouco hai explicacións. O único que hai é un mundo fantasioso no que alguén di que hai moitos máis traballadores que cobran máis, que están máis estables e que o sistema sanitario está mellor que nunca, pero, fóra desas declaracións, ninguén máis o respalda.

Hai problemas nos PAC. Seguen os profesionais demandando cousas, que, de verdade, se cada un puideramos facer un repaso persoal sobre o que están demandando, sorprenderíanos que non o tiveran non só concedido, senón que teñan que estar hoxe en día demandando esas condicións. Profesionais dos centros de saúde que dimiten e aos que se ataca, facultativos que están denunciando exaxeración nas cargas de traballo, as TCAE protestando, enfermeiros e enfermeiras..., e na consellería como quen oe chover: non pasa nada, todo isto está moi ben, temos a mellor sanidade do mundo e en Galicia estamos no mellor momento do mundo. Non valía nin sequera con dicir que estamos ben, que a situación é boa; non, no mellor do mundo, porque, xa de facer as cousas, facelas ao grande.

Ben, a ver se estamos nunha época na que as situacións nos permiten a todos reflexionar sobre as cousas e ser capaces de chegar a algúns acordos e recoñecernos posicións mutuamente. A partir de recoñecernos posicións mutuamente —cousa que neste Parlamento se está facendo pouco nos últimos tempos, pero sempre é bo momento para facelo—, se cadra, somos capaces de chegar a algún acordo. Porque a verdade é que, ata o de agora, moita soberbia, moitas declaracións, poucos datos e poucas respostas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Torrado, houbo unha Comisión de investigación da sanidade galega onde se expuxeron eses datos e se presentaron os informes, e vostedes ausentáronse, xa me dirá vostede por que. (*Murmurios.*)

Señora Miranda, trae vostede hoxe a pleno unha moción con trinta e cinco puntos —que son máis, porque neses puntos da numeración aínda se agochan máis propostas—. Parece difícil —e coincido cos voceiros que me precederon— responder nun tempo tan limitado.



Ambos os dous somos profesionais médicos de atención primaria e sabemos o que hai, jeh!, sabémolo perfectamente ben, coñecemos de primeira man as eivas e os problemas da atención primaria.

Eu escoito con atención sempre as súas intervencións en relación coa atención primaria, que son enfáticas, sempre cun certo punto poético. E a verdade é que comparto moitas das cousas que vostede di, outras non, nin as solucións que propón tampouco. Pero, si, con respecto á súa moción, tamén comparto moitos dos puntos que vostede di, puntos que están en vías de solución co Plan de atención primaria e co consello técnico que se ten creado, consello que se vai reunir esta mesma semana.

Da súa intervención de hoxe sorprendeume a afirmación sobre a morte de persoas maiores en urxencias ou o de acudir a urxencias con xente maior, que sabe que eu tamén comparto con vostede. Choca un pouco coa demagogia que se fixo neste Parlamento cunha serie de falsas denuncias do hospital de Santiago que se trataron aquí doutra maneira distinta.

E mire, sabe vostede tamén que os problemas fundamentais da atención primaria en Galicia son dous: o déficit de profesionais e o envellecemento e a cronicidade da poboación. A propia presidenta de Agamfec, da Asociación Galega de Medicina de Familia e Comunitaria, asina unha carta nun xornal, co resto da xunta directiva desa asociación, e así o expresa textualmente no primeiro parágrafo; ademais, nesa misiva di que hai ausencia de bolsa de paro e situación de pleno emprego, o que supón a non cobertura de ausencias xeradas por permisos e incapacidade temporal.

E nese contexto de déficit de profesionais vostede demanda cotas de mil duascenas cincuenta TIS por facultativo, limitar a trinta ou a vinte e catro —depende de como se mire, ou a vinte e cinco— o número de pacientes por día ou un mínimo de dez minutos. ¿Poderíame dicir vostede como xestionaría esta hipotética situación que demandan e ata onde chegarían as listas de espera en atención primaria se se cumprisen todas estas propostas?

Mire, hai anos chegou ao meu centro de saúde unha profesional, que viña ademais de ser directiva de atención primaria, e fixo exactamente isto que vostede di, é dicir, limitou o número de enfermos por día. ¿E sabe o que pasou? Pois mire, que as listas de agarda medraron en semanas, que os pacientes acudían de xeito habitual aos PAC e que marcharon todos do cupo para as cotas dos outros compañeiros. Esa era a solución nun momento no que era relativamente máis fácil aínda cubrir as ausencias que hoxe. Eu non sei se vostedes queren que pase iso, non o sei. Mire, señora Miranda, sexamos serios. Estas solucións nin son viables na actualidade en Galicia nin no resto do Estado co número de médicos de familia dos que se dispón na actualidade. E ese tema, como outros, tratarase nesa reunión do consello técnico.

Con respecto a algún dos puntos que di, o 25 % do orzamento, excluindo o gasto en farmacia para atención primaria. Parece excesivo, neste momento é difícil de aplicar. Non sei por que exclúen o gasto farmacéutico de primaria, non o explicou.

As direccións de primaria e o orzamento propio están contempladas no Plan de atención primaria, que foi consensuado con numerosos colectivos, asociacións e colexios profesionais.



Probas complementarias e relación primaria-hospital. Tamén se está a avanzar, con medidas incluídas no plan.

Creación de novas prazas estruturais ou a oferta de todas as prazas vacantes e recentes xubilacións. Sabe vostede que está limitado pola taxa de reposición do Goberno central. Vostedes poden axudar a derrogar a dita taxa de reposición, poden axudar. Mire, vostedes asinaron uns orzamentos do ano 2019 co Partido Socialista onde non aparece retirar a taxa de reposición en sanidade; si aparece para corporacións locais e si aparece para universidades, pero non para a sanidade pública.

A triaxe en primaria, o TRIAP. Tamén se contempla no plan.

Incorporación doutros profesionais doutras categorías. Nas convocatorias de prazas e no propio plan.

Atención domiciliaria e paliativos en primaria. Efectivamente, ese é o futuro da atención á cronicidade, e non teña dúbida de que eu comparto que haberá que habilitar medios e profesionais para estendela, pero a día de hoxe sabe vostede que non é viable.

En resumo, señora Miranda, hai un Plan de atención primaria que se está a desenvolver en Galicia, que foi pioneira en actuacións e medidas xunto co País Vasco; por certo, esa «Arcadia feliz» da sanidade española que o próximo día 17 ten convocada unha folga de todos os colectivos de atención primaria, o 17 deste mes; non é Galicia soa. O Consello Técnico de Atención Primaria vaise reunir esta mesma semana e estanse a tomar medidas a curto prazo en gran parte dos puntos da súa moción.

Dos oitenta e sete médicos de familia, de mil que remataron este ano —remato, presidente—, setenta e oito quedaron a traballar en Galicia, incorporáronse cinco máis, oitenta e tres; dos dezaseis pediatras, quedaron catorce, incorpóranse dous, dezaseis. Parece que non son tan malas as condicións de traballo, segundo esas cifras.

Mire, señora Miranda, non imos apoiar a súa moción porque pensamos que as solucións para os problemas da atención primaria están ben encamiñadas co plan e o consello técnico. E as medidas do primeiro e as persoas que compoñen o segundo merecen un período de carencia ou un tempo de cortesía para permitir que se valore o seu traballo e a efectividade das propostas do plan.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo autor da moción, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Graciñas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio ao BNG e ao PSdG. Comparto co señor Torrado que, precisamente, sería necesaria máis dotación de profesionais da saúde mental, enfer-



meiras de saúde mental, claro que si. Son absolutamente necesarias para dignificar a atención a enfermos mentais crónicos. Compártoo, e podería incorporalo a eses 36 puntos. Desculpade que fora incapaz de sintetizar, porque, efectivamente, a paixón lévame e non son capaz de prescindir de ningún destes 36 puntos.

Señor Centeno, encántame que traia aquí a presidenta da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, porque foi precisamente unha profesional visible e respectada que se levantou da última reunión do seu consello técnico, nese no que están buscando solucións para a atención primaria. Está claro que esta profesional respectable non comparte as súas solucións.

Quedoume dicirlles antes unha cousa. Non se deixen levar polo clasismo e pola xenofobia. Porque no noso país aínda viven persoas excluídas do dereito á saúde. Empreguen medidas proactivas para a súa detección, falen con entidades que atenden a saúde no cuarto mundo e non deixen a ninguén sen atención sanitaria, porque aínda temos persoas, focos enteiros, en exclusión sanitaria. Falen coas traballadoras, con todas as traballadoras, lembren o da folga do día 19. Estalles falando alto e claro: non serviron eses grupos de traballo. E xa lles digo que abandonaron algunhas profesionais eses grupos. Non serviu ese plan improvisado, non serve que vostedes seleccionen con quen queren falar. Non serve un comité técnico que avanza un milímetro por mes.

Estiven lendo as súas convocatorias para este xoves. Están entretendo, e a xente non é tonta, xa foron desenmascarados. A primaria vai parar, vai facer folga, e vostedes van ter que escoitar doutro modo. escoiten as profesionais, estalles dicindo que queren medios, queren dignidade, queren axendas menos saturadas, menos precariedade, queren estruturas de xestión propias, queren tempo para atender as persoas, tempo para atender as persoas. Queren a satisfacción do traballo ben feito, non queren humillacións. Queren resolver problemas de saúde porque saben como facelo.

É ben triste que unha administración resulte unha barreira para que as súas profesionais, que son responsables, fagan o seu traballo como saben facelo. E isto ocorre cando se atende a intereses que non son precisamente os da xente enferma. Révisenos. Desenvolvan un bo plan, un plan que coide da xente, con visión de futuro, con peso da primaria, con recursos humanos, centrado nas persoas, cunha boa atención que non descoide a prevención nin a promoción e que siga mirando á comunidade.

Pero xa coñecemos os argumentos do señor Almuíña. O outro día retratábase. O seu compromiso, o compromiso coa saúde pública, coa sanidade pública, para el é facer política na consulta. O outro día foi ben pouco elegante, ¡caramba!

Eu teño a conciencia cristalina, señores. Igual os que deben aclarar os seus conflitos de intereses son vostedes. A privada séntase nesa bancada, non na outra. Fagan política, señores do PP, pero fagan política para a xente, non para os seus.

Isto é todo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.



Votación da moción

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar esta moción.

Pechen as portas, por favor.

Votación da moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa implantación dun novo plan para a atención primaria do sistema sanitario público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Rematou esta votación. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 5^o da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-002425, doc. núm. 32252)

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre san Rafael S.L. no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras



para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro. 4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.

10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.

12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga



de escorrentía interior. 13. Incluir un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.

14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade. 14. Incluir un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.

15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.

16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.

17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.

18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.

19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.

20. Incluir un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

21. Incluir un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc...).

23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Sánchez.



O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Hai unha semana coñecemos o informe do Defensor del Pueblo, o señor Marugán, sobre a mina de Touro, ante unha queixa presentada por un particular. O que alí expresou este informe unha vez máis é a relación ou o relatorio dos mesmos tics, o mesmo *modus operandi*, do Goberno galego durante estes últimos anos en política mineira: deficiente actuación inspectora e sancionadora, é dicir, tolerancia coa contaminación de determinadas empresas; facilidades para estas empresas nos trámites administrativos —incluso incumprindo a lexislación—; socialización dos impactos —pagamos todos as desfeitas cometidas polas empresas—; ou a ausencia de planificación e conciliación cos valores paisaxísticos, ambientais e naturais.

Fai un relatorio exhaustivo, o Defensor del Pueblo, que inclúe a ausencia dun plan de restauración aprobado e/ou actualizado para a actividade mineira, o que dificulta o control dos traballos de restauración, ata o punto de que se destinan fondos públicos para arranxar o que debería de ter arranxado a empresa. Di textualmente: «A Consellería de Economía fai referencia a algunhas actuacións de recuperación acometidas polo titular da explotación, aínda que non está claro se se realizaron en execución do único plan de restauración aprobado ou no marco do convenio suscrito polas tres administracións, que asumen con cargo aos presupostos públicos os labores de descontaminación que deberían de ter sido sufragados por quen xerou a contaminación». E iso é o que vimos defendendo durante moito tempo dende En Marea. É unha cuestión grave que, ademais, é consecuencia da inacción durante anos e anos.

Tamén alerta o Defensor del Pueblo dunha deficiente actuación na inspección e sanción nos últimos dez anos. Só se inspeccionou en cinco deles. En dous foi favorable pero cunha información demasiado sucinta, segundo o Defensor del Pueblo. Denuncia que durante un período de seis anos non se presentou plan de labores —aínda que isto xa é dunha época moi pretérita, de 1988 ao 1993— nin se sancionou nin se iniciou expediente sancionador. Di que o proxecto de reapertura non debe de tramitarse como unha simple modificación do proxecto de explotación, senón como unha modificación da concesión. E incluso fala do informe que emitiu Augas de Galicia o 7 de febreiro que manifesta que o estudo de impacto ambiental presentado pola empresa non ten información suficiente nin con suficiente detalle —informe presentado o 7 de febreiro, dous anos despois de iniciar os trámites do proxecto de reapertura—.

É un relatorio que tamén fala, por exemplo, da desfeita ambiental producida no peche da mina no ano 1988, fala da propia declaración de Augas de Galicia que cualifica o estado dos acuíferos do entorno da mina de lamentable. E constátase o que todos sabemos: que o proxecto de drenaxe que pretende facer agora a empresa, o que está en trámite, é o recoñecemento de que durante moitos anos os regatos Felisa, Portapego e Argumil levaban contaminándose por vertidos procedentes da antiga mina.

E todos estes exemplos ou similares aos que pasan con Touro pasan en San Fins, pasan en Santa Comba, pasan en Monte Neme ou pasan en moitos dos lugares onde hai explotacións mineiras e onde a Xunta de Galicia non fai o seu labor de vixilancia e de cumprimento da lei, de cumprir coa potestade inspectora e sancionadora.



Denuncia tamén unha cuestión de fondo moi grave o Defensor del Pueblo, moi grave e de teor xeral: a ausencia dun plan sectorial de actividades extractivas de Galicia, que é o máximo instrumento de planificación da Lei 3/2008, de minaría de Galicia. Di textualmente: «De acordo coa Lei 3/2008, o plan de actividades extractivas, tras unha avaliación estratéxica, é o instrumento a través do cal debe de ordenarse o sector mineiro na comunidade autónoma, garantindo a sostibilidade do aproveitamento; é dicir, a súa compatibilidade coa protección medioambiental, a súa conformidade coa ordenación territorial e os usos do solo, e a ponderación dos distintos intereses que concorren no desenvolvemento económico e social do territorio. A lei galega cualifica o Plan de actividades extractivas como o máximo instrumento de planificación mineira, o que equivale a afirmar o seu carácter preceptivo para a consecución dos obxectivos fixados. Así, o artigo 5 da lei sinala que corresponde ao órgano competente en materia de minas promover e planificar a actividade mineira en Galicia, elaborando o Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia. Pese a que, conforme a este precepto, a competencia para planificar se exerce a través do citado Plan sectorial de actividades extractivas, a súa aprobación aínda non se levou a cabo a pesar da súa extraordinaria importancia, aínda que se iniciou a súa tramitación en 2013. A Administración non explicou as razóns da extraordinaria demora nin indicou o seu actual estado de tramitación. En todo caso, a disposición final terceira da Lei de ordenación da minaría de Galicia ordenaba a súa aprobación no prazo dun ano dende a entrada en vigor da lei».

É dicir, o instrumento que ten que garantir a planificación do desenvolvemento da actividade mineira para que esta sexa compatible co desenvolvemento económico, coa protección dos valores ambientais, paisaxísticos ou culturais, o máximo instrumento de planificación mineira, en 2019 segue sen aprobarse por parte do Goberno galego, unha razón máis para pedir e solicitar responsabilidades políticas aos responsables das políticas mineiras do Partido Popular durante os últimos anos, unha razón máis para que o señor Tahoces dimita, unha razón máis para que o conselleiro de Economía dea unha explicación, algo que levamos denunciado nos últimos anos moitas veces tamén.

É dicir, o Partido Popular non quere aprobar ese instrumento de planificación porque prefere seguir co estado actual das cousas, que é a barra libre e a discrecionalidade con estas actividades.

Ben, abundando na teoría que defende o Defensor del Pueblo no seu informe, de tolerancia coa contaminación e do non exercicio das potestades sancionadoras e inspectoras por parte da Consellería, na nosa iniciativa expoñemos tamén os resultados das analíticas aportadas por Augas de Galicia e que fixo públicas o colectivo Adegas, nas que se evidencian os niveis altos de contaminación, debidos á actividade mineira, por drenaxes ácidas e presenza tamén de metais pesados. É dicir, isto non é casualidade, é o resultado de anos e anos sen facer o que a Xunta de Galicia debería de facer, que é facerlles cumprir simplemente a legalidade ás empresas que alí actuaron e facer que esas empresas, o mesmo que fan unha actividade económica de explotación de recursos naturais, ao irse deixen aquilo nun estado óptimo para que non se produza a contaminación. Vostedes toleraron esa contaminación, toleraron que houbera empresas que se foron ao acabar a actividade económica sen restaurar correctamente os resultados da súa explotación económica. E agora temos que estar pagando as consecuencias tanto no estado dos acuíferos como tamén con diñeiro público para tratar de arranxar esa desfeita.



E, polo tanto, en conclusión, e debido a todo o exposto, o que vimos reiterar unha vez máis é a nosa petición de que dunha vez por todas se lle dea carpetazo ao proxecto de reapertura da mina de Touro.

Por certo, o Defensor del Pueblo tamén di que formalmente se iniciou en outubro o procedemento de formulación da declaración de impacto ambiental, e, como xa dixen aquí, o artigo 33 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, pon un período de catro meses para formular esa declaración de impacto ambiental e facer a análise técnica. E seguimos preguntando algo que nin o Partido Popular nin a conselleira contestaron: se a Xunta de Galicia autorizou á empresa a suspensión do procedemento por catro meses, como a empresa solicitou o 21 de febreiro de 2019. Agardemos que hoxe nos contesten a unha cuestión tan concreta, e creo que temos dereito a sabelo nós e a cidadanía.

Por tanto, pedimos carpetazo a un proxecto de reapertura da mina que agravaría aínda máis a situación da zona, que suporía un perigo enorme para o futuro da zona, que non é sostible, que non é compatible con outras actividades económicas que si son sostibles. E tamén pedimos que se depuren responsabilidades políticas pola pasividade continuada durante anos e anos da Administración autonómica diante deste tipo de prácticas. Este tipo de prácticas —xa que as veñen aquí a defender vostedes, os adais do sector mineiro— son o peor inimigo do futuro para o sector mineiro, a falta de credibilidade que ten a Xunta de Galicia á hora de demostrar que se cumpre a legalidade vixente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Sánchez, a verdade é que me pegou un cambio de tercio, de Adegas ao Defensor del Pueblo, que, en fin... Debo falar tamén algo do informe do Defensor del Pueblo, aínda que a iniciativa súa pois falaba deses informes de Augas de Galicia proporcionados por Adegas.

Eu quero comezar dicindo o que dicimos os socialistas sempre que debatemos sobre esta cuestión, ou sobre cuestións relacionadas coas explotacións mineiras en Galicia. E é que, en fin, non estamos dispostos a facer unha causa xeral contra a minaría. Eu concordo absolutamente coa súa última frase da intervención, con que o maior inimigo do sector mineiro en Galicia é, sen ningunha dúbida, a falta de control por parte dos poderes políticos da Autonomía dos efectos medioambientais negativos que pode ter esa actividade, e deixalo durante anos nun limbo que acaba creando, efectivamente, pois unha conciencia social ou unha percepción máis alá dos datos reais; pero unha percepción negativa de maneira xeral que abranque o conxunto da poboación. E isto, indubidablemente, é así.



A min satisfaimo que vostede demande que se cumpra a Lei de ordenación da minaría de Galicia, a Lei 3/2008, porque mostra que non era tan mala. Na medida en que eu fun ponente pois síntome especialmente orgulloso. Eu tamén demando que se cumpra enteira, que se cumpra enteira. E demando, desde logo, que, se consideramos os grupos parlamentarios, ou algún grupo parlamentario, que é susceptible de melloras —que seguro que é, como calquera obra humana, e os lexisladores galegos estamos lonxe da divindade aínda—, pois solicitemos esas modificacións. E, de feito, eu veño dicindo sempre que hai tres liñas de actuación. Por certo, algunhas emendas que presentara o propio Grupo Socialista naquel momento e que despois foron negociadas e transaccionadas ían nesta liña; algunhas foron incorporadas ao texto lexislativo e outras non foron incorporadas. Dicía que as cuestións fundamentais son tres.

A primeira é blindar esa protección medioambiental. E desde logo aquí, efectivamente, os medioambientalistas teñen enfoques diferentes moitas veces, enfoques máis conservacionistas ou menos, pero, en todo caso, esa é unha liña de actuación de modificación da lei que lexitimamente podemos plantexar. O Grupo Socialista no anterior debate sobre a mina de Touro plantexouno como emenda. Esta vez volvemos ás esencias dos nosos 24 puntos, pero entendemos que é unha vía de actuación.

O segundo é exixir a mellor tecnoloxía dispoñible. E, efectivamente, o nivel tecnolóxico, a tecnoloxía, pois avanza de maneira rápida e evidente. E, polo tanto, é necesario exixirlles ás empresas mineiras que adopten sempre, e que polo tanto incorporen nos seus plans de custos de explotación, esas tecnoloxías de límite ou de fronteira tecnolóxica. ¿Indubidablemente son máis caras? Si. Polo tanto, ¿significa que algunhas explotacións mineiras con tecnoloxías menos sofisticadas serían rendibles e así non o son? Tamén. Pero volvo repetir: protección medioambiental e utilización das mellores tecnoloxías dispoñibles serían dous dos piares fundamentais.

E o último é o que, lamentablemente, nin remotamente ou de maneira moi laxa se contemplaba nas antigas leis da minaría —e eu quero recordar, ademais, o orgullo de que fora Galicia a primeira comunidade autónoma en ter unha lei propia de minaría, no ano 2008—, que é o tema da responsabilidade financeira. E, efectivamente, tamén aquí é necesario blindar todo o que ten que ver cos seguros e todo o que ten que ver con todo tipo de depósitos ou de avais que blinden —por dicilo dalgunha maneira— en termos de efectos non desexados. Porque indubidablemente o risco cero non existe, nesta actividade nin en ningunha outra. E, polo tanto, por ese lado, sen ningunha dúbida, o Grupo Socialista vai estar.

Efectivamente, o Defensor do Pobo di todo o que di vostede, é certo. Pero tamén di que hai un problema medioambiental obxectivo nesa antiga mina de Touro-O Pino abandonada no ano 1986 —é dicir, estamos falando de máis de trinta anos, de trinta e cinco anos, de abandono—, pero que a esta nova explotación, ao novo proxecto, pois sería sen dúbida ningunha ao que se lle debería de exixir en todo caso que solucionara esa cuestión. Porque o problema é que eu sei que, no mundo ideal, entre a realidade e o desexo, probablemente deberían de ser os antigos explotadores da mina quen asumiran o custo de restauración medioambiental. Pero, lamentablemente, temo que todos sabemos que non vai ser así. E, polo tanto, vaise acabar exixindo fondos públicos para que aconteza isto. Vostede coñece perfectamente o



caso de Portmán en Murcia e sabe esa especie de pozo negro de millóns de euros públicos que supón esa rexeneración en terra de ninguén —feita por Peñarroya, desde logo, non—, feita case por ninguén, porque lamentablemente, ademais, a baía de Portmán segue sen ser rexenerada.

E desde logo a Xunta ten moito que facer. Ten que facer o plan sectorial, sen ningunha dúbida; ten, por outra parte, que cumprir o seu propio plan estratéxico ata o ano 2020, no que fala da recuperación de zonas contaminadas —e desde logo a zona de Touro-O Pino éo—. É certo que teñen poucos cartos nos orzamentos, ou que consignan poucos cartos. E é certo, ademais, que as execucións orzamentarias —e aquí non hai plurianualidades, xa o digo por poñer a venda antes da ferida—, son verdadeiramente moi baixas.

Polo tanto, ¿a Xunta ten que cumprir moito da lei de 2008? Sen ningunha dúbida. A nosa emenda vai na liña de que todos, a Xunta, os axentes económicos privados, todos, cumplan esa lei, que é unha lei de todos. E, desde logo, na súa iniciativa —na que nós, no caso de non aceptar a emenda, nos absteríamos—, claro, poderíamos estar de acordo co punto segundo, cunha maior concreción. Porque ¿que significa depurar responsabilidades políticas? É certo que hai un problema medioambiental aí, iso ninguén o nega e ninguén o pode negar vendo a situación que se produce. Pero o que é certo é que os dous puntos da súa iniciativa se moven en planos absolutamente distintos, un fala sobre o pasado e o outro fala sobre o hipotético futuro. Nós cremos que é conveniente centrarnos na Lei da minaría de Galicia, de 2008.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

A estas alturas o proxecto de reapertura da mina de Touro está máis que visto para sentenza. Poucos temas levantaron tanta polémica nos últimos tempos, poucos asuntos foron disecionados e analizados con tanta minuciosidade, e o asunto non é para menos. O megaproxecto mineiro de Touro deu, dá e dará que falar. Unha, porque a pegada deixada na codia terrestre en 1986 ten dimensións nunca vistas no noso país. Outra, porque o impacto medioambiental e a contaminación reiterada teñen proporcións descoñecidas. E, outra máis, porque o desleixo e a convivencia dos poderes públicos coas prácticas delitivas medioambientais e as reiteradas vulneracións da lei farían subir as cores á cara de calquera se houbera vergoña política, que non a hai. Porque a substitución por unha economía sostible no tempo e harmónica co medio natural é posible —se os poderes puxesen o empeño necesario—, esa substitución dunha actividade destrutora do medio, rapineira no económico e altamente perigosa no futuro, polo que nos deixa de ameaza para nós e para os futuros habitantes de toda a cunca do Ulla, de Touro á ría de Arousa, unha solemne barbaridade no social, no económico e no político.



O que está en cuestión é a pouca formalidade mostrada ata o de agora pola megaminaría a ceo aberto que se proxecta en Touro. As pretensións de xustificar unha agresión como a que se pretende prometendo unha restauración inicial nun espazo que serviu e serve de almacén de todo tipo de lixos e refugallos incontrolados —que foi, é e será fonte de contaminación continua de augas se a Administración continúa a facer deixadez das súas funcións— non son de fiar, señores do Partido Popular. Son —poñamos— permisivos cos intereses dos amigos nos seus apaños. Por iso desconfiamos coma do lume.

Porque as veas fluviais Brandelos, Lañas, Ulla e o humilde Portapego, ou o rego de Felisa ou as balsas de Argumil, Bama ou Vieiro, están aí para avaliar a saúde das súas augas. Porque as medicións feitas nos últimos dez anos son claras e poñen ao descuberto un abandono de funcións por parte do Goberno de Galicia, que lles deixou aos corvos vía libre para faceren a súa santa vontade.

Vostedes, que sempre falan de andar coa lei na man, xa nos explicarán para que, porque as analíticas feitas cantan, e cantan desafinado. Deixan ao descuberto prácticas de abandono delitivo de funcións do Goberno, funcións de control de oficio freadas polos intereses de negocios amigos, intereses electorais que conculcan os principios democráticos máis básicos, iso todo que nos recordan, coas súas practicas, en cada proceso electoral.

Porque as escombreyas cubertas por un manto dese vergoñoso invento chamado «tecnosolos», e que lixivian constantemente morte para esas veas fluviais antes citadas, están aí, en todo o seu verdor contaminante, e levan trinta e tres anos sen que a Administración diga nin chío. Analíticas feitas con resultados alarmantes e vostedes, *imposible el ademán*, sabendo que esas augas deses cursos fluviais son e van ser cada vez máis vitais para as poboacións que bañan, sabendo que no fondo delas, na fin da súa vida independente, cando se unifican nun mesmo afán, está ese verxel, esa fonte de riqueza, chamada ría de Arousa.

Pero iso non entra na balanza porque pesan máis os negocios, os amigos e as posibilidades de participación e permanencia no control e mando. Porque os millóns de toneladas de estériles ácidos con metais pesados confinados na megabalsa de 126 hectáreas, con ese muro de 80 metros aí no alto da cunca do Ulla desafiando a cordura humana, son un despropósito que a todas luces non podemos obviar. Situémonos onde nos situemos neste conflito, ninguén no seu san xuízo que teña responsabilidade política pode, en uso normal das súas facultades, respaldar este desatino, esa hipoteca de morte ameazando o futuro de milleiros de seres humanos e de equilibrio natural da vida, sobre o que non temos dereito a decidir.

E non nos valen razoamentos de necesidades de materias primas, de que a sociedade industrial necesita deses minerais para non quebrar. Porque o plantexamento ten trampa. Non está en cuestión a necesidade da minaría, que ninguén discute. O que está en cuestión son os métodos e os custos. Os métodos, polo expeditivos, polo agresivos e polo esquilmadores e negadores de riqueza; os custos, pola hipoteca, pola destrución, pola economía sostible que anulan *per saecula seculorum*, e polo que deixan como agasallo perenne en forma de contaminación continuada de acuíferos e de fontes de riqueza social —poñamos por caso a ría de Arousa—. E da megabalsa xa non volverei sobre ela.



En fin, que desde o BNG non concordamos nin concordaremos co espolio dos nosos recursos en contrapartidas económico-sociais tanxibles. Non concordaremos coa destrución de actividades económicas sostibles e non permitiremos agresións medioambientais que poñan en risco o futuro dos galegos e galegas. Por iso apoiaremos esta PNL de En Marea, na dupla vertente de negar a autorización do proxecto mineiro e na depuración de responsabilidades nas —digamos— irregularidades consentidas, e en moitos casos compartidas, polos sucesivos gobernos do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Antes de comezar, eu quixera saudar os traballadores da mina de Touro que veñen asistindo a cada un destes debates. Eu quixera saudalos e dicir tamén, con todo o respecto e todo o cariño, que nós defendemos tamén os vosos postos de traballo, como defendemos os de todos os colectivos de Galicia. Nós non somos selectivos, como poden ser outros grupos. A nós, dende logo, preocúpanos moito un sector da minaría do que dependen directamente 5.000 familias en Galicia. Así que tamén contades co noso respaldo. (*Aplausos.*)

Señor Losada, eu entendo que a vostede o descolocara a intervención do señor Sánchez, porque, aínda que non o dixo ningún dos anteriores voceiros, estamos debatendo unha iniciativa que foi rexistrada en xuño do ano 2018; polo tanto, calquera escusa é boa para volver falar da mina de Touro. Este sería o capítulo 43 da serie *Non á mina de Touro*, unha serie que, tras o seu éxito inicial, pouco a pouco foi perdendo audiencia —non hai máis que ver como está a tribuna de invitados—, e, iso si, parece que só hai un produtor interesado en manter esa serie, que é o señor Sánchez, que hai que recoñecerlle que non desaproveita calquera noticia ou cuestión de actualidade para mostrar a súa oposición á minaría.

E a verdade tamén, señor Sánchez, teño que dicirlllo —e non se moleste—, pero mesmo parece que ten unha certa obsesión política. É que, escoitándoo, debe de ter auténticos pesadelos. Un día debe de soñar vostede co señor Tahoces e outro día coa mina de Touro.

Señor Sánchez, hai unhas semanas celebráronse dúas eleccións, que vostedes quixeron converter nunha especie de referendo sobre se mina si ou mina non, concretamente nos concellos de Touro e do Pino, que deron uns resultados moi claros. Resulta que os partidos que levaban como bandeira a oposición frontal á mina perderon as eleccións. E o Partido Popular, que quere que se cumpra a lei, que se tramiten e valoren os proxectos que poden resultar de interese para a economía local e para a creación de postos de traballo, gañaron con maioría absoluta.



Pero tamén podo dicirlle que, nas eleccións europeas, nas que vostedes tamén tiveron unha presenza coa súa eurodeputada —recoñecida tamén pola oposición ás vacinas, e foi tamén alí a facer campaña—, en Touro, En Marea foi a cuarta forza política, co 5,4 % de votos, e Podemos foi a quinta forza política. E, no Pino, Podemos foi a quinta forza política, e En Marea foi a sexta forza política, co respaldo do 1,2 % de votos.

Se nós fixeramos como fan vostedes, que eran os que representaban a xente do común, e utilizando os seus argumentos, vendo quen representa a quen e o resultado destas eleccións nos concellos, poderíamos dicir que se dá por pechado o debate en torno á mina. Pero non. ¿E sabe por que non o vou facer? Porque non consiste nisto. Señorías, as autorizacións e licenzas de actividade... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, eu estiven con respecto escoitando, ¡eh! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BLANCO PARADELO: Espero que me compense.

As autorizacións e licenzas de actividade de calquera proxecto empresarial non dependen nin poden depender de se nos gustan ou non, de se está a xente a favor ou en contra, ou, fíxese, nin sequera do que voten. Depende única e exclusivamente de cumprir a lei, a Lei da minaría, do Bipartito, que permitiu 100 permisos de explotación. Porque aqueles 100 permisos eran todos bos, señor Rivas, eran todos bos os seus. E as 43 licenzas de explotación que concederon eran todas boas. A min gústame ver que os grupos de esquerda agora presuman da lei. O outro día á señora Presas eu dicíalle que me emocionaba na comisión como defendía o proxecto da mina de coltán en Viana. Como alí goberna o nacionalismo, agora resulta que a lei é boa; pero os malos somos nós porque non somos capaces de aplicala ben.

Pois o que temos que facer é seguir cumprindo a lei, respectar a tramitación administrativa en igualdade de condicións, e atender aos informes dos técnicos, feitos polos traballadores públicos, que desempeñan o seu traballo en liberdade e con profesionalidade. E iso —teño que dicirillo, señor Sánchez— pese á continua presión que están vostedes exercendo sobre os traballadores públicos, porque están continuamente presionando para que non poidan facer os seus informes con liberdade. Por certo, señor Sánchez, ¿en Touro e O Pino tamén son *compositum*? Porque, se dun pobo que vota como primeira forza o Partido Socialista —Santiago— din vostedes que é un depósito de restos humanos en descomposición, ¿que lle chamarían aos que votan o PP? ¡Ah!, si, é verdade, xa teñen o nome: escravos que votan o amo, o señorito, o cacique, o que manda, os de sempre; pobo alienado e ignorante.

E despois, señor Sánchez, estráñanse de que os boten dos concellos. ¡Se non pararon de insultar aos galegos durante todo este mandato, non pararon! (*Aplausos.*)

Señor Sánchez, a nosa postura respecto do proxecto da reapertura da mina de Touro segue sendo a mesma, a que vimos mantendo dende o primeiro día, nin a favor nin en contra: tramitación ordinaria e absoluto e estrito cumprimento da normativa ambiental, como imos facer co informe que fixo a Defensora do Pobo. Supoño que vostede debería deixarlle á Xunta de Galicia a posibilidade de defenderse e de presentar os seus argumentos.



Di vostede «barra libre», dando a sensación de que aquí cada un fai o que quere. Bueno, pois se para vostede é barra libre que dende xaneiro do 2018 Augas de Galicia incoase expediente sancionador a esa empresa polo importe de 80.000 euros por verteduras non autorizadas, ¡estraña barra libre!

Convén, desde logo, señor Sánchez, non mesturar nin tratar de confundir a xente co que foi a actividade que se desenvolveu ata 1986, cando non había obrigatoriedade de plans de restauración, e a actividade actual da elaboración de áridos e o novo proxecto que se presentou para a explotación de cobre que está en fase de tramitación.

Por certo, cos últimos informes emitidos, a Xunta xa manifestou que o proxecto non era viable. E sinalouse que era preciso introducir modificacións para seguir coa tramitación, como así se está facendo. Pero non por ser ningún favor extraordinario, senón porque teñen dereito, porque así o permite a lei.

Antes de rematar, señor Sánchez, volvo insistir: nós xa presentamos unha proposición non de lei pola que pediamos que se fixera esa análise dese estudo, dende o total garantismo e rigor na execución, e que ademais se garantira o cumprimento de labores. Vostedes votaron en contra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moi pouco entusiastas os aplausos do Partido Popular á súa intervención, señor Blanco Paradelo. (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¡Algo pasa aí!

Ben, empezo por contestar un par de cousiñas ao señor Losada. No mundo ideal, señor Losada, no mundo ideal, Atalaya Mining vén aquí solucionarnos os problemas ambientais e despois paga a restauración dos espazos cando se vai. Ese si que é o mundo ideal. No mundo real xa sabe vostede o que acontece: coma sempre, quedan cos recursos, fan o negocio en moi poucos anos e despois deixan sen restaurar o que fixeron, como pasa xeralmente e desgraciadamente. E temos que pagar todas e todos as súas desfeitas, porque, se non, non sería negocio para eles, non sería negocio. É o modelo de negocio deste tipo de empresas.

Claro que si, que hai que cumprir a lei. Polo que eu sei é unha obriga ¿verdade? Obriga que non se está cumprindo por parte do Partido Popular. Non está cumprindo coa lei. Acúmulanse xa as incidencias de organismos oficiais respecto da política mineira: sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por negar información á veciñanza de Corcoesto; admisión a trámite dunha denuncia na ONU polo entorpecemento de acceso á información á cidadanía; imputación de Bernardo Tahoces, o director xeral de Enerxía e Minas, por presunto delito de prevaricación ambiental; informe da anterior Defensora del Pueblo pola situación en relación coas louseiras de Valdeorras; informe do Valedor do Pobo pola situación ambiental da antiga mina de Touro; e informe do Defensor del Pueblo. E, por certo, señor



Blanco Paradelo, vostede falará de estrito cumprimento da lei, pero xa se ve o que din todos estes organismos, que non son marxistas-leninistas nin bolivarianos, ¿verdade?

Barra libre. ¡Home!, vostedes no 2018 iniciaron expedientes sancionadores porque a xente estivo denunciando no 2017 e no 2016 duramente para que vostedes se moveran. Pero o que di o Defensor del Pueblo é que en cinco dos dez anos anteriores non se inspeccionou sequera; e en dous deles a información presentada non é suficiente para determinar a gravidade da situación. O único plan de restauración vixente nesa explotación é do ano 1984, de Río Tinto Minera, para piritita de ferro. Si, señor, o único vixente é ese, e dío o Defensor del Pueblo.

Di vostede que é unha obsesión. Claro que si, para min a súa corrupción é unha obsesión. (*Aplausos.*) E para min é moi grave a situación e a política que vostedes veñen mantendo, permitindo, permitindo e sendo coniventes coa contaminación de empresas coma esta, tanto vostedes como no Concello de Touro, si, señor. E iso é corrupción. E claro que me preocupa e é unha obsesión, si, señor. E seguirei traendo isto porque isto é o exemplo do que eu non quero para o meu país. Alcaldes, conselleiros e director xeral de Enerxía e Minas que se sentan a comer con empresarios para que despois non cumpran a lei. Iso non o quero, e é o que veñen facendo vostedes nos últimos trinta anos. Polo tanto, se vostedes cumpriran a lei, a situación de Touro non sería a que é. Vostedes foron tolerantes e coniventes. E xa chegaremos, polo tanto, á asunción de responsabilidades políticas, señor Losada; asunción de responsabilidades políticas por todo o que ten acontecido aquí. Os responsables destas políticas, os responsables que son protagonistas do informe do Defensor del Pueblo, non poden seguir un día máis dirixindo as políticas de minaría de Galicia.

«Cumprimento da lei» —di o señor Blanco Paradelo—. ¡Se en 2009 xa tiña que estar en vigor un plan sectorial de actividades extractivas, segundo marca a Lei 3/2008, de minaría de Galicia, e estamos en 2019 e vostedes non o aprobaron! ¿Que son? ¿Son incompetentes vostedes? ¿Son incompetentes, señor Blanco Paradelo, e por iso non aprobaron un plan sectorial de actividades extractivas? ¿Ou é que prefiren esta situación para que poidan facer os seus negocios con estas empresas? ¿Cal das dúas razóns?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

¿Sobre a emenda do PSOE?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A emenda do Partido Socialista, como non cremos nese mundo ideal, pois non a aceptamos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, unha autoemenda, hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.



(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39974).

Emenda nº 1 de supresión.

Débense suprimir na parte resolutiva os puntos 3 e 4.

Emenda nº 2 de adición.

Débese engadir o seguinte punto na parte resolutiva da proposta:

«4.- Desenvolver as actuacións necesarias ante a entidade financeira Abanca, acreedora no concurso de Isowat e rescatada con cartos públicos, para que facilite un acordo rápido e razoable para todas as partes e posibilite un novo futuro á compañía. Contemplando así mesmo as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o IGAPE.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 39974)

Emenda de supresión.

Suprimir o punto 3.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 4bis co seguinte texto:

«4bis.- Negociar con Abanca para que facilite a operación de compra.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei [39974 (10/PNP-002986)]

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir coas actuacións que leva a cabo desde o comezo da situación complexa que atravesamos en Isowat Made na cidade da Coruña encamiñadas á busca de solución viables que faciliten o mantemento dos postos de traballo asociados e dean continuidade ás achegas tecnolóxicas que fai a empresa.

2. Instar ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.



3. *Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un investidor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía, tendo en conta as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o Igape.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Isowat —e por iso tivemos que facer a autoemenda, porque a situación cambiou nos últimos días— pode e debe salvarse, e Galicia non pode permitirse outro peche industrial.

O índice de produción industrial —vímolo publicado en todos os medios— desplómase en Galicia. A pesar de que algúns sectores aguantan, outros, os máis sensibles, os máis decisivos para o futuro do resto da industria, están ao bordo do precipicio. Alcoa está ao bordo do precipicio. Tivemos xa a semana pasada a mala noticia do peche de Poligal, que esperamos que non sexa definitivo e que a Xunta busque un novo investidor para esta empresa estratéxica no sector dos plásticos especiais. Ferroatlántica segue co ERTE en vigor e coa incerteza deste proceso de venda que esperemos que teña todas as garantías en caso de levarse a adiante.

E ante isto, as declaracións do conselleiro de Industria a semana pasada, foron: «Estamos á expectativa». Pois a verdade é que a expectativa é moi negra, e, se non se actúa con decisión e con toda a forza dun goberno, non sabemos onde acabará o índice de produción industrial á volta do verán.

Tivemos que suprimir dous puntos da nosa proposta. O primeiro era aquel que pedía a segregación de Isowat e Made, que eran unha única empresa. Nós plantexabamos a segregación dado que a empresa máis tecnolóxica, con maior presenza no mercado, con máis posibilidades de futuro, era Isowat. Entón parecía que a empresa con sede no polígono da Agrela, na Coruña, era a máis doada, a máis factible de sacar a adiante sen ningún problema.

Bueno, pois a realidade foi ao revés, Made, unha empresa cun nivel tecnolóxico moi inferior, que se dedica fundamentalmente —por falar dunha maneira normal— a soldar ferros, xa está salvada. E Isowat segue pendendo dun aleiro.

O Goberno autonómico de Castela e León interveu de maneira moi decisiva para buscar un investidor. E o asunto de Galicia xa está aí tamén, e pode dárselle unha solución de maneira inmediata. Ademais da intervención do Goberno autonómico, houbo unha intervención moi forte da ministra de Industria, da señora Maroto. Esperemos que non teñamos que volver dicir tamén neste caso o de «Maroto, non nos vendas a moto», como están a dicir moitos dos traballadores industriais de Galicia. E interveu porque é de alí. Resulta que Made está en Medina del Campo. Ela é de alí e interveu con moita forza para buscar unha solución.

Bueno, pois reclamamos —e é o punto 1 da nosa proposta— que a ministra de Industria, a señora Maroto, pense tamén un pouco en Galicia, e que teña a mesma implicación para salvar Isowat que para salvar Made, como xa fixo.



Despois había tamén outro punto da iniciativa que instaba a Xunta de Galicia para buscar o investidor. O investidor xa está aí. Agora o que hai que facer é poñer en marcha un desenvolvemento da negociación do concurso de acredores para que sexa factible o levantamento do mesmo de maneira inmediata. E aí a Xunta de Galicia ten moito que facer.

A empresa ten contratos na porta, coa enxeñaría totalmente desenvolta. Soamente falta que lles dean o punto de partida para poder poñerse a traballar e facer traballos para Iberdrola, para revisións de Endesa, para parques eólicos. É unha empresa fundamental para o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia, e non podemos permitir que unicamente por un desencontro, polas poucas facilidades que un banco —Abanca— está poñendo coa hipoteca que ten sobre os terreos e as naves, impida que esta factoría poida saír adiante.

Ademais, déixanos perplexos nestes momentos a estratexia de Abanca, porque se o concurso remata e hai liquidación, Abanca vai perder moito máis que o que conseguiría chegando a un acordo agora; non ao acordo que pretende, que é cobrar o importe íntegro da hipoteca, que é de 6,8 millóns de euros. Ademais, 6,8 millóns de euros que estou seguro de que xa foron provisionados dentro dos 8.000 millóns de euros que todos os cidadáns de Galicia e do resto de España puxemos para salvar Abanca. Eses cartos xa os pagamos a cidadanía de Galicia e do resto de España. Entón non pode ser que ese sexa o problema para que Isowat non poida saír adiante.

E pensamos que a Xunta de Galicia ten moito que facer. Non podemos crer que o presidente da Xunta de Galicia, que sempre ten axenda, sempre ten tempo para ir facerse fotos cando hai éxitos —en moitos deles ten pouca intervención pero parécenos ben que vaia facerse fotos—, non vaia facerse fotos tamén a Isowat. Que vaia facerse fotos co presidente de Abanca, con ese grupo venezolano que comprou Abanca practicamente regalada despois de recibir 8.000 millóns de euros de todos os galegos, e que lle exixa que hai que dar unha solución a isto; e, ademais, sobre todo, que non se pode actuar cunha avaricia suicida. Porque —xa digo— o que o investidor está disposto a pagar é moito máis do que Abanca podería recuperar en caso de liquidación.

Por iso é imprescindible unha actuación urxente. Os clientes non van esperar toda a vida; sobre todo os dos parques eólicos, porque teñen que rematar as instalacións a finais deste ano. É verdade que a instalación que podería facer Isowat —a anterior Isolux— é a última parte —os centros de transformación, os controis...—, porque eles non interveñen en toda a parte inicial da obra civil e a instalación dos muíños. Ou sexa, estamos a tempo pero xa falta moi pouco tempo.

Entón, a verdade é que estamos esperando con impaciencia esa foto do señor Feijóo, e ímola aplaudir, reinaugurando as instalacións dunha nova Isowat cun novo investidor que meta cartos, que estea disposto a meter cartos en sacar a adiante esta instalación. E, ademais, que fora de verdade porque se implicase de maneira decisiva na solución do asunto. E un goberno non pode dicir que non pode facilitar, que non pode negociar cunha entidade financeira. ¿Como non? Sobre todo, cunha entidade que está aí, que está ganando centos de millóns de euros grazas aos 8.000 millóns de euros que os galegos puxemos para salvala.

Por favor, señores do Partido Popular, poñámonos de acordo para sacar a adiante esta proposta. Estamos dispostos a negociar algúns dos termos dos catro puntos que se manteñen



na proposta. E, señores do Partido Socialista, por favor, falen coa señora Maroto e que non teñamos que dicir de novo, no caso de Isowat, «Maroto, non nos vendas a moto».

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Queremos saudar nestes momentos os alumnos de 4^o da ESO do Colexio Cristo Rey, de Ferrol, que nos acompañan e que están entrando na sala de plenos.

E dámoslle a palabra ao señor Rivas Cruz, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Señorías, estamos unha vez máis debatendo un apartado do proceso de desmantelamento da industria deste país. Digo ben «país», porque vostedes recoñecerán que este país —digo Galicia— está sendo desmantelado impunemente; impunemente porque as autoridades, os poderes executivos, que teñen potestade sobre este fenómeno están desaparecidos. Parte do problema, a inacción ou acción por omisión, radica en que nin PP nin PSOE contemplan este desastre desde a posición de país. Para eles o da autonomía é un accidente; e o tecido dese desenvolvemento fanado, a continuidade da actividade industrial de Galicia, non lles preocupa. ¿A Coruña queda sen outra industria? ¡Bueno, montamos outro centro comercial e santas pascuas! Estamos condenados a ser un país de servizos, con todas as acepcións que lle queiran buscar á palabriña.

Cando unha industria se volve obsoleta e só proporciona perdas porque a súa actividade non ten mercado e pecha, ten algo de razoable. Pero cando unha industria é sistematicamente espoliada, saqueada polos compradores que a deixan en sesenta e poucos traballadores dos douscentos que chegou a ter, cando non se fan os necesarios investimentos na modernización e posta a punto debidas, cando se recibiron axudas públicas para efectuar compras e investimentos que se derivaron para outros fins, cando os poderes públicos non exerceron contra o uso e abuso destas axudas, algo falla, señorías. Algo falla cando o administrador concursal no seu informe conclúe que o concurso de acredores é debido a un saqueo sistemático da empresa Isowat nos últimos dez anos por parte do financeiro —que non empresario— que ostenta a súa xestión e propiedade. E algo falla cando non hai mecanismos que impidan ou que alerten destas situacións de saqueo, sobre todo, cando hai cartos públicos polo medio.

Desde o BNG exiximos que o Goberno galego do Partido Popular tome cartas no asunto e que as tome a favor dos traballadores e da industria galega. En Castela-León a banca chegou a un acordo co comprador de Made, non nos digan que a Xunta do PP, que tanto lle facilitou o pelotazo a Abanca, non ten suficiente —digamos— complicidade para mediar e presionar para que se desbloquee a situación. Son horas, e así hai que lle recordar a Abanca que se posicione e facilite a operación, que salve Isowat e a súa actividade industrial. Son horas de



que Abanca devolva as calderillas do que nos levou coa conivencia do Partido Popular no Goberno. Non será moito pedir, ¡oh!

Porque o labor dun goberno non é botarlle a culpa ao primeiro que pase por diante. O labor dun goberno é defender os intereses do país que goberna. ¿Saben, señorías do PP, cal é o país que gobernan ou non o teñen claro aínda? Dentro dese morbosos secretismo existente sobre a identidade do posible comprador, parece que se trata dun investidor industrial de capital español que sabe que Isowat é viable. Lembremos que ten pendentes pedidos importantes de Naturgy, Iberdrola ou Navantia. Porque Isowat —por se non se deran de conta— opera nun sector chave para que determinadas especializacións produtivas de Galicia teñan un retorno para o país en forma de empresas con manufacturas de alto valor engadido e xeradoras de emprego de calidade: construción naval e xeración eléctrica —sobre todo a eólica—.

Pois, o dito: que o Goberno da Xunta debería de poñer toda a carne no asador —e ese é o sentido da nosa emenda—, trátase de mediar como é debido para que a operación de compra se leve a cabo. E rematen dunha vez coa incerteza dunha plantilla que onte entrou nesa figura que nin é despido nin dá dereito a paro —¡vaia, que ten tintes de burla macabra!—, o permiso retribuído. Estás na casa, non vas traballar, xeras unha nómina que non vas cobrar e non recibes nin para ansiolíticos, mentres facilitas, iso si, que as negociacións poidan perdurar no tempo sen que peche.

Este tipo de negociacións, de presións que exiximos do Goberno do PP, sería o lóxico se o Goberno fose goberno a favor dos cidadáns, se o Goberno estivese alerta e capitanease a defensa de todas estas empresas ameazadas polo peche e a deslocalización que nos encamiñan —se unhas eleccións non o remedian— a un deserto industrial froito da desidia do Goberno e do capricho do Deus mercado do capitalismo neoliberal, a quen adoran por comenencia demasiados teóricos.

E ¿saben cal é a alternativa ao baleiro que deixaría o peche de Isowat? ¿Quen pasaría a fabricar os compoñentes que manufactura esta empresa con calidade e eficiencia probadas?

Está claro que paga a pena que se ergan da sesta industrial no sofá e xa movan esas influencias que tan ben saben mover cando lles interesa; desta vez —e sen que sirva de precedente— a favor deste país, do seu tecido industrial e dos traballadores de Isowat. Créanme que paga a pena. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Casal, hoxe volve traer a mesma iniciativa que xa debatemos na Comisión 6ª hai uns meses, na que chegamos a un acordo unánime, acordo no que o Goberno da Xunta está traballando —e sábeno vostedes e tamén o comité de empresa de Isowat—.



Señorías, para este grupo por suposto que segue vixente o acordo tomado neste Parlamento, porque dende o primeiro momento o Goberno da Xunta está en contacto permanente co comité de empresa de Isowat, da Coruña, ao que se lle ten trasladado o seu compromiso de apoiar calquera proxecto que se poida presentar e supoña o mantemento da actividade e do emprego. Tamén dende o Goberno se estableceu contacto co Ministerio de Industria para que colaborara coa solución, aínda que non temos noticia de que se implicase con intensidade. E por suposto que o Goberno da Xunta está en contacto coas empresas posibles investidoras e co administrador concursal.

Polo tanto, señor Casal, non pode negar que dende o inicio do conflito este Goberno está a traballar con intensidade e firmeza para axudar a atopar unha solución, e sempre respectando os acordos desta Cámara. Coincidimos con vostede en que nos gustaría que a dita solución tivera chegado xa, pero as ofertas recibidas non foron suficientes para cumprir os obxectivos fixados. Onte, cando remataban os tres meses do expediente de regulación temporal de emprego, coñeciamos que existe un potencial comprador, un empresario español do sector industrial interesado en comprar todo, o inmobile e tamén a unidade produtiva. E para iso, señorías, está negociando co principal acreedor. Isto comentábao hai uns minutos o señor Rivas Cruz e xa o está cuestionando, parece que xa lle molesta cal vai ser o posible investidor ou comprador. Para nós, non, señoría, mentres manteña a continuidade dos traballos. Vostede xa está cuestionando cal vai ser o comprador. Mire, agardamos que se consiga que se materialice esa compra para que os case setenta traballadores de Isowat poidan recuperar o seu traballo, e incluso na mesma actividade na que estaban con anterioridade.

E, señorías, a este grupo gustaríalle que esta responsabilidade e solidariedade que amosan cos traballadores de Isowat a demostren tamén con todos e cada un do máis dun milleiro de empregos que hai en toda Galicia, señores da oposición, sen discriminar a ninguén, a ningún traballador, sexa do sector que sexa; sen discriminar, como fan vostedes, aos traballadores de Ence ou das centrais térmicas da nosa comunidade. Para este grupo —e, por suposto, para o Goberno da Xunta— todos os empregos valen o mesmo, defendemos a todos os traballadores por igual. *(Aplausos.)* Vostedes non, señorías. *(Aplausos.)*

Señores do Grupo Socialista, vostedes en nove meses de goberno puxeron en risco centos de traballadores da industria electrointensiva e do sector enerxético de Galicia co seu anuncio do peche anticipado das centrais térmicas e coa súa total inacción ante o posible peche de Alcoa; a miles de traballadores directos e indirectos de Ence e a centos de traballadores do sector da automoción que, co anuncio irresponsable da fin do diésel, están vendo como as empresas nas que traballan —esas empresas auxiliares de automoción— están a despedir xente de forma reiterada.

E vostedes, señores da oposición, señores do BNG e das Mareas, son cómplices de todo este despropósito na industria de Galicia. Non son fiables, señorías. *(Murmurios.)* Os señores de En Marea, os señores de Podemos, continúan a pedir sillóns no goberno do señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E vostedes, señor Rivas, van cogobernar co Partido Socialista alá en todas as corporacións municipais onde poidan, desbancando en moitos casos o que foi o primeiro partido, o Partido Popular. Si, señoría, polo tanto ¡basta de mentir! *(Murmurios.)* ¡Xa basta de mentir! *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¡Xa está ben de querer presentarse aquí como os defensores do



emprego! (*Aplausos.*) Non, só mostran o seu sectarismo defendendo uns traballadores si e outros non. (*Murmurios.*) Nós non, defendemos a todos os traballadores por igual, señorías.

E falando de que vostedes se metían coas empresas. Eu agardo a que vostedes, que din que en Galicia baixan... Non, oían, saíron os datos de creación de empresas en Galicia... —dálle a risa á señora Presas—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, non, é que, mire, hai que sacar os datos do IGE. Si, 12 empresas diarias, señoría. Ata maio, 1.250 sociedades mercantís. Señoría, mire os datos, eu sinto que lle molesten. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

A señora NÓVOA IGLESIAS: E, para rematar xa, señor Casal, este grupo presentou unha emenda que practicamente é o acordo parlamentario que tomamos no mes de febreiro. Quitamos un punto porque xa foi cumprido —como vostede dicía—. Agardo, de todos modos, que poidamos chegar a unha transacción; sobre todo porque nos gustaría que sacáramos un acordo unánime para presentar outra vez a todos os traballadores de Isowat.

E por isto tamén lles pedimos máxima prudencia, porque o que se precisa neste momento é actuar con responsabilidade, señorías. Estase na fase de seguir traballando como ata o de agora, con silencio e con rigorosidade, ata que se poida avanzar nunha solución definitiva.

Reitero, a Xunta mantén un contacto permanente co comité de empresa de Isowat na Coruña, polo que os traballadores saben dende o primeiro momento que está fóra de toda dúbida o compromiso deste Goberno de apoiar calquera proxecto que poida supoñer o mantemento da actividade. Na medida en que se poida identificar calquera oportunidade, a Xunta —non teñan dúbida— estará sempre presente nese labor de mediación, pero sempre no marco deste procedemento xudicial.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Nóvoa.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade, señora Nóvoa, que é o que se chama poñer a venda antes da ferida. Mire, crear empresas e crear sociedades non é exactamente o mesmo, e non demostra para nada a potencia do sector industrial de ningún país. Convén sabelo. De feito, pono na nota a pé de páxina —non o da potencia industrial, pero si o da diferenza— o Instituto Galego de Estatística.

Está ben que fale vostede das electrointensivas —logo hai unha iniciativa sobre Alcoa—. Pero, mire, hai setenta anos que se publicou 1984, o libro de Orwell, no que había dous conceptos es-



pecialmente interesantes. Un era a «neolingua» e o outro era o «Ministerio da Verdade», paradigmas das actuacións de vostedes neste Parlamento en relación co Goberno de España. (*Aplausos.*) Mire, señora Nóvoa, eu sei que a vostedes lles molestaron os resultados das eleccións xerais en Galicia, sei que lles molestaron porque estaban acostumados a ganar e molestoulles perder. Pero o que teñen que facer vostedes é basicamente respectar a verdade e basicamente non utilizar unha situación industrial —que, efectivamente, é moi complicada neste país— coma un ariete electoral contra o Partido Socialista Obreiro Español. Porque, cando o fan, a xente ve que é un engano e non os votan; e vostedes baixan, baixan en toda Galicia —¡home!, nalgúns sitios baixan especialmente—. E a verdade é que deberían de aprender esta lección.

Miren, o Ministerio da Verdade era o que dicían aquí os conselleiros e conselleiras de Sanidade e o señor presidente da Xunta, cando a construción público-privada do Hospital de Vigo, de que o goberno socialista balear fora o promotor dese sistema no Hospital de Palma de Mallorca. Titular de hoxe —e eu non escribo en *La Voz de Galicia*—: «*Matas admite que prevaricó en el caso del pelotazo del Hospital de Mallorca*». Estaría ben... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, non, non, señora... Eu comprendo que se poña así como doente, pero, en todo caso, insisto: «*Matas admite que prevaricó en el caso del pelotazo del Hospital de Mallorca*». Por certo, prevaricou a favor de OHL, que son os de Villar Mir. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ten exactamente o mesmo que ver que o tema de Alcoa.

E tamén nesa «neoverdade», señora Nóvoa —que vexo que lle molesta especialmente, e a min iso motívame, que quere que lle diga—, está o intento do Partido Popular para agochar o primeiro xuízo que hai neste país no que se senta como acusado o seu partido. (*Aplausos.*) Isto si que é falar de política, isto si que é falar de política, e non intentar agochar as miserias do Partido Popular con cuestións que sabe perfectamente que non son certas. Sabe perfectamente que hai un problema enerxético —e falaremos despois—, que é un problema herdado probablemente dende o goberno de Zapatero, pero que o goberno de Rajoy non axudou en absoluto a solucionar, é que o empeorou. Polo tanto, gustaríame que falase de Isowat, exactamente. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro, claro...! Non, non, exactamente igual ca ela.

Efectivamente, na Comisión 6ª buscamos o acordo sobre este tema —e quero recordalo e aproveito para saudar os traballadores—. E houbo un esforzo dos catro grupos para chegar a este acordo. E é verdade que a situación cambiou. E é verdade, polo tanto, que desde logo desde o Grupo Socialista non vai haber absolutamente ningún problema para aprobar un acordo que se pacte entre os catro grupos parlamentarios en relación con Isowat.

Desde logo, nós cremos, sen ningunha dúbida, que Abanca ten que estar á altura das circunstancias, porque Abanca recibiu 9.000 millóns de euros públicos. Abanca ten uns resultados empresariais verdadeiramente sorprendentes e, polo tanto, sen ningunha dúbida ten que estar á altura. E eu creo que quen ten que negociar con Abanca é exactamente quen brindou, primeiro, en Monte Pío na fusión, e quen bendiciu unha venda inexplicable, que é o señor Feijóo, (*Aplausos.*) ou o seu conselleiro. É exactamente... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Brindaron en Monte Pío... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu agradeceríalle...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu tamén agradecería que foramos rematando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: O primeiro acredor con Isowat é exactamente Abanca. Polo tanto, volvo repetir: quen bendiciu esa fusión e quen nunca deu explicacións de por que se vendía tan rápido e sen ningunha fundamentación, digamos, de carácter de estudo do tema, ten que facelo, ten que interlocucionar con Abanca.

E, por certo, outra das razóns polas que Isowat ten problemas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu agradeceríalle, señor presidente, que o señor Pazos, que parece que ten tamén algún problema... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

Remate, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, silencio!

Xa pedín silencio. Continúe, por favor, que vostede é veterano nisto. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor, continúe.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Outro dos elementos fundamentais dos problemas de Isowat foi o hachazo ás renovables e ao concurso eólico do goberno do señor Núñez Feijóo cando chegou no ano 2009.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Gustaríame que tampouco o olvidaran dende o Partido Popular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, tamén unha cuestión, señor Mini.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vostede non... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada. Xa non está no seu turno, eu síntoo. *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Non, non o digo por vostede. Pero sempre algúns deputados acostuman —en xeral, jeh!— a falar de cousas que non teñen nada que ver con isto. Sempre se permite por parte desta Presidencia. Digo «todos os deputados». Non todos, algúns, e de calquera sitio. Sempre se permite. Agora ben, o que non pode ser é que falemos tres minutos doutro asunto e que despois queiramos engadir tres minutos máis. Claro, se un fai iso, queda sen tempo.

Entón, por favor, xa que non pedimos que se atean ao asunto, que o podemos facer, polo menos atéñanse ao tempo; e, se non, o tempo córtase.

Así que moitas grazas. *(Murmurios.)*

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: [...] *(Breve fragmento inaudible.)* ...do Bloque Nacionalista Galego, está implícita na nosa propia autoemenda, co cal estaría incluída. Esperamos que eles o acepten así.

E, despois, á emenda do Partido Popular fáltalle a parte fundamental, a parte fundamental, que é como se vai solucionar este asunto nos próximos días.

Efectivamente, chegamos a un acordo. A proposta nosa é do mes de novembro, por iso a tivemos que autoemendar, porque as cousas cambiaron. E, si, chegamos a un acordo de todos os grupos para que a Xunta traballara na solución. A realidade é que, despois de sete meses, aínda non hai solución; co cal non podemos chegar de novo ao acordo de que a Xunta traballe na solución. Era lóxico hai sete meses. Agora xa non é lóxico, agora hai que falar. E a verdade é que eu lamento moito que entremos de novo na demagogia de se hai traballadores bos, de se hai traballadores malos. ¿Iso aporta algo á solución de Isolux e de Isowat? ¿Os traballadores de Isowat van ir contentos con...? ¿Para que vale iso? Eu non falei diso para nada, eu falei das solucións para Isowat. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor CASAL VIDAL: E estaría ben que vostede respondera que solucións vai aportar o Grupo Popular e o Goberno da Xunta de Galicia ao problema de Isowat. Diso debería de ter ido, señora Nóvoa, a súa intervención.

Porque xa non cola, esa demagogia non cola. Ao mellor cólalles aos seus medios, aos seus medios amigos; pero aos traballadores de Isowat non lles aporta nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E a solución está clara, a solución vai no cuarto punto que nós incluimos como autoemenda. A situación xa está totalmente definida, xa hai investidor, hai contratos, hai provedores dispostos a poñela en marcha, está desenvolta totalmente toda a infraestrutura, que habería



que actualizar para que a factoría empezara o próximo luns a funcionar. ¿Que falta? Un acordo co máximo acredor, con Abanca.

En Castela-León, en Medina del Campo, o Goberno de Castela-León —que, por certo, é do Partido Popular— e o Ministerio de Industria conseguiron que Abanca se puxera de acordo co investidor. Iso é do único que temos que falar, e niso é no que temos que chegar a un acordo para que vaia recollido na resolución da proposta non de lei. Porque non me poderán dicir vostedes que o presidente da Xunta de Galicia non pode facer nada e que sería unha intromisión nunha empresa privada. Pero, ¡por favor, un pouco de seriedade! Unha empresa que recibiu, como moi ben dixo o portavoz socialista, 9.000 millóns —aínda que despois devolveu máis ou menos 1.000, por iso eu falaba de 8.000 millóns—, cos que seguro que provisionou integramente esta hipoteca, non pode agora pretender volver cobrar integramente unha cousa que todos os galegos xa lle pagamos.

Polo tanto, señora Nóvoa, por favor, cheguemos a un acordo e transmítanlle ao presidente da Xunta de Galicia que estamos esperando esa foto reinaugurando —a ser posible dentro de dúas ou tres semanas— a factoría de Isolux. Iso é o que esperan os traballadores, e o que esperan deste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, sobre o impulso ao Goberno central para que continúe as xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos destinados a mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

«Demandar ao ISM que no prazo máximo dun mes remita un informe a todas as confrarías de Galiza e a este Parlamento, no que se clarifique cales son os diferentes situacións de protección social real das xentes do mar: redeiras, mariscadoras, baixura, altura... e as cuantías das cotizacións de cada grupo.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araujo e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 43898 (10/PNP-003267).



Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Primeiro. Dirixirse ao Goberno central para demandar unha profunda mellora normativa en canto á protección dos traballadores do mar, nomeadamente as mariscadoras, que inclúa melloras nos métodos de cotización, incremento das enfermidades profesionais recoñecidas, e melloras no acceso a redución na idade de xubilación de forma que se eviten as inxustizas actuais creadas polos sucesivos gobernos centrais, todas estas medidas serán consensuadas cos axentes sociais e as organización de produtores, mariscadoras e mariñeiros.

Segundo. Realizar un estudo, xunto cos representantes do sector, que permita determinar as melloras necesarias en canto a protección social das traballadoras e traballadores do sector do mar galego.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Imos contextualizar esta iniciativa que traemos ao Pleno hoxe, porque cremos que é, ademais, o momento acaído.

O Goberno do Partido Popular en España promoveu ao final da súa primeira lexislatura un cambio relevante para mellorar a protección social dos homes e mulleres que traballan no sector marítimo-pesqueiro, en concreto, a Lei 45/2015, do 21 de outubro. Este texto legal introduce importantes modificacións; entre outras, a ampliación dos colectivos acollidos aos mecanismos protectores previstos no réxime especial da Seguridade Social para os traballadores do mar. Con todo, existen ámbitos para seguir avanzando na mellora profesional, económica e social destas persoas traballadoras. Un destes ámbitos de susceptible mellora é o réxime de cotización da Seguridade Social.

Mentres a inmensa maioría dos traballadores en España, cando cumpren os requisitos para acceder a unha pensión, obteñen unhas contías que non difiren substancialmente daquelas que perciben mentres están en activo, non acontece igual con todos os profesionais acollidos ao réxime especial de traballadores do mar. Como dicía, aqueles cuxo traballo se remunera polo sistema tradicional retribuído á parte, e o resto dos que están circunscritos aos grupos de cotización segunda e terceira, entre os que se inclúen os autónomos do mar, non estarían cotizando polos seus salarios reais, o que vai en prexuízo destas traballadoras e das súas futuras pensións.

As razóns que motivan esta discrepancia están baseadas nas distintas presuncións que a normativa vixente establece para determinar os ingresos de cada traballador. Trátase dun



mecanismo demasiado artificioso, que, como resultado final, ofrece contías moi por debaixo da realidade ou, no caso dos autónomos do mar, cinguidas por unha cota fixa igual para todos e inamovible.

Para corrixir unha problemática similar á descrita, o réxime especial dos traballadores autónomos permite, desde a súa creación, a posibilidade de escoller unha base de cotización máis acorde ás posibilidades e expectativas económicas ou de beneficios, sempre dentro dos límites establecidos en función da idade do traballador. Esta mesma vantaxe está prevista para os traballadores agrarios por conta propia.

Pois ben, de igual xeito que se acadou un acordo no eido dos traballadores autónomos para iniciar unha modificación, dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que as mulleres e homes do mar son merecedores deste mesmo trato, coa posibilidade de beneficiarse das vantaxes que implicaría.

O Grupo Parlamentario Popular viña apostando por reclamar para as administracións o impulso dunha reforma normativa nos termos e coas limitacións que se puideran acordar nun proceso de diálogo con profesionais do sector marítimo-pesqueiro que permita poñer en marcha un sistema similar de libre elección das distintas bases de cotización, permitindo aumentar voluntariamente por riba da base mínima establecida. E é importante que incidamos neste tema: aumentar voluntariamente. Aquí non hai obriga para ninguén nesta iniciativa.

Nesta liña, o Parlamento de Galicia aprobaba en 2016 unha proposición non de lei que, efectivamente, pretendía os cambios normativos necesarios para mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar, formulando a posibilidade de estudar especificamente o establecemento dun sistema de mellora voluntaria das bases de cotización.

Desde o punto de vista práctico, unha reforma destas características sería moi beneficiosa para todos os profesionais do mundo do mar en Galicia, de xeito especial para aqueles propietarios de pequenas embarcacións que realizan o seu traballo a bordo das mesmas, traballadores por conta allea enrolados en pequenas embarcacións e profesionais autónomos non embarcados; fundamentalmente mariscadoras e redeiras, que son as que maior dificultade atopan na aplicación da normativa vixente.

Este grupo parlamentario solicita, pois, que o Goberno continúe coas xestións e impulse os cambios normativos que sexan precisos para mellorar o sistema de cotización e protección sociolaboral das persoas traballadoras do mar, e que, da man do sector, sempre da man do sector, se estuden as posibilidades de establecer un sistema que permita aumentar voluntariamente —outra vez insisto nisto— as bases de cotización aproveitando que o Ministerio de Traballo está a traballar —valla a redundancia— nun novo sistema de cotización para os traballadores autónomos. Estamos, pois, ante unha iniciativa en positivo; unha iniciativa en positivo porque é para o sector, é para os profesionais do sector, e está, ademais, consensuada con eles.

Ademais, esta iniciativa marca varias contraposicións. Como dicía, voluntariedade fronte á obriga, fronte ao mandato impositivo que o PSOE e Podemos meteron no sector —falarei



máis adiante disto—. Aquí estamos a apostar por unha decisión do sector sobre a decisión dos políticos; é dicir, isto é voluntario.

Rendemento fronte á recadación, fronte á recadación pura e dura, sen máis, a custa deste sector. Pedimos unha vantaxe extraída da mellora dos rendementos económicos que eles poidan ter, que se plasma ademais nos seus propios números. Falamos de gañar máis e poder pagar máis.

Dereitos fronte a obrigas. Fronte a quen establece obrigas de pago e un aumento dos cartos que hai que desembolsar —nun 25 %— sen aportar ningún dereito a maiores, nós propoñemos unha suba voluntaria que achegue vantaxes aos profesionais cando se xubilen; polo tanto, falamos de que poidan eles voluntariamente optar a mellores pensións.

E, ademais, temos tamén igualdade fronte á diferenciación. Porque, fronte a quen dá oportunidades a unha parte dos cotizantes, nós apostamos por estender esa posibilidade a todas e a todos; especialmente, neste caso, aos que traballan nun medio duro e hostil como é o mar. Polo tanto, falamos de igualdade.

É unha iniciativa, como dicía, en positivo. E é unha iniciativa oportuna, porque entendemos que este é o momento apropiado para levar a adiante esta proposta e facela realidade a favor do sector. Dicía, ademais, que, incidindo no propio obxectivo do Ministerio de Traballo, que é revisar todas as iniciativas para autónomos, é oportuna, é o momento oportuno, porque xa se deron os pasos previos necesarios. Falei antes da prioridade que foi elaborar a Lei 47/2015, reguladora da protección social dos traballadores do mar, tras corenta anos de vivencia, que clarifica os colectivos que deben de estar adscritos ao réxime especial dos traballadores do mar —mergulladores, redeiras, etc.—. É o momento oportuno porque se suma, como dicía, á iniciativa do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social. A propia ministra Valerio di que están traballando nun novo sistema de cotización, con base nos ingresos reais, para os autónomos. Isto dío a propia ministra, e, se é ministra de novo e se o Goberno é do PSOE —do PSOE, de Podemos e incluso me atrevería a dicir que do Bloque Nacionalista Galego, polos partidos nacionalistas que poderían apoiar ese novo presidente—, nós falamos de voluntariedade e de sumar, e falamos de favorecer os traballadores do mar.

É oportuna porque, ademais, o sector vai razoablemente ben en termos económicos. Temos que lembrar que o sector pesqueiro acadou nestes anos cifras récord de facturación, especialmente nos eidos que implica a pesca de litoral e de baixura. E estamos ademais fóra de campañas electorais. Nós sempre sinalamos que non queremos facer política coa pesca, queremos facer política pesqueira e queremos que este período amplo sen eleccións á vista poida ser un bo momento para acadar unha unanimidade unha vez máis nesta Cámara en favor do sector do mar.

É positiva, oportuna e é unha iniciativa de suma. Tamén me atrevo a dicir que é unha iniciativa de suma porque, cando falamos do sector marítimo-pesqueiro, todos deberíamos sumar, todos deberíamos remar a favor e de verdade, non de boquilla. Digo «de boquilla» porque vostedes en moitos casos queren apoiar o sector, axudalo e, en campañas electorais, achegarse a el; pero, no momento de aprobar as iniciativas e no momento de poñer enriba



da mesa todos os beneficios que este sector pode ter, votedes deberían tamén apoiar e sumarse tamén a estas iniciativas.

Polo tanto, este é o momento de culminar un traballo que comezou xa en marzo de 2016. Aprobouse, como dixen, neste Parlamento por unanimidade unha proposición non de lei que demandaba a posta en marcha dun sistema de mellora voluntaria do réxime de cotización á Seguridade Social dos traballadores do mar. Non se conseguiu efectivizar pero existiron contactos, existiron estudos ao respecto que vostedes coñecerán, houbo varios avances. E agora pódese culminar todo este traballo gañando dereitos sen incrementar deberes.

Porque vostedes, a oposición —e vou dicir «a completa oposición»—, votaron no Congreso dos Deputados a favor da suba e dos deberes que teñen que ter eses traballadores do mar, cun incremento das cotas pero sen obter pola súa parte nada a cambio. Polo tanto, nós cremos que é necesario que eles poidan tamén elixir voluntariamente se queren aumentar ou non esa cotización.

Entendemos, ademais, que este é o momento por todas as razóns que acabo de dicir, e porque, como o propio Ministerio dixo que se ía analizar esa posible suba de autónomos, nós queremos que tamén se analice esta posible iniciativa con respecto aos traballadores do mar. Vostedes aproban o decreto lei de suba de pagos un 28 de decembro, un día dos santos inocentes —non sei se foi unha cousa casual ou a propósito—, pero despois non aparece contemplada esta suba nas cotizacións á Seguridade Social na lei de orzamentos que o PSOE tiña preparada, que afortunadamente non puido saír adiante porque, se non, sería un batacazo para o sector pesqueiro.

Tamén se fala de que se excluirán as cotizacións para as embarcacións inferiores a dez toneladas. Pero, cando se acode á remisión do proxecto de orzamentos, non se recolle a exclusión que formulan neste real decreto lei, coa cal aos pescadores artesanais, ás mariscadoras e aos percebeiros lles pasarían a dobrar este tipo de cotización, a todos sen exclusión.

Polo tanto, se o Ministerio vai revisar isto, se este tema xa está, ademais, contemplado e solicitado polo propio sector, nós cremos que é moi acaído aprobar hoxe esta iniciativa.

Cabe lembrar que en defensa contra á obrigatoriedade dos pagos só o Partido Popular no Congreso dos Deputados votou a favor dos traballadores inscritos no réxime especial do mar, votando en contra desa validación deste Real decreto lei 28/2018.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Insisto, unha inocentada para os traballadores do mar.

Polo tanto, agardamos que o resto dos grupos apoiem esta iniciativa, que se sumen á mellora destas condicións laborais dos traballadores do mar e rememos todos a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.



Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Pois si, señora Egerique, o sector pesqueiro está que se sae, aumentan as rendas, aumenta a capacidade pesqueira, estanse nas radas construindo barcos de pesca, todo fantástico. Esta tribuna, igual que o papel, aguántao case todo. Por moito que vostede insista aquí en que o BNG vota a favor destas cuestións, pois, bueno, vostede insista máis, que non por iso se vai converter en verdade. Vostede sabe perfectamente que non é certo. E vostede persiste nesta cuestión de «consellos vendo que para min non teño». A min paréceme moi ben que nos pida que nos sumemos ás propostas que son boas para o sector. Eu pídolles o mesmo, porque os demais traemos aquí iniciativas que son moi boas para o sector e vostedes votan sistematicamente en contra.

E, efectivamente, a Lei 47/2015, do 21 de outubro, teoricamente actualizou lexislación relativa á atención aos traballadores e traballadoras do mar, que se encarga de protexer os dereitos deses profesionais. Mais é evidente que esa lei deixou moitas cousas sen regular; se non, non teriamos que estar hoxe aquí demandando cuestións que puideron quedar clarificadas nesa lexislación. Tanto é así que esa lei, no seu preámbulo, se lemos, fai unha referencia aos colectivos profesionais, ao espazo físico no que se leva a cabo a actividade, á dureza das condicións de vida a bordo, ao prolongado illamento das tripulacións, ao alonxamento do fogar familiar, elevadas taxas de morbilidade e sinistralidade, así como ao carácter estacional do traballo. É dicir, isto refírese á necesidade de ter unha lexislación especial. É evidente que todo isto, o sector do mar galego da baixura, do marisqueo e demais, non se ve moi recollido nesta lexislación que o Partido Popular puxo en marcha. Dígoos para que vaia tomando un pouco nota de que moi ben, moi ben, dende logo, non o fixeron.

A protección social segue a ser prestada polo Instituto Social da Mariña, tanto na protección da problemática social como en tanto que entidade xestora do réxime especial da Seguridade Social ás xentes do mar. E, dende logo, nós cremos que non se tivo en conta a gran evolución do sector e que era necesario actualizar, porque a lexislación que se aplicaba era de moi atrás —en moitos casos da época do franquismo—. Pero dende logo non se adaptou ás necesidades. E en moitas cuestións pois segue sendo un sistema con ramalazos de Monte Pío nese sentido de protección e non da realidade que se necesita neste momento.

Non tivo en conta unha realidade cambiante e modernizadora para ás xentes do mar. A lexislación relativa á atención aos traballadores e traballadoras do mar, a pesar destas modificacións, segue tendo moitos defectos, segue estando obsoleta en moitos aspectos. E, ademais, segue estando, toda a lexislación referida á xente do mar, sumida nunha especie de falta de claridade que dificulta que en moitas ocasións poidan saber con claridade o que lles afecta e o que non lles afecta.

O que si está claro é que neste réxime especial do mar hai unha cantidade de colectivos enorme, tanto están traballadores por conta allea de mariña mercante, de pesca marítima, de tráfico interior, deportivos, de recreo, como buceadores, redeiros ou estivadores por conta



propia. E logo, ademais, subdividida en grupos, co cal fai difícil facer un seguimento e que ademais sexa fácil de aplicar á xente do mar.

En todo caso, nos orzamentos do 2018 xa houbo unha suba do 1,4 % para a base de cotización da xente do mar —orzamento do Partido Popular, dígoos para poñer as cousas no seu xusto termo—, que logo, efectivamente, co Real decreto 28/2018, se contemplou unha nova suba das bases de cotización —pero xa no 2018 se contemplaba—. Dígoos porque logo puxéronse moi estupendos, en canto perderon o Goberno. Mentres non o perderan non tiveron absolutamente ningún problema.

E nós estamos a favor de que se aprobe a iniciativa que hoxe traen aquí, porque é unha demanda do sector, porque levan demandando desde hai moito tempo que igual había que subir a base de cotización, pero que fora para mellorar cuestións que eles demandan. Como é, efectivamente, que ter unhas bases de cotización baixas significa ter unha baixa pensión, ter problemas á hora do cesamento da actividade ou se teñen que cobrar o paro, ou á hora de cobrar baixas de maternidade. Evidentemente, é un problema.

Pero tamén demandaban o incremento dos coeficientes redutores, que vostedes na lexislación non os quixeron tocar. E atopámonos con cousas como que os que traballan en buques da mariña mercante teñen un 0,4; os que están a bordo de embarcacións de pesca, desde un 0,4 a un 4,15. Pero as mariscadoras, percebeiros, recolletores de algas e demais teñen un 0,10. E iso tamén hai que cambialo; e, coma iso, outras cuestións.

Por iso, o BNG hoxe presentamos unha emenda que xa presentamos noutras ocasións e á que vostedes votaron en contra. Votaron en contra, claro. E ¿que pedimos? Que por parte do Instituto Social da Mariña, que é a entidade encargada de regular e ocuparse das cuestións relativas á xente do mar, no prazo máximo dun mes se remita un informe ás confrarías e a este Parlamento de cal é actualmente a situación das xentes do mar. Porque son tantos os colectivos e é tanta a diferenciación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que é necesario ter ese estudo para logo, desde aquí, desde este Parlamento, demandar do Goberno español as modificacións precisas para que esas cotizacións sociais se deriven nunhas coberturas acordes ás necesidades da xente do mar en Galiza, da xente do mar en Galiza. E vostede terá que explicarme por que están en contra de que se presente un estudo para saber cal é a situación real neste momento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Dígoos porque piden vostedes continuamente explicacións pero non están dispostos a dar absolutamente ningunha. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.



A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A verdade é que nós, en primeiro lugar, temos que dicir, como dicimos moitas veces, que nos parece inaceptable que utilicen este Parlamento para traer aquí iniciativas, entendemos, de maneira oportunista. Ultimamente é unha constante no seu quefacer político, pero, dende que hai outro goberno no Estado, parece que a única iniciativa que teñen que traer aquí é solicitarlles cuestións ao Goberno do Estado. Nós tamén traemos ás veces iniciativas para solicitarlle cuestións, pero é que vostedes agora unicamente fan iso. E, sobre todo, nunca asumen as súas propias competencias —nunca vostedes teñen ningunha responsabilidade de nada, ningunha competencia— nin tampouco dan ningún tipo de explicación de por que non tomaron, en todos eses longos anos que estiveron gobernando, as medidas que agora de repente teñen tanta présa en aplicar. No caso concreto do que falamos hoxe, nós por suposto que concordamos coa necesidade de mellorar a protección social dos traballadores e das traballadoras do mar, pero preguntámonos por que o Partido Popular, que estivo gobernando tanto tempo, non tomou as medidas necesarias que agora veñen a reclamar, como digo, con tanta celeridade.

E despois, entrando na proposta en canto aos obxectivos que marcan, e, como digo, concordando en xeral co que propoñen, temos que dicir que nos parece pouco ambiciosa e un pouco escasa. E por iso a nosa emenda é para completar. Entendemos que mellora a iniciativa que presentan e, ademais, entendemos que debería ser asumible se verdadeiramente queren defender o sector, como sempre din.

Algúns apuntamentos. Por unha parte pensamos que é positivo incrementar as cotizacións, pero tamén entendemos que ten que ser tendo en conta que non pode afectar as percepcións que reciben os traballadores do mar. E ademais, como digo, cremos que este aumento das cotizacións debe ir tamén acompañado doutra serie de melloras que levan moito tempo reclamando, que o sector leva moito tempo pondo enriba da mesa. E cremos que é urxente que se tomen medidas.

Por unha banda, no tema das enfermidades profesionais, para nós é fundamental que se mellore o catálogo destas enfermidades. É evidente que hai un problema. Moitas veces están pasando por enfermidades comúns enfermidades que se deben ao traballo, cando sabemos que o traballo ao que se expón a xente do mar, as mariscadoras, as redeiras, os mariñeiros, debería ter un trato especial e moi meticuloso. Agora mesmo, moitas veces non se dá ese recoñecemento de enfermidades profesionais, e catalóganse de maneira errónea, por diversos motivos, como enfermidades comúns.

Por outra banda, volvemos insistir en algo que tamén se mencionou aquí, que é o tema dos coeficientes reductores. E seguimos insistindo. Para nós isto é igual de importante que a parte que expoñen na emenda que traen hoxe. Hai unhas discriminacións moi evidentes na situación actual para colectivos como o de redeiras, ou como o da pesca tradicional. E entendemos que tamén hai que tomar medidas neste sentido, por iso a nosa proposición non de lei pide xustamente estas cuestións, cousas que son básicas e que está pedindo o sector. Vostedes din sempre que escoitan o sector e que trasladan sempre as iniciativas que solicita o sector. Pois ben, estas dúas cuestións concretas o sector leva moito tempo póndoas enriba



da mesa, e moito tempo reclamando que se recoñezan. E levan aí pois moito tempo paralizadas. Sempre pedimos que se faga escoitando o sector, pero non dicindo que se escoita, senón escoitándoos de maneira real. E para iso hai que pórse en contacto con eles, escoitar e facer un estudo tamén en profundidade. Como digo, moitas veces fan coma que non teñen vostedes ningún tipo de competencia, e por iso o noso punto 2 da emenda entendemos que debería de ser asumible: facer un estudo para tomar as medidas necesarias.

Por último, a verdade é que é bastante aburrido escoitar sempre eses alegatos á unidade, e que se a oposición non quere, que se o Partido Popular sempre tende a man para chegar a acordos... Non, é que o problema é que só queren chegar a acordos coas súas propostas. Sistemáticamente vetan e votan en contra das propostas que trae a oposición. Se realmente queren chegar a acordos para mellorar o sector, argumente aquí, por exemplo, por que vai rexeitar a emenda que facemos dende o Grupo Parlamentario de En Marea, porque cremos que non hai ningunha razón obxectiva para rexeitala. Se a rexeitan, en realidade están rexeitando as propostas que fai o propio sector. Porque non son propostas que esteamos pondo enriba da mesa só dende este grupo, senón que son propostas que veñen recoller as reivindicacións do sector. (*Murmurios.*)

O señor Pazos pode vir falar aquí, se quere, e deixar de interromper un momento o pleno. Veña aquí a falar de pesca se quere, pero, polo menos, teña un pouco de educación. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bueno, cando estea falando vostede, eu voume poñer a berrar, a ver que lle parece e a ver se... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, estaba falando para adiante. Se quere, despois revisamos o vídeo conxuntamente, non teño ningún problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Non dialoguen.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: É que, por riba de estar interrompendo o pleno, aínda ten máis que dicir. ¡É que é alucinante! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Veña! ¡Vamos, por favor, rematar!

É que eu non escoitei tampouco tanto ruído, de verdade.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Non, non había barullo. O único que estaba falando era el, o resto estaba en silencio. Pero o único que está interrompendo constantemente, facendo alusións —despois xirou, pero estaba facendo alusións directas—, era o señor Pazos.

Continúo e remato. Como digo, só lles valen as propostas do Partido Popular, porque rexeitan sistemáticamente todas as propostas de mellora para o sector pesqueiro que facemos dende a oposición.

Por último, se queren defendelo, pois o que deberían facer é outra política pesqueira. Porque os datos avalan a situación nefasta na que se atopan os traballadores e traballadoras do mar no noso



país na actualidade. E son moitísimos. Perdemos traballadores, e os traballadores e traballadoras que quedan fano cunhas condicións pésimas, nefastas. Por iso entendemos que eses puntos de mínimos a pedirlle ao Goberno do Estado deberían de ser asumibles. E, cando menos, que a Xunta pois faga algo, que tome algunha iniciativa; neste caso, facer un estudo para coñecer en profundidade, que é unha emenda similar á que presentaba tamén o Bloque Nacionalista Galego.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Señora Egerique, ¿como pode facer a seguinte afirmación de que o sector vai moi ben? Non se pode medir a boa marcha do sector só en termos de facturación. E só quero recordarlle que, dende que chegou Núñez Feijóo ao Goberno da Xunta de Galicia, se perderon 1 de cada 5 postos de traballo no sector; se falamos de mulleres, 1 de cada 3. E temos unha tremenda falla na substitución xeracional. ¿Así é como entende o Partido Popular que vai ben o sector?

Mire, unha puntualización, porque non saben nin sequera as leis que aproban baixo un goberno popular. A lei que regula a protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro é a Lei 47/2015, porque a Lei 45/2015 é a que regula o voluntariado. Polo tanto, aproban unhas leis e nin sequera saben que leis son; leis que, por falla de vontade política, non foron desenvolvidas regulamentariamente en aspectos fundamentais e que agora veñen pedir aquí, como é o tema do aumento dos coeficientes reductores do grupo 3, que precisamente está regulado no artigo 11 da dita lei.

Mire, o de aumentar voluntariamente a cotización por riba das bases nos grupos 2 e 3, que son os que teñen unha base fixa —xa que o grupo 1 cotiza polo realmente percibido—, véñeno pedindo dende a Federación Nacional de Confrarías dende hai moitos anos. Non é unha exixencia nova.

No relativo a que se cobre na xubilación dos traballadores do mar moi por debaixo do que se cobra en activo, haberá que mirar cantos cobran menos, que seguro que os hai, como tamén os hai no réxime xeral, pero en palabras do sector non son moitos. De todas formas, a pensión media de xubilación dos traballadores do mar está por riba da pensión media. Con datos de maio do 2019, a pensión media de xubilación estaba en 1.137,71 euros; a pensión media no réxime xeral, 1.283,84; e no réxime do mar, por riba desa media, que é de 1.275,26. Estes temas, aumento dos COE —sobre todo no grupo 3— como a posibilidade de estudar a viabilidade de cotizar por riba das bases nos grupos 2 e 3, son temas nos que xa está a traballar a Federación Nacional de Confrarías, a Secretaría de Estado da Seguridade Social e o ISM.

A verdade é que a proposición non de lei que hoxe traen a debater a esta Cámara non é oportuna, senón oportunista. E vén corroborar o que dende o Grupo Socialista levamos denunciando moito



tempo: que a Xunta de Galicia non escoita o sector, que durante moitos anos o goberno de Núñez Feijóo non reclamou ante o Goberno central melloras para os traballadores do mar. É que vostedes mesmos se retratan apurándose a meter iniciativas nas que lle reclaman ao Goberno central vellas reivindicacións do sector, como son estes aumentos de COE, melloras nas cotizacións, ou tamén recoñecementos de novas enfermidades profesionais. Pero ¿por que non as reclamaban antes cando tiñan responsabilidades de goberno en Madrid? ¿Que estiveron a facer durante sete anos e medio para mellorar as condicións da xente do mar?

Imos apoiar esta iniciativa, porque o que vostedes hoxe piden nesta proposición non de lei é o que xa se está a facer, como xa dixen, por parte da Secretaría de Estado de Seguridade Social, o ISM e a Federación Nacional de Confrarías. E vostedes así mesmo o recoñecen, xa que na súa iniciativa instan a Xunta de Galicia para dirixirse ao Goberno central para que continúe as xestións. Entón, se é para continuar, é porque algo está iniciado, e porque o goberno de Pedro Sánchez si que escoitou o sector.

E, miren, volvemos co mantra de que se soben as cotizacións dos autónomos sen ningún tipo de contraprestación. Pero é que isto non o di o sector. O sector non está en contra do real decreto, o sector o que pide é que se teñan en conta esas características dos traballadores do mar. E piden novas melloras sociais. Porque si que recoñecen que houbo avances con ese real decreto, como que se poderá cobrar a incapacidade temporal dende o primeiro día, tanto por continxencias comúns como profesionais; como que se incrementa o período de cobro da prestación por cesamento da actividade ata vinte e catro meses; que esta protección por cesamento de actividade poderá cobrarse dende o primeiro día de baixa no RETA e anteriormente había que esperar ao primeiro día do mes seguinte. E tamén coa suba das bases de cotización pois haberá beneficios futuros nas pensións de incapacidade permanente, de incapacidade temporal, maternidade, paternidade, desemprego etc.

Pero a pesar destes avances, o Goberno central está a traballar co sector para obter novas melloras sociais, como o recoñecemento de novas enfermidades, a tramitación ante o Ministerio de Traballo dun estudo sobre o posible incremento de COE, analizar os criterios de acceso ao cesamento da prestación de actividade —sobre todo para o grupo 3, que sabemos que teñen permisos para faenar en distintas artes—, así como a posibilidade de cotizar por riba das bases fixas.

Pero, mire, para rematar, deixen que negocie tanto o sector como o propio ISM e a Secretaría de Estado. E só un conselliño: recapaciten, señorías do Partido Popular, non sigan co mantra de que todo é culpa do goberno de Pedro Sánchez, de que vai destruír todo. Porque, miren, o goberno de Pedro Sánchez foi xulgado o pasado 28 de abril. E as urnas faláron e ditáron unha sentenza, unha sentenza da que se pode extraer que a cidadanía, a maioría da cidadanía, non opina igual que o Partido Popular. Porque, miren, a sentenza foi clara: 123 fronte a 66. E non só no cómputo xeral do Estado, senón tamén aquí en Galicia, onde o PSdeG foi o partido máis votado. Recapaciten, porque a súa mensaxe xa non lla compra ninguén.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Prado, vostede botoume aquí a bronca con que non iamos aceptar a emenda. Vou aceptar a emenda, voulle aceptar a emenda, voulle aceptar a emenda... Estaba intentando explicalo dende o escano pero vostede non me vía.

Mire, tiña que contestarlle a vostede pero tamén á señora Quinteiro, que falan as dúas de que sistematicamente votamos en contra. Miren, na Comisión 8ª aprobamos 81 proposicións non de lei. Só 37 eran do Partido Popular, pero sistematicamente votamos en contra. Miren, se vostedes van estar dicindo sempre iso como mantra, porque iso é un mantra, votamos en contra xa, e non teñen que mentir. Porque nós o que queremos é remar a favor. E cando vostedes traen propostas que son a favor, que son acordes coas necesidades do sector do mar, nós votamos a favor desas PNL. ¡Si, señora Prado!, non poña esa cara, porque os datos están aí: 81 proposicións non de lei, e só 37 do Partido Popular. A maioría son do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista ou de En Marea. Pero, bueno, como digo eu, se teñen ese mantra e se van estar dicindo iso, eu creo que os que non cren o que vostedes sempre din, eses mantras, son os traballadores do mar.

E, señora Otero —e señora Quinteiro tamén, porque coincidiron moito as tres nas súas intervencións—, oportunista non, é oportuna, totalmente oportuna. E vostede non veña aquí, señora Otero, a botar balóns fóra, porque acaban de aprobar un decreto, vostedes e Podemos, vostedes e En Marea —neste caso non vou dicir o Bloque Nacionalista Galego—, que sobe as cotizacións. E formaron vostedes un descontento absoluto entre os traballadores do mar. Entón, se veñen aquí a dicir que toda a culpa é do Partido Popular, iso non é certo.

Polo tanto, nós queremos que esta iniciativa saia co apoio de todos os grupos políticos deste Parlamento, porque sabemos nós —non o señor Sánchez, que o de que está falando cos traballadores permanentemente, perdóeme, iso non hai quen o crea—, sabemos nós aquí, en Galicia, cales son as súas necesidades. E, polo tanto, desde Galicia imos pedirlle dende este Parlamento o que ten que facer o Goberno para que as propias persoas que traballan no mar teñan unhas cotizacións decentes, teñan unhas pensións decentes e que, ademais, sexa voluntaria esa aportación ás cotizacións á Seguridade Social.

Vostedes presentaron, ademais, ese decretazo e di que o señor Sánchez *está trabajando...* Mentira, está traballando con Podemos, agora está traballando con Podemos e repartindo os ministerios. Iso é o que está facendo. Está traballando nese sentido, non está traballando a Secretaría de Estado nin están traballando en favor do sector do mar.

Polo tanto, hoxe é oportuna, insisto, porque non hai eleccións. E vostedes presumen duns resultados electorais que uns meses despois, unhas semanas despois, baixaron xa rotundamente. Polo tanto, xa non estamos aquí ninguén para sacar peito ou non sacar. Aquí hai para todos, hai para todos, e polo tanto vamos intentar que nesta proposición non de lei os traballadores do mar, polo menos os traballadores do mar de Galicia, que son os que nos interesan, queden respaldados por este Parlamento, queden respaldados e poidamos atender,



como dixemos todos, as súas peticións; nin do PP nin de En Marea nin do Bloque nin do Partido Socialista, senón as súas propias peticións. Isto é o que eles piden.

E, miren, voulles dar un dato. Din que non se poden contabilizar só os termos económicos para saber como vai o sector. Pero é importante, é importante sobre todo para esta iniciativa. E, miren, a media de ingresos por barco de artes menores medrou un 44 % entre o 2009 e o 2018 —un 16 % máis con respecto ao Bipartito—. A media de ingresos do marisqueo a pé medrou un 40 % entre o 2009 e o 2018 —un 13 % máis no goberno Feijóo en referencia co Bipartito—.

Non son mantras, son datos e son necesidades oportunas e non oportunistas. Polo tanto, aceptaremos a emenda do Bloque Nacionalista Galego, pois cremos que é importante que se saiba en que sectores e cando son máis acaídas esas subas. E rexeitaremos a de En Marea porque vostedes votaron en Madrid en contra do sector do mar; polo tanto, imos rexeitala. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e doce deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Ministerio de Xustiza da inclusión, na proposta de creación de novos xulgados para Galicia en 2019, dun xulgado do social para a cidade de Lugo

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir como punto segundo o seguinte texto:

<<2.- Reclamar a creación do Xulgado exclusivo de Violencia machista en Lugo.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, aínda a risco de que nos acusen de seguir co mantra de que o Goberno do señor Pedro Sánchez castiga a Galicia, imos falar, unha vez máis, do castigo do señor Pedro Sánchez a Galicia. Unha obviedade que, sobre todo e neste caso concreto, prexudica a cidade de Lugo e o seu contorno coa decisión adoptada unilateralmente polo Ministerio de Xustiza de non crear un xulgado do social en Lugo, en contra do criterio de todos os axentes implicados, como é o Consello Xeral do Poder Xudicial e como é a Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Xustiza.



Como todos vostedes saben, a creación de novos xulgados é competencia do Goberno do Estado, porque se modifican os órganos xudiciais establecidos na Lei de demarcación e planta xudicial. En función do número de unidades xudiciais contempladas nos orzamentos do Estado, dende o Ministerio de Xustiza comunicánselle á comunidade autónoma as unidades que é posible constituír nun determinado exercicio orzamentario. Dende o primeiro momento, a Comunidade Autónoma de Galicia adiantoulle ao Ministerio de Xustiza a disposición da Xunta de Galicia de acoller a totalidade do número de unidades que lle puideran resultar asignadas, que dende o ministerio se fixou en tres. Esta non é ningunha novidade. Durante os últimos anos en debates que tivemos aquí vimos como a Xunta de Galicia sempre puxo á disposición do Ministerio os recursos que tiña que poñer, en canto a persoal e recursos materiais, para dotar Galicia do número de unidades xudiciais que o Ministerio lle quixese dar. Incluso, nalgunha ocasión, colleu algunha unidade xudicial que non quixo outra comunidade autónoma.

Ben, sendo a Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia o marco no que se vén determinando a proposta priorizada das unidades que se consideran necesarias na comunidade autónoma, e logo da sesión celebrada o 12 de decembro de 2018, a Dirección Xeral de Xustiza trasladoulle ao Ministerio a proposta unánime consistente na creación de tres novos xulgados do social; concretamente, e en orde alfabética: xulgado de Lugo, xulgado número catro de Santiago e xulgado número seis de Vigo. A pesar desta proposta que remitiu a Xunta de Galicia no mes de febreiro, o Ministerio solicitou á comunidade autónoma un informe ao proxecto ministerial de real decreto para a creación, dentro da programación do 2019, de tres unidades xudiciais. Consignando o proxecto do ministerio para a creación de unidades en Galicia, serían: un maxistrado na Sección 2ª da Audiencia Provincial da Coruña, o Xulgado de Primeira Instancia número 14 da Coruña e o Xulgado do Social número 6 de Vigo. Á vista de que o proxecto ministerial da creación de unidades xudiciais se afastaba da proposta formulada pola Comisión Mixta da Xunta e do Tribunal Superior de Xustiza, emitíase a creación de novos xulgados do social, tanto o de Santiago como o de Lugo. Pois a Comisión Mixta volveu remitir ao ministerio esa proposta unánime e de necesidade destes tres xulgados do social en Galicia: Vigo, Santiago e Lugo.

Rectificada a creación dun novo xulgado do social en Santiago —que aínda non vimos como se concretaba, senón que, simplemente, hai un anuncio. Tampouco sei se a Xunta recibiu algunha comunicación, igual temos que presentar algunha pregunta para que dende Vicepresidencia o director xeral de Xustiza nos concrete se hai algunha novidade a este respecto— queda o de Lugo como xulgado necesario e que debe ser creado pola carga de traballo que, segundo os módulos aprobados polo Ministerio de Xustiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial, deben presidir estas decisións. Así, os novos módulos de carga de traballo e a consideración destes como criterio principal para a creación de órganos xudiciais.

E o pasado mes de decembro o Ministerio de Xustiza, socialista, non do Partido Popular —dígoo porque se alguén pensa que isto xa é unha cousa particular, non, foron os socialistas... ríase que son os seus socios, señora Presas—, e o Consello Xeral do Poder Xudicial asinaron un acordo para determinar a carga de traballo dos órganos xudiciais en atención ao seu volume de entrada. Ben, neste acordo, que está publicado no BOE do 29 de decembro de 2018, para os xulgados que posúen competencia en materia social o módulo está en oi-



toentos asuntos anuais, incluíndo a execución de sentenzas, oitocentos asuntos anuais. Pois ben, estes novos módulos que sinala a orde ministerial corrixen os anteriores, que viñan dende 2003, á luz dos cambios normativos e da situación xeral dos xulgados de todo o territorio nacional. E a carga de traballo establecida polos novos módulos, segundo este acordo, di exactamente: «*sería uno de los criterios principales que permitan la adopción de decisiones que afectan a la creación de órganos judiciales, a la aprobación de medias de refuerzo y planes de urgencia*». Ben, estes foron os criterios que levaron a Comisión Mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a Xunta de Galicia a efectuar a súa proposta. Pois, conforme o criterio que o acordo do Ministerio e o Consello Xeral do Poder Xudicial establece, no Xulgado do Social de Lugo ingresaron no pasado ano de 2018 1.181 asuntos, o que sitúa nun cento corenta e oito por cento o módulo establecido nesta orde de 29 de decembro. E non é unha cuestión puntual, ¿non?, senón que con estas cifras veñen ingresando nestes últimos anos, ¿non?. Poderían dicir: non, é que é unha cuestión puntual do ano 2018; non, isto é unha cuestión estrutural, señorías.

Ben, pero, como a día de hoxe sabemos, para este ano 2019 o Goberno central asignou tres xulgados a Galicia, concretándoos no Real decreto 256/2019, do 12 de abril, de creación de unidades xudiciais correspondentes á programación de 2019, que van ser o Xulgado número 6 do Social de Vigo, o Social número 4 de Santiago de Compostela e o Xulgado de Primeira Instancia número 14 da Coruña. Por tanto, do Xulgado do Social de Lugo non sabemos nada. Apagón informativo tanto do Ministerio como da alcaldesa, (*Murmurios.*) que non reivindica nada. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, si, claro, señora Rodil, xa virá vostede aquí a dicirme que se reuniron e sacaron unha foto. ¡Tomáronnos o pelo! (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Tomáronnos o pelo, señora Rodil. Voullo explicar: tomáronnos o pelo. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Tomáronnos o pelo, e igual a vostedes tamén, porque como son os seus socios de goberno non sei se igual llelo tomaron ou o deixaron tomar. Porque, claro, esa é outra opción, porque como vostedes agora cogobernan e están cos preparativos da voda do día 15 pois, claro, igual agora están moi felices. Despois vén a lúa de mel e, claro, despois xa veremos. (*Murmurios.*) Pero igual lle chafa un pouco os preparativos da voda porque (*Murmurios.*) (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*), señora Rodil, igual leva vostede unha sorpresa.

Tamén o Bloque presenta unha emenda e, señora Rodil, vostedes levan moito tempo pedindo un xulgado exclusivo de violencia de xénero para Lugo. Eu creo que neste tema hai que ser moi serio e, cando un pide unha cousa, hai que saber tamén se cumpre as ratios. Vostede sabe que a ratio para a creación dun xulgado exclusivo de violencia de xénero está en mil seiscientos asuntos. ¿Sabe vostede cantos asuntos de violencia de xénero ten o xulgado de Lugo? Poucos máis de trescentos. Pero, é que é máis, é que incluso na ratio de xulgado compatible nin sequera chega, porque un xulgado compatible ten unha ratio de tres mil asuntos. ¿E sabe cantos ten o xulgado de Lugo sumando civís, penais e exclusivos de violencia de xénero? Ten mil oitocentos, é dicir, un sesenta e pico por cento. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) É moi serio, señor Bará, ao igual a vostede lle fai moita graza, a min non me fai graza porque creo que hai que ser moi serio neste asunto.

Nós temos plantexado neste Parlamento moitas veces a necesidade da comarcalización dos xulgados de violencia de xénero e por aí vannos atopar. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras*



que non se perciben.) Non, vostedes votaron en contra moitas veces, señor Bará, ¡moitas, moitas! Eu cheguei a algún acordo cunha antiga deputada que había aquí, que era a señora Tereixa Paz, porque ela si que o entendía, porque ela vivía a realidade de Ourense. Pero logo houbo algunha deputada súa —que agora defende moito o feminismo— que dixo que non, que nada máis da comarcalización. E a partir de aí houbo un punto e á parte na defensa da comarcalización dos xulgados de violencia de xénero. Por tanto, señorías, creo que neste asunto hai que ser moi serios e hai que ser moi rigorosos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu sorría desde o escano, señora Prado, porque hoxe iamos estar en parte de acordo. Eu ía darlle en parte a razón; pero, xa non sei, veu así contra min, non sei, pensareino un pouco. *(Risos.) (Aplausos.)* ¡Pensareino un pouco! *(Aplausos.)* ¡É broma! Que levamos aquí xa todo o día.

E seguindo un pouco co ton así distendido... porque, claro, ¿vostedes lembran aquel relato de Manuel Rivas que dicía: «Galiza contada a un extraterrestre»? ¿Como nos vería, a este pobo traballador galego, unha persoa que viñese do espazo exterior? Pois, se hoxe aterrarse aquí un extraterrestre neste hemiciclo, no Parlamento de Galiza, e escoitase a señora Prado, pois podería crer que os problemas nos xulgados do social de Lugo comezaron hai un ano, cando entrou o señor Pedro Sánchez pola porta da Moncloa. Non lle vou quitar eu razón do desleixo máis absoluto do Partido Socialista con este país e coa cidade de Lugo desde o Goberno do Estado español nesta cuestión, non llo vou quitar. Pero tampouco é que os problemas nos xulgados do social de Lugo comezaran co señor Pedro Sánchez. As traballadoras e os traballadores xudiciais, sen ir máis lonxe —a modo, así un pouco, de exemplo—, levan mobilizándose en Lugo diante dos xulgados desde o ano 2015, precisamente para reclamar a creación dese cuarto xulgado do social diante do colapso que viven.

Até a señora Prado reconecía así na súa intervención que non era unha cuestión puntual que se estivese nunha carga de traballo superior aos módulos no ano 2018 con carácter puntual, que era algo que se viña repetindo en anos anteriores. Non sabemos por que daquela lles parecía que non tiña que crearse. Están a realizar citacións nos procedementos para o 2021 pola acumulación continuada no tempo dos expedientes. E mostra de que os problemas non comezaron hai dous días, nin co señor Pedro Sánchez, é que esta Cámara acolleu un acordo por unanimidade en xaneiro do 2017 na Comisión 1ª, impulsado polo Bloque Nacionalista Galego. Chegamos a un acordo unánime todos os grupos cunha transacción, precisamente, entre o Partido Popular e o BNG para reclamar ese cuarto xulgado; e, entre tanto que non se creaba, que fose nomeado un maxistrado ou maxistrada de reforzo. Nada de nada. E agora, claro, dan golpes no peito, ¡ben forte, eh! ¡Benvidos sexan os golpes no peito, pero chegan tarde! Cando o Partido Popular gobernaba no Estado



español o que tiñan eran escusas e argumentario suficiente para xustificar que non se crease ese cuarto xulgado do social. Hoxe ferven, pero tamén porque as responsabilidades son doutros.

Coincidimos —díciallo e, si, dareille a razón— en que é inadmisíbel que Lugo quede sen un novo xulgado, o cuarto do Social, a pesar dos anuncios do Goberno español —vostede tamén o dicía—, desa foto marabillosa entre a ministra de Xustiza e a alcaldesa, agora en funcións, da cidade de Lugo. Anunciaban e prometían que se dotaría co reforzo dun xuíz, dun letrado e de tres funcionarios. Iso é todo o que temos de momento, unha nota de prensa. Porque é un parche; tampouco nos gusta por iso e sinalamos, ademais, que é inadmisíbel. É un parche e é temporal.

Ese cuarto xulgado do social non é un antollo, non é unha apetencia ou unha vontade particular. É un servizo fundamental para garantir os dereitos das traballadoras e dos traballadores. Estamos a falar de asuntos que atinxen reclamacións de salarios adebedados, reclamacións á Seguridade Social por incapacidades ou de dereitos laborais vulnerados en casos de despedimentos. Por exemplo, os atrasos de dous anos, ou mesmo máis, vulneran o dereito á tutela xudicial efectiva das traballadoras e dos traballadores e reforza no ámbito laboral a posición das empresas que vulneran dereitos ou/e incumpren as súas obrigas.

Nós imos apoiar a iniciativa, señora Prado. Imos apoiar a iniciativa, pero tamén queremos ir máis alá. Vostede xa se adiantaba falando da nosa emenda. Lugo precisa, ademais do cuarto xulgado do social, que se cre un xulgado exclusivo de violencia machista; non cansaremos de repetilo. Non é Lugo a única cidade que o necesitaría, Ourense ten unha situación demográfica e social moi semellante.

Nunca votamos en contra da comarcalización, defendémola sempre que tivermos ocasión nesta lexislatura. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Revisarei o *Diario de Sesións*; vou deixarlle o dereito á dúbida, porque habería que repasar o *Diario de Sesións*. Pero nunca votamos en contra da comarcalización, sempre defendemos que había que tender a que se compartan dentro das mesma provincia distintos partidos xudiciais para poder contarmos con servizos exclusivos que garantan a atención que deben a aquelas mulleres que se atopan en situación de violencia machista e deciden denunciar.

Ademais, non é unha demanda única ou exclusiva do Bloque Nacionalista Galego: o pasado mes de marzo —hai apenas unhas semanas— o Colexio da Avogacía de Lugo volvía reclamálo a través do seu decano, o señor Mondelo, e xunto con ese cuarto xulgado do Social pedía, ademais, un xulgado tamén de Familia.

Xa que están a dar golpes no peito, que o Partido Popular e a Xunta de Galiza se sumen tamén a esta demanda social en Lugo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.



A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Prado, para vostedes o mundo, a política, comezou o día 1 de xuño do ano 2018, antes non había —o día da moción de censura—. E, efectivamente, a política digna e da decencia comezou a partir do 1 de xuño do ano 2018, é verdade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Vostede veu hoxe aquí facer —eu non son relixiosa en absoluto, pero preguntei por iso de que necesito saber, e o saber non ocupa lugar— os pasos para unha confesión: fixo exame de conciencia e dixo que, efectivamente, Lugo necesita un novo xulgado do Social; fixo *dolor de los pecados*, porque dixo que antes o señor Rueda pedía o número de unidades xudiciais que o Goberno lle quixese dar —o Goberno de Mariano Rajoy—, así na súa boa vontade; fixo propósito de emenda, e esta iniciativa é un propósito de emenda; contounos os pecados aos seus confesores, e vostede vai cumprir a penitencia, porque nós imos votar a favor, tamén, da súa iniciativa.

Xa llo dixemos o outro día na Comisión 1ª, porque isto non é a primeira vez que vén aquí. Hai tres motivos. Primeiro: xa o pedimos nós nunha proposición non de lei hai anos, señora Prado, janos! Aprobámolo —como dicía a voceira do BNG, é verdade— na Comisión 1ª no ano 2017 por unanimidade; nada de nada. No 2017 estaba Mariano Rajoy como presidente do Goberno; lémbreo, porque o mundo é verdade que comezou o 1 de xuño do ano 2018, pero antes estaba Mariano Rajoy, non estaba un bolso no seu escano, como ocorreu neses días da moción de censura. E, logo, o 17 de abril deste ano vostede trouxo unha iniciativa que recollía isto no espírito exactamente igual que o que dicimos hoxe; de feito, falamos do xulgado do Social número 4 para Lugo. Tanto é así que vostede pedía ao Ministerio de Xustiza: «Ampliar con cargo á nova programación 2019 a creación de novas unidades xudiciais en Galicia que, de xeito consensuado, propoña a Comisión Mixta en atención a necesidades obxectivas e estruturais de carga de traballo e o número de unidades que lle sexan asinadas á Comunidade Autónoma».

Por certo, é a primeira vez que o seu grupo parlamentario fai iniciativas de xustiza pedíndolle nada ao Goberno do Estado, ¡a primeira vez! Evidentemente, gobernando o señor Mariano Rajoy vostedes non pediron nada, e agora veñen vostedes solicitando que se inclúa o xulgado número 4 do Social para Lugo. Pois nós estamos de acordo. Porque a Comisión Mixta hai anos que di que é inescusable o Xulgado do Social en Lugo —en Lugo, en Vigo e en Santiago de Compostela, ¡eh!—, pero, curiosamente, no ano 2016 saían ao unísono o ex-presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e o vicepresidente da Xunta e non dixeron nada desas imperiosas necesidades para o Xulgado do Social de Lugo; nada.

E sobre os datos, señora Prado: como ben lle dixo a voceira do BNG, no ano 2015 o módulo teórico do Consello Xeral do Poder Xudicial era, para xurisdición social, de oitocentos cincuenta asuntos por xulgado e ano, e Lugo estaba en novecentos corenta no ano 2015. Ano a ano foise reiterando e hoxe estamos nos datos que dixo vostede do ano 2018, porque nos anos posteriores a tendencia foi a mesma. Vostede acordouse e caeu do cabalo xusto neste ano 2019; benvida ao mundo real, señora Prado. Os xulgados do Social galegos con maior volume de traballo eran os de Vigo, os de Santiago e os de Lugo, todos moi por riba do cen por cento. Benvida ao mundo real; nós hai tempo que o dicimos.



Xa llo dixemos: imos votar a favor, porque nós non vimos aquí facer propósito de emenda de nada, de absolutamente nada, senón preocuparnos, agora cando goberna o Partido Socialista no Estado e cando non, e seguimos pedindo o xulgado do Social para Lugo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías.

Por comezar pola alusión que fixo a señora Prado con relación aos xulgados de Violencia sobre a Muller, quero recordar que no mes de febreiro deste ano na Comisión 1ª se debateu unha proposta onde nós reclamabamos a extensión dos xulgados de Violencia de Xénero exclusivos a todas as cidades do país, non soamente á Coruña e a Vigo, que o tiñan en exclusiva. A razón do Partido Popular para votar en contra foi que na parte dispositiva nós dicíamos que se fixesen as reformas lexislativas necesarias para acordar iso. Vostedes mantiñan que non era necesaria ningunha reforma lexislativa para acordar os xulgados exclusivos de Violencia e nós dicíamos que si.

A Lei orgánica do poder xudicial —tal e como establecía a señora Rodil— establece a posibilidade de que, por riba do partido xudicial, se establezan de ámbito comarcal ou incluso non hai ningún impedimento de que sexan de ámbito provincial, o cal tamén permitiría achegarse ás medias dos módulos que son necesarios e establecidos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial. O establecemento deses xulgados como exclusivos require unha modificación da Lei 38/1988, no seu anexo referido ao enunciado dos xulgados que son exclusivos de Violencia. Vostedes dixeron daquela que estaban en contra porque non estaba xustificada esta mención á modificación legal. Pois ben, emprázoa agora, aquí no pleno, a que se pronuncie sobre esa cuestión, se é que hai un problema de legalidade ou non, ou se hai un problema doutro tipo. E estamos recoñecendo xa os propios marcos da Lei orgánica do poder xudicial, que establece un carácter suprapartido xudicial para darlles cobertura aos números requiridos polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial.

Polo tanto, iso como apuntamento. Aínda que a proposición se refire ás cuestións relativas ao Xulgado do Social, como a emenda do BNG se refire ao tema do Xulgado de Violencia de Xénero, quero deixar isto como manifesto previo, para que non quede dúbida de que non hai ningún impedimento legal que nos permita pronunciarnos nese sentido.

En canto ao tema do cuarto xulgado do Social, é certo que parece que o mundo se descubriu para vostedes a partir deste momento, aínda que xa existían as reclamacións antes e que accederan á Comisión Mixta. Vou citar as datas dos informes emitidos polos xulgados do Social de Lugo, que foron emitidos de forma unánime polas tres maxistradas tanto ao Consello Xeral do Poder Xudicial como ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, reclamando, na data do 15 de maio de 2014, un xuíz de apoio para o conxunto dos xulgados do Social de Lugo; o 16 de setembro do 2014, un maxistrado de reforzo para os tres xulgados; e a partir do ano 2015 —jdo



2015! — xa hai unha reclamación específica dun xulgado cuarto do Social de Lugo. Concretamente, na data do 27 de novembro do 2015 solicitan a creación dun novo xulgado do Social, e o 27 de xuño de 2016 as tres maxistradas solicitan unanimemente a reiteración e din: reite-ramos a solicitude de creación dun novo xulgado do Social no partido xudicial de Lugo.

Ben, ata este momento —como é sabido e se dixo aquí desde a tribuna polos demais grupos—, nada diso; soamente unha cousa: maxistrados e maxistradas de reforzo nas seguintes condicións que vou enunciarse e que son transmitidas tamén polos propios xulgados. Houbo unha maxistrada nomeada como xuíza de reforzo, con efectos económicos, o 10 de maio de 2017 que empezou a traballar a partir do 15 de xuño do 2017. Cesou por falta de orzamento para a renovación da comisión, aproximadamente, a finais de abril ou principios de maio de 2018; é dicir, antes da famosa moción de censura. Polo medio tivo as vacacións e os meses de folga do funcionariado, coas dificultades concretas que tivo para facer isto. Neste momento existe unha maxistrada de reforzo que tomou posesión o 11 de febreiro de 2019. Polo tanto, esta é a situación completa nunha diacronía que está completada polos datos que vos-tede mesma deu e que deu tamén a deputada do Partido Socialista.

Hai un apunte que xa se fixo aquí tamén: o módulo, a partir do 29 de decembro de 2018, é de oitocentos asuntos, antes era de oitocentos cincuenta; pero —e se non o sabe, recordá-moslo agora— o módulo de entrada nos xulgados do Social de Lugo no ano 2013 era de 1.225 asuntos; no 2014, 1.311 asuntos; no 2015, 940; no 2016, 1.008; no 2017, 1.029, e no 2018, 1.042. Polo tanto, é evidente que a necesidade non xorde nin en 2018 nin en 2019 e que, polo tanto, a petición unánime das maxistradas do Social estaba máis que xustificada conforme os propios módulos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial.

No día de hoxe nos xulgados de Lugo a situación é a seguinte: para procedementos ordinarios, máis de dous anos e medio entre a admisión a trámite do procedemento e a data da vista —estase sinalando agora mesmo para o 15 de decembro de 2021—, e para os procedementos urxentes, as situacións máis delicadas e máis importantes para os traballadores —vulneración de dereitos fundamentais, etc.—, máis de seis meses entre a admisión a trámite do procedemento e a data da vista.

Ben, a nosa posición é a mesma governe quen governe e quen teña que tomar as decisións a estes niveis. A nivel de tutela de dereitos fundamentais e de acceso á xurisdición, polo tanto, requirimos —evidentemente por estes datos— a defensa do constituído do Social número catro, tamén coa finalidade de rematar coa discriminación que se sofre nos xulgados da provincia de Lugo con relación ás outras provincias galegas, coas cales mantén a peor ratio de todas.

A nivel substantivo tamén aproveitamos para reclamar, unha vez máis, que vostedes se posicionen do lado da derogación das reformas laborais que precarizaron os dereitos dos traballadores e traballadoras e, polo tanto, obrigan a acudir máis á xurisdición, que reducen a súa protección e que desapoderan, tamén, os sindicatos para facer defensas colectivas dos dereitos dos traballadores e das traballadoras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo autor da proposición, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio de todos os grupos. A verdade é que sería incomprendible que algún grupo se posicionase hoxe en contra desta iniciativa.

Señora Vilán, a Comisión Mixta é a que ten que pedir dende Galicia a creación dun xulgado, e a creación deses xulgados, desas unidades xudiciais, a Comisión Mixta fíxoa, cumpriu. Cumpriu ese acordo que tivemos nesta cámara, quen non cumpriu foi o Goberno central, señora Vilán. Eu non caín do cabalo, eu presento unha iniciativa porque o Goberno central incumpre non só o acordo desta cámara, senón que, por primeira vez na historia de Galicia, o Goberno central non fai caso dunha petición da Comisión Mixta, por primeira vez na historia, señora Vilán. (*Aplausos.*) Quen caeu do cabalo igual foi vostede. Pero mire: non, o Goberno de Pedro Sánchez, esa política, mudou o 1 de xuño —vostede o dixo—, ¡claro que mudou! Mudou para non facerlle caso á Comisión Mixta e para obviar unha cuestión que se tomou por unanimidade desta cámara e da Comisión Mixta, que son os xulgados e a Xunta de Galicia.

Non é certo que, cando gobernaba o presidente Rajoy, nesta bancada non solicitabamos e non presentabamos iniciativas; non é certo, señora Vilán. Nós presentamos iniciativas pedindo unidades xudiciais; claro que as pedimos, señora Vilán. Esta deputada que lle fala, señor Villares, presentou nesta cámara moitas iniciativas pedindo a comarcalización dos xulgados. Vostede non estaba daquela, pero eu presenteí moitas e debatín moitas, e co Bloque Nacionalista Galego cheguei a moitos acordos ata que a señora feminista voceira, a señora Pontón, (*Murmurios.*) dixo: non se pode votar máis a favor da comarcalización. Cordón sanitario, señor Villares. Houbo un momento en que nesta cámara chegabamos a acordos en materia de igualdade, ata que os grupos da oposición decidiron poñer un cordón sanitario feminista (*Murmurios.*) e dicir: co PP non sacamos ningunha foto máis en materia de igualdade. Incluso chegaron ata ese punto, a non votar o tema da comarcalización dos xulgados de Violencia de Xénero.

Mire: incluso hai unha entrevista ao ex-ministro Caamaño na que dicía que a comarcalización era unha cuestión inevitable, que tiña que ser; pero dicía algo así como: pero non se preocupen, que non se vai dar nunca, porque sempre haberá algún deputado ou deputada que se opoña a esa comarcalización porque lle afecta ao seu territorio. E así foi, porque cando o Goberno do Partido Popular intentou facer unha modificación dos partidos xudiciais, non teño que lembrarlles o follón que se montou en Galicia, porque lles afectaba a uns ou lles afectaba a outros, ¿verdade, señora Vilán? Porque houbo deputadas e deputados que quixeron defender o seu territorio e, polo tanto, non foi adiante.

A creación dun novo xulgado do social en Lugo é moi necesaria. A señora alcaldesa de Lugo mentiu, e mentiu a ministra, señora Vilán, e enganáronnos a todos, porque saíron nunha foto dicindo que ían poñer persoal equivalente a un xulgado do social. Non, porque vostede sabe ou debería saber que hai un informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial, dunha



inspección que se fixo ao xulgado do social en Lugo, que dicía que se tiña que poñer ese xuíz de reforzo e ese persoal de reforzo. ¿Para que? Única e exclusivamente para despedidos, señora Vilán. Non enganen a cidadanía. Non lles digan aos lucenses que foi a señora ministra, tan boa ela, quen puxo un xuíz de reforzo e un persoal de reforzo. Non, ¡menten! ¡Os seus socios méntenlles, señora Rodil! Méntenlles e dinlles que poñen un xuíz de reforzo e é mentira, porque xa estaba nun informe previo.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu xa sei que van casar igual, que isto non é un problema para o consentimento, pero quero que saiba a verdade, que saiba quen vai ser o seu socio neste asunto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: E mire, non é un parche, non, é un falso parche, señora Rodil, porque iso vén dun informe previo do Consello Xeral do Poder Xudicial que dicía que había que poñer ese reforzo só para os despedidos, única e exclusivamente para os despedidos. Así que, señorías, eu alégrome de que todos esteamos de acordo...

O señor PRESIDENTE: ¿A emenda do BNG vaina aceptar?

A señora PRADO DEL RÍO: Non, señor presidente. Xa me manifestei antes...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da intervención pública en Alcoa de xeito transitorio co fin de garantir o mantemento do seu emprego e da súa actividade industrial

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 49281)

Emenda de adición.

Engadir un novo punto co seguinte texto:

<<O. Dirixirse ao Goberno central para demandar que a única opción admisible para a compra de Alcoa sexa calquera que contemple a garantía do emprego tamén na fábrica da Coruña.>>

Emenda de adición.



Engadir un novo punto co seguinte texto:

«3. Demandar do goberno central medidas urxentes respecto do marco enerxético co fin de incentivar a compra de Alcoa e paliar a crise da industria: a) aprobación inmediata do estatuto de electrointensivas tendo en conta as achegas do sector galego; b) a corrección das condicións da poxa de interrompibilidade prevista para o mes de xullo; c) e a planificación da substitución do sistema de poxa de interrompibilidade por unha regulación estábel que permita prezos competitivos no sector con compromisos no mantemento do emprego e da actividade industrial tendo en conta tamén o papel de produtor de Galiza.»)

(O G. P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 49281)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Convocar unha Mesa Sectorial da Industria Electrointensiva en Galicia, na que se integren todos os axentes económicos e sociais implicados, para buscar posibles novos inversores, para facilitar que os posibles inversores coñezan as empresas e para desenvolver un programa específico de incentivos dentro das súas competencias.

2. Demandar ao Ministerio de Transición Enerxética e Cambio Climático que desenvolva un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluídos os ámbitos fiscais, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estabilizado de enerxía a un prezo razoable, xusto e estable; tanto para as persoas consumidoras, como para as instalacións industriais; sempre nun modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

3. Demandar ao Goberno de España que estude a modificación da escala de tarifas de alta tensión, para crear unha nova tarifa destinada especificamente a industria Electrointensiva e Ultra-electrointensiva, que sitúe as baixadas medias en termos porcentuais da nova tarifa en termos similares aos descensos da nova tarifa 6.2 de media tensión. Establecendo unha fórmula para que as industrias con alto consumo de enerxía poidan acceder ao mercado de enerxía en condicións similares ás doutros países da Unión Europea.

4. Establecer, no marco da Lei de Cambio Climático e de Transición Enerxética e con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado políticas públicas de axuda á industria electrointensiva, ao amparo das Directrices da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020.

5. Demandar ao Goberno de España que reclame ante a Unión Europea a posta en marcha de fondos europeos para compensar os custos das empresas con alto consumo enerxético (industria electrointensiva) e incentivar a transición enerxética a baixas emisións de carbono e fomentar a economía circular.»)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe, desde o Bloque Nacionalista Galego, volvemos poñer enriba da mesa unha preocupación de primeira orde para o noso grupo parlamentario: a crise que está a experimentar a industria galega, particularmente a industria electrointensiva e de forma especial a empresa Alcoa.

Hai apenas dous meses tiñamos nesta mesma Cámara unha comparecencia do conselleiro de Economía, Emprego e Industria precisamente para abordar esta crise innegable da industria do noso país. E o certo é que, facendo balance desde entón, xa non é que non désemos pasos adiante, senón que o que demos foron pasos atrás que evidenciaron dúas cuestións. Primeiro, o abandono e a política de mentiras do Goberno central. E, segundo, o fracaso da Xunta de Galiza; unha xunta de Galiza que non quere exercer as súas competencias exclusivas en planificación industrial e que tampouco é capaz de exercer o peso político e a presión que debera levar a cabo o noso país. Polo tanto, vimos neste tempo que a única estratexia do Goberno de Núñez Feijóo é a de botar balóns fóra. Nisto son boísimos, a verdade é que nisto son espectaculares, pero deses pos, estes lodos.

A situación é que, en xeral, hoxe a industria do noso país está nun momento moi crítico, con moitas empresas como Isowat, da que falamos antes, en xaque e outras xa case máis próximas do xaque mate, como é o caso de Poligal, a quen tamén desde aquí queremos enviar o noso apoio e saúdos aos traballadores e traballadoras, e o noso compromiso de que faremos o posible para que atopen unha saída.

Por outra banda, en canto ao que centra a iniciativa, que é a industria electrointensiva, a situación é tamén límite. Este mesmo sábado, milleiros de traballadores e traballadoras, así como persoas que se solidarizaban con eles e elas, manifestábanse polas rúas da Coruña exixindo o que levan exixindo máis de medio ano, que son solucións en lugar de palabras, porque o certo é que estamos en tempo de desconto.

Entendemos tamén neste momento que non só hai que escoitar as reclamacións que este mesmo sábado deixaban de manifesto os comités de Alcoa, Ferroatlántica e Celsa Atlantic, entre outras, senón que tamén hai que facer unha reflexión mais profunda sobre esta situación indecente que vivimos nun país como Galiza, que, pese a ser produtor de enerxía eléctrica, ten empresas pechando polo prezo da luz; un prezo da luz, por certo, que tamén volveu subir neste 2019.

Eu quero recordar de forma concreta sobre a cuestión de Alcoa que por primeira vez coñecemos estes feitos o 17 de outubro de 2018, hai máis de oito meses. Pero non é menos certo que levamos co debate aberto sobre a crise da industria, en concreto sobre a dificultade da industria electrointensiva polo sistema eléctrico, desde hai moito máis tempo. A cuestión, o problema de fondo, non deixa de ser o marco enerxético, que hai que recordar que é made in Partido Popular, desde o ano 1997, con Aznar, ata 2013, co señor Mariano Rajoy; un marco inválido que só fixo empeorar con este último. Hai que recordar que foi o Partido Popular de



M. Rajoy quen reduciu os tempos das poxas dun ano a seis meses. Polo tanto, falta de compromiso, falta de planificación e a situación ten empeorado.

Neste sentido, tamén temos que dicir que hai dúas cuestións que nos preocupan sobremaneira neste momento. A primeira delas é o Estatuto de electrointensivas. De viva voz, e tamén por medio do real decreto, o Goberno nacido na moción de censura ao señor M. Rajoy prometeu por activa e por pasiva que habería un estatuto de electrointensivas. Depositou as esperanzas de moitas persoas nesta cuestión pero o certo é que desde entón o que vimos foi unha vergonza tras outra. Meses de promesas, despois chegou unha campaña electoral; no medio desa campaña electoral iamos ter o estatuto definitivo; e logo, ao final, resulta que non, e seguimos esperando. O único que coñecemos desde entón foi un borrador absolutamente decepcionante que sindicatos, organizacións políticas —entre elas o BNG— e outros axentes alegaron a todo o seu contido. Oito meses despois da crise de Alcoa, o que temos que dicir é que seguimos sen estatuto de electrointensivas.

Como dicía ao comezo da miña intervención, a situación xa non é que non mellorara, é que empeorou. Temos unha nova convocatoria para unha poxa de interrompibilidade que vimos con estupefacción o pasado 27 de maio no *Boletín Oficial do Estado*, e xa non é que manteña unha situación complicada, como a que había cando foi a anterior, senón que empeora. Redúcense as contías que van poder obter estas empresas para ser competitivas, redúcense os bloques de poxa, e, polo tanto, o que fai é empeorar a situación de partida da industria galega.

Primeiro, porque o Goberno de Sánchez estivo mentindo. Eu quero recordar que no mes de marzo saíron publicamente desde o ministerio a desmentir a Red Eléctrica de España e a dicir que Alcoa Coruña e Alcoa Avilés poderían concursar nestas poxas, algo que, á luz dos feitos, vimos que era mentira. O certo é que o feito xa de que empeorasen as condicións obxectivas vai botar fóra non só a quen xa non se pode presentar, senón que somos conscientes de que empresas como, por exemplo, Ferroatlantica probablemente quedarán fóra, e isto manda unha mensaxe negativa; unha mensaxe negativa de incerteza, de inestabilidade, a calquera posible comprador para Alcoa.

Nós entendemos que estamos nun momento crítico e que hai que reaccionar con feitos e non con palabras. Hoxe sabemos, polas filtracións á prensa e tamén pola información que van obtendo as e os traballadores, que hai posibilidades de compradores, pero que non todas elas inclúen a Coruña, por iso hoxe autoemendámonos e incorporamos —pola urxencia da situación— unha emenda para que este Parlamento pida ao Goberno central que non dea por válida ningunha opción que non contemple tamén A Coruña, porque Galiza non pode permitirse ficar atrás nesta cuestión. (*Aplausos.*)

En todo caso, hoxe non temos certezas, non sabemos que pasará o próximo 1 de xullo. Por iso, desde o BNG non deixamos de insistir nunha cuestión: en que este Parlamento se posicione. Que a actitude do Goberno central sexa decepcionante, non exime da falta de responsabilidade da Xunta de Galiza neste momento, e insistimos en que hai que ter un plan B. Xogamos 400 postos de traballo, sen contar a industria auxiliar en Coruña, e xogamos tamén o impacto que todo isto poida ter en San Cibrao, onde as alertas xa están disparadas. Polo tanto, entendemos que hai que ter un plan B, hai que poñerse na hipótese de que imos facer



o 1 de xullo se non hai comprador ou compradora viable, para as dúas ou para unha das plantas, porque, desde logo, se a alternativa é que o Goberno central vai botar as culpas ao pasado, non nos vale; se a alternativa é que o Goberno da Xunta de Galiza se vai conformar con botar as culpas para Madrid, tampouco nos vale, porque esa política de lamentación, desde logo, non é a que fornece un país coma o noso dunha industria forte, que é do que estamos necesitados e necesitadas.

Unha industria que ademais —hai que dicilo— está costa abaixo e sen freos. Xa saíu nalgún debate anterior hoxe o dato do índice de produción industrial no noso país, cunha caída de máis dun 11 %. Ademais, se o poñemos en perspectiva, Galiza ten o peor dato das comunidades autónomas; ten o peor dato interanual, pero é que tamén ten o peor dato da evolución deste 2019. ¡Grandes éxitos da lei de implantación empresarial do Partido Popular!

Hoxe, polo tanto, facemos desde o BNG un chamamento á responsabilidade. Entendemos que temos que poñernos na expectativa de que o 1 de xullo haxa algunha planta que quede sen comprador ou compradora, polo tanto, entendemos que temos que ter capacidade de previsión, de que mecanismos activar se iso é así. Este momento require poñer enriba da mesa todas as alternativas, e cando dicimos todas, dicimos todas, tamén a posibilidade de adquisición pública, como xa temos defendido nesta Cámara.

Eu véxome obrigada a citar aquí de novo ese informe que elaborou a Universidade da Coruña a instancias da Confederación Intersindical Galega. Eu xa sei que dá un pouco de alerxia nestas filas, pero o certo é que neste tempo houbo quen estivo sen facer o seu traballo, que foi a Xunta de Galiza, e houbo quen estivo a pé de rúa e activando todos os mecanismos posibles, que foron forzas sindicais, traballadores e traballadoras. Polo tanto, temos o aval dese informe e temos o aval da realidade; da realidade do Dereito comunitario, que permitiu unha operación similar no caso de Portovesme, en Italia —de feito un caso coa mesma empresa—, e temos tamén o aval mesmo da sacrosanta Constitución española, que outras veces non se cansan de citar nesta mesma Cámara.

Polo tanto, entendemos que estamos nun momento de urxencia e que hai que levantar os vetos a calquera alternativa coma esta, porque temos unha responsabilidade co emprego, porque temos unha responsabilidade co mantemento do pulso industrial dun país que non pode permitirse vivir de hostalería e turismo, e porque é unha industria de carácter estratéxico. Polo tanto, hoxe desde o BNG o que defendemos é unha cuestión moi clara: defender diante do Goberno central que ten que haber unha alternativa para Coruña para que se acepte calquera compra de Alcoa; que hai que facer mudanzas no marco enerxético nesas poxas de interrompibilidade no inmediato, pero tamén no marco en xeral, e aí o noso país ten que ter un papel; e por último que se levante o veto á posibilidade de intervención pública. Polo tanto, a Xunta debe dirixirse ao Goberno central e dicirlle que, se chega o momento e se é necesario, ten que adquirir de forma pública Alcoa Coruña para evitar que peche, de forma transitoria, para atopar un comprador que satisfaga unha saída digna para estes traballadores e traballadoras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.



Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Falaba hai pouco aquí algunha voceira do Partido Popular de vodas. A verdade é que, vendo os titulares da prensa sobre o que está acontecendo en Madrid entre VOX e o Partido Popular, despois do noviazgo da praza de Colón, están como para falar de vodas vostedes. *(Aplausos.)* ¡Están como para falar de vodas! *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)*

Eu entendo que lles moleste, que lles dea vergonza, que crean que esta vía... *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Un momentíño, estaba precisamente co Regulamento na man, lendo aquí unha cousa, e non quería ter que chamar a atención. Entón, a ver se podemos ter un debate tranquilo. ¡Por favor! Está no uso da palabra o señor Losada, ¡non interrompan!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non dixen nada.

O señor PRESIDENTE: Non, non. Por favor...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non fun eu quen empezou a falar de vodas.

O señor PRESIDENTE: ...non quentemos o ambiente.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Se o Partido Socialista se pode casar con Podemos, o partido Popular pode casar con VOX. Que casen , que vaian de lúa de mel e que sexan moi felices.

O señor PRESIDENTE: Fale da Alcoa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Non podo ser máis conciliador, certamente.

O señor PRESIDENTE: Fale de Alcoa, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É evidente que lles molesta, o cal...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Fale de Alcoa, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Esta mañá tamén outro voceiro do Partido Popular falaba do correlato empírico, e eu quero falar un pouco diso. Quero falar da perda de empregos industriais e da perda de actividade industrial que se está producindo en Galicia, moi por riba do conxunto de España. E como non creo nunha teoría conspirativa na que o Goberno de España ataca de maneira indiscriminada por terra, mar e aire esta comunidade autónoma, porque non o creo, porque hai outras comunidades autónomas... Sei que podía ser sectarismo partidario, pero como hai outras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular que, desde logo, non teñen



estes resultados, creo que o elemento diferenciador, fundamentalmente, é a política industrial deste Goberno; a política industrial e a política económica.

Hoxe saían uns datos do Instituto Galego de Estatística, non son do Grupo Parlamentario Socialista, que afondan no que vimos denunciando dende hai anos: como na tarta da riqueza galega cada vez se perde máis peso nos salarios —e os salarios industriais son probablemente o sustento fundamental da estrutura salarial de calquera país— fronte ao conxunto de España. En Galicia, dende o 2009, dende o inicio da crise, pérdense 4 puntos de PIB en termos salariais —4,1 puntos de PIB—, mentres que no conxunto de España gañan 0,9, case 1 punto de PIB. A min gustaríame que alguén do Partido Popular que interveña nos explicara isto. Eu levo varios meses falando desta cuestión, pero a verdade é que, en fin, non teño moito éxito. Ssupoño que me falta capacidade... non sei, pedagóxica, quero pensar.

Este é un problema, efectivamente, no que o Goberno de España ten moito que dicir, non me cabe dúbida, non vou agochar a responsabilidade que ten na regulación do mercado eléctrico o Goberno central, pero quero recordar tamén a situación que deixou o Partido Popular en termos de mercado eléctrico, porque se non parece que o día da creación, no Paraíso terreal, foi exactamente o 2 de xuño do ano 2018, e, lamentablemente, o Partido Popular gobernou dende o ano 2011 ao ano 2018, e xa sabemos cales foron os resultados: alonxamento dos obxectivos de cambio climático; un ataque fortísimo ás renovables —antes falabamos de Isolux, e a crise de Isolux está directamente relacionada con esta cuestión en termos do eólico—; perdas de posición tecnolóxicas no tema das renovables; reclamacións millonarias a España, de case 5.000 millóns de euros, por parte de investidores afectados; incremento obxectivo do prezo medio da enerxía neses anos, por moito que os voceiros do Partido Popular o intenten disfrazar aquí; e iso si, beneficios crecentes das grandes empresas eléctricas. E, mal que lles pese, no último ano, maio 2018-maio 2019, o prezo da enerxía en España baixou un 12 %. Polo tanto, esa é a situación.

Señora Novoa, en fin, son datos do mercado ibérico de electricidade. Eu non sei se ao mellor na universidade de San Cibrao das Viñas teñen outros, pero eu manexo literalmente os que podo manexar. (*Protestas.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Oia, ja ver se teño que escoitar aquí falar de Vigo como se fora o Espírito Santo, e non podo falar de San Cibrao das Viñas!... ¡Vamos, pero es que...! (*Aplausos.*) Reivindico *la igualdad geográfica*. E, dende logo, moléstame moito cando dou datos oficiais e se me cuestionan. Efectivamente, moléstame cando dou datos oficiais e se me cuestionan, sobre todo, por quen nunca dá datos oficiais. ¡E xa está ben! ¡Xa está ben! (*Murmurios.*)

En relación co tema das poxas... (*Murmurios.*) ¡Por favor...!

O señor PRESIDENTE: Silencio. Ten razón, moléstalle ao deputado. ¡Ata a min me molesta! Despois van vir máis intervención e xa sei. Eu xa coñezo isto, sei como vai. Entón, por favor, un pouco de silencio.



O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas.

Efectivamente, no tema da interrompibilidade e no tema das poxas hai problemas que terían que estar resoltos, vólvoo repetir. E nós, se a voceira do BNG despois da súa autoemenda sistemática nos permite votar por puntos —con cariño e aprezo no persoal e no político—, como bos socialdemócratas apoiaremos todos os puntos. (*Murmurios.*) ¡Oia, por favor...!

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Si, si, ten razón. Hoxe hai certa inquietude no asunto. (*Risos.*)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, si, vese que o de perder as eleccións ao Partido Popular lle molesta, e moito.

O señor PRESIDENTE: A todos, ¡home!, a todos. (*Risos.*) Iso séntalles mal a todos. Agora non descubriu nada novo con iso. Xa está. Señor Losada, vaia rematando. ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vou rematando.

A CNMC digamos que manifestou certas reservas sobre a posibilidade de que as autoridades da competencia europea aceptaran esa modificación. Nós cremos que o Goberno de España ten que pelexalo, sen dúbida. E volvo repetir que imos apoiar esa parte da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Pero o que tamén queremos denunciar é a catadura moral do presidente Feijóo, a diferenza do presidente da Comunidade de Asturias, dicindo aos posibles compradores que o mercado da enerxía española é un perfecto desastre. Recórdame aquilo de «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*», ou o máis grave de «*que se jodan*» os parados. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señor Losada, o mercado español eléctrico non é un desastre, é un espolio, que é un pouco diferente. Pero a realidade é que, efectivamente, ten vostede a razón. Toda a lexislación eléctrica que está desembocando nestes problemas desenvolveuna o Partido Popular, é evidente, pero é que vostedes a están empeorando (*Murmurios.*) esa é a realidade.

Realmente, a poxa de interrompibilidade que vostedes publicaron hai unhas semanas parece unha verdadeira provocación, parece unha verdadeira provocación. Eliminaron 5 bloques de 40 megavatios que teñen nome e apelidos; 2 de Alcoa-Avilés, 2 de Alcoa-Coruña, e 1 que é o que manteñen por aí... A xustificación era, como non van poder poxar das dúas Alcoas, Avilés e Coruña, pois quitamos os seus bloques. Pero é que son 4 e quitaron 5. Nós pensamos que o quinto tamén ten nome, e chámase Ferroatlántica, parece que vostedes xa dan por feito que os dous fornos parados de Ferroatlántica nunca van a volver a traballar, e iso non pode ser, e iso é o que terá que garantir o Goberno da Xunta de Galicia se finalmente se produce a venda da empresa ao fondo de investimento americano que está detrás da centrais.



A realidade é que despois todo son promesas: prometeron o estatuto electrointensivo; prometeron os 200 millóns de euros de compensación dos custos indirectos das emisións de CO₂, pero sorprendentemente tendo un *deadline*, unha data final, do 30 de xuño, non se fai nada, jé que non pode ser!

Os gobernos en funcións, xa o sabemos de sobra, poden tomar decisións, algunhas moito máis alá do que deberían tomar. Viuse no Goberno en funcións do señor Rajoy, que, entre outras cousas, lle deu sesenta anos máis a Ence. Pero vostedes unha medida deste tipo, tendo en conta que xa estaba aprobada, executala non é tan complicado.

Pero eses 200 millóns de euros de CO₂, xa digo, parece unha provocación. Tal e como deixaron a nova poxa de interrompibilidade, non resolve tampouco o problema, resolve soamente un 40 % do problema, e hai que resolver o outro 60 % do problema.

Primeiro, na poxa de interrompibilidade non habería ningún problema en deixar 5 bloques con reserva suspendida. Iso sería legal, iso implicaría que, en caso de que Ferroatlántica puxera en marcha os fornos e Alcoa fora vendida a principios de xullo e posta en marcha, ao mellor tardaría mes e medio ou dous meses en poder ter as cubas electrolíticas en funcionamento, en setembro poderíase facer unha segunda parte da poxa, adxudicar eses 5 bloques e que todas estas compañías puideran traballar ao cento por cento da produción. Por favor, trasládeo tamén á señora Ribera, que sabe disto moito, moito máis que nós, ademais.

Eu lin as emendas do Partido Socialista e van na mesma liña que as que plantexa normalmente o Partido Popular, ou sexa, que sexa a cidadanía a que pague estes problemas, e isto non pode ser. Por exemplo, unha tarifa especial, se vai contra o sistema eléctrico, ao final págana os cidadáns, por iso a nós parécenos correcto, por exemplo, que as poxas de interrompibilidade baixen dos quiñentos e pico millóns de euros que nos custaban aos douscentos millóns de euros que van custar este ano entre as dúas poxas de seis meses, parécenos ben, e ademais parécenos ben que se manteñan, niso non concordamos coa proposta do BNG. Pensamos que ese sería un custo de regulación do sistema aceptable, é o mesmo, máis ou menos, que no resto de países europeos.

Pero o que non pode ser é que todo o demais sexa a poñer. A poñer os douscentos millóns que veñen dos impostos e a poñer o resto por unha tarifa especial que pagaría o resto do sector. Ou sexa, todos nas nosas casas e o resto das empresas.

¿Onde hai que ir? Onde hai que ir é a que baixe o prezo maiorista, levámolo dicindo dende hai tres anos. Por fin, na anterior Comisión de Industria da semana pasada, o Partido Socialista e o Partido Popular aceptaron non plantexar que se establecera, senón que se estudara. A ver se de verdade se estuda, porque esa é a solución do problema. Se a produción hidráulica e a produción nuclear se obrigan a vender a prezo taxado durante vinte anos, tendo en conta que xa están amortizadas, e non hai posibilidade de que haxa outra empresa que queira competir, porque nin se van facer máis centrais nucleares nin se van facer máis centrais hidráulicas de gran nivel, a Unión Europea xa o aprobou, está aprobado, e iso baixaría o prezo do megavatio hora nun mínimo de vinte euros, e esa sería a solución, e non a pagarían nin os cidadáns nin o resto as empresas, pagaríana as eléctricas. Non a pagarían



realmente, simplemente lles quitaríamos eses dous mil millóns de euros ao ano de beneficios caídos do ceo, dos cales cincocentos millóns os pagan Alcoa, Ferroatlántica, Celsa, etc. Ese sería verdadeiramente o futuro para a nosa industria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Dende o Partido Popular de Galicia e dende o Goberno galego que sustenta a nosa maioría parlamentaria compartimos, claro que si, compartimos plenamente a preocupación dos traballadores de Alcoa, así como do conxunto dos traballadores da industria electrointensiva galega, porque non se pode ter fe, non se pode ter confianza, nun Goberno que falta permanentemente á súa palabra. Esa é a realidade.

Compartimos a súa preocupación porque non se están cumprindo as súas premisas básicas, tanto para Alcoa como para o resto da industria electrointensiva.

A primeira, contar cun estatuto de consumidores electrointensivos que garanta un prezo da electricidade estable e un prezo da electricidade competitivo. E, en segundo lugar, ofrecer unha solución integral para Coruña e para Avilés.

Non se poden admitir máis escusas do Goberno de España e non se pode vir defender, dende o Partido Socialista, o que é indefendible, señor Losada, e vostede o sabe. Por iso recorreu a mil artificios para falar de todo menos de Alcoa, para falar de todo menos do Goberno de España. (*Aplausos.*) Asuman a responsabilidade que adquiriron o día que impulsaron unha moción de censura para gobernar España, jasuman esa responsabilidade!

Non se poden admitir máis escusas; non é admisible que o Goberno xogue cos traballadores, que é o que están facendo; non é admisible que o Goberno xogue cos traballadores e realice cálculos electorais, convocando a poxa ao día seguinte das eleccións municipais, ou anunciando a presentación e aprobación dun estatuto da industria electrointensiva o día anterior á xornada de reflexión e logo non facelo. Non se pode xogar electoralmente cos traballadores.

Mire, a solución deberá pasar pola consecución dun prezo eléctrico estable, tanto para Alcoa como para o resto da industria electrointensiva, e son 5.000 empregos os que dependen disto na nosa comunidade. Polo tanto, señor Losada, eu lamento que nunha das súas últimas intervencións nesta Cámara se adique a facer o que vostede vén de facer. Eu non vou debater sobre cando foi a orixe dos tempos. Para vostedes parece ser que foi o día en que Pedro Sánchez comprou o colchón en Ikea, para nós non. A orixe dos tempos está no déficit de tarifa que deixou un goberno socialista, 30.000 millóns de euros, o Goberno de Rodríguez Zapatero.



(Aplausos.) Por certo, a ese Goberno lle aprobaban os orzamentos os poucos deputados do Bloque Nacionalista Galego, esa é a realidade.

Señor Losada, lamento que unha das súas últimas intervencións nesta Cámara sexa para facer uso desa soberbia pseudointelectual. Non sei se hai unha universidade en San Cibrao, sei que a hai en Vigo. Dende logo, a universidade de San Cibrao obtivo un 69 % do voto nas eleccións municipais, seica vostedes algo menos, 66 %. Sexa un pouco humilde, sexa un pouco modesto. (Murmurios.) Sexa un pouco humilde, sexa un pouco modesto.

A baixada do IPI en Galicia non a provoca a Lei de implantación empresarial, non, non, quen a provoca é o Goberno de Sánchez. Lea os datos e estude os datos. ¿A caída de que depende? Da enerxía e da metalurxia, ¿si ou non? Si. (Murmurios.) Si. Entón, ¿depende da Lei de implantación empresarial? Non. Depende de decisións do Goberno de Pedro Sánchez, señor Losada.

Mire, estamos sorprendidos pola emenda dos socialistas galegos, moi sorprendidos —diría eu—. Sorprendidos porque propón cousas moi razoables, coas que estamos de acordo, pero é que son cousas que levamos reivindicando nos últimos meses nesta Cámara. Vostedes o que buscan son escusas. Veñen vostedes practicar un cinismo político sen precedentes.

Logo é verdade que a política industrial do BNG non deixa de ser sorprendente, porque viven na contradición permanente. Para vostedes hai traballadores de primeira, traballadores de segunda; traballadores que hai que pelexar polo seu emprego e traballadores aos que hai que mandar á casa. Esa é a realidade do Bloque Nacionalista Galego.

Mire, vostedes quéixanse amargamente de que en Galicia non hai suficiente industria, pero despois protestan contra todos e cada un dos proxectos industriais que se queren asentar na nosa comunidade. Quéixanse amargamente cando unha industria quere pechar porque dá perdas, pero despois protestan todos os días para pechar aquelas que dan beneficios. Esa é a postura do Bloque Nacionalista Galego, que en materia de industria e en materia de emprego nin come nin deixa comer. Iso dáelle moi ben ao Bloque Nacionalista Galego.

Mire, estamos nun momento de pactos, de negociacións, eu propóño-lles que en vez de alfombrarse e en vez de axeonllarse diante do Partido Socialista, vostedes exixan algo para darlles aos gobernos. Eu creo que iso estaría moi ben. Estaría ben que vostedes camiñasen nesta dirección.

Eu quero facerlle unha proposta clara. Estamos de acordo en demandar a aprobación inmediata do Estatuto da industria electrointensiva, ¿si ou non? Si, estamos de acordo. Mire, ¿por que non condicionan o apoio do Bloque Nacionalista Galego ao Partido Socialista o próximo sábado nas sesións de investidura dos concellos, (Murmurios.) alí onde vostedes pretenden apoiar alcaldes do Partido Socialista que non gañaron as eleccións, incluso alcaldes que o pasado sábado non foron á manifestación de Alcoa? ¿Por que non condicionan o seu apoio o sábado a que o venres o Goberno Socialista, no Consello de Ministros, aprobe o Estatuto da industria electrointensiva? (Murmurios.) (Aplausos.) Esa é a emenda que eu lles propoño. (Aplausos.) Demostren que co seu voto... (Aplausos.) Demostren, señorías do BNG, que co seu voto vostedes queren ser útiles a Galicia e non queren ser o tonto útil do Partido Socialista. ¿Queren ser útiles a Galicia? ¿Condicionen o seu apoio aos socialistas o sábado, a que o venres, no Consello de Ministros, se aprobe...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o Estatuto da industria electrointensiva, e por unha vez o nacionalismo en Galicia será útil para alguén, (*Murmurios.*) para as persoas da rúa, e non para os militantes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...do Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Rinse porque vostedes o que acaban de entregar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...é un cheque en branco ao Partido Socialista para gobernar perdendo. A iso vostedes se dedican moi ben...,

O señor PRESIDENTE: Terminou. Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...teñen experiencia no seu propio grupo...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...de como ser alcaldes sendo o grupo menos votado nunhas eleccións municipais.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) ¡Terminou o seu tempo, señor Tellado! Grazas. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Xa non o están escoitando. Terminou o seu tempo. Grazas. (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) ¡Señor Tellado, terminou o seu tempo, por favor! (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Terminou o seu tempo. ¡Dous minutos! (*O señor Tellado Filgueira: Grazas.*) (*Aplausos.*)

¡Despois protestamos todos o polo tempo! (*Murmurios.*)

Señora Presas, polo grupo autor da proposición non de lei. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Sosego! ¡Por favor! ¡Tranquilidade! ¡Xa pasou!

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non me empece a descontar o tempo.

O señor PRESIDENTE: Non, non, tranquila que aínda non está posto. Hai que poñelo a cero. ¡Tranquila!



Tranquilidade a todos, por favor. Tres minutos. (*Murmurios.*)

Vale, vamos escoitar. Hai que saber ir todos. (*Murmurios.*) Aquí repártese para todos.

Adiante, señora Presas. Cando queira.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Tellado, véxoo un pouco alporizado coa cuestión dos pactos. (*Murmurios.*) Non sei se é polo resultado do Partido Popular, non sei se é porque lle alporiza que como secretario xeral do Partido Popular non mande demasiado sobre os pactos de Ourense e estean facendo o que lles dá a gana... (*Aplausos.*) Non sei exactamente cal é o motivo. (*Aplausos.*)

Pero como desde o BNG temos máis tranquilidade ca vostedes e máis preocupación e seriedade con esta cuestión, pois tentarei centrarme nela.

Ben, eu agradézolle ao voceiro de En Marea a súa intervención construtiva e ao señor Losada que non me convidara a esa sistemática petición de paciencia, porque xa sabe que a estas alturas xa se nos ten esgotado. En todo caso, non nos importa votar por puntos. Agora ben, nós queremos insistir nunha reflexión: quedan dezanove días, e o que pase o próximo 1 de xullo será fundamental para o noso país. Polo tanto, nós pedímoslles a vostedes, e tamén ás organizacións políticas que igual acaban conformando un goberno en Madrid con vostedes, altura de miras e seriedade tamén con este país, e que chegado o momento exixan o que haxa que exixir. Ese disparate loco que estamos solicitando nesta iniciativa, que sería desenvolver un mecanismo perfectamente legal que teñen aplicado outros países europeos e que recolle esa Constitución que vostedes tanto alaban e veneran día e noite, terá que ser, pero, desde logo, agardemos que non se conformen con menos, porque non é comunismo, é sentido común, non se está a pedir nada do outro mundo.

Despois, en canto á intervención do señor do Partido Popular, máis do mesmo, señor Tellado, ¡máis do mesmo! Moito lerele pero pouco compromiso. Mañá, cerca de vostede vai estar sentado o presidente da Xunta de Galiza, mentres a nosa voceira parlamentaria pregunta pola crise da industria neste país, e aí arriba van ter traballadores e traballadoras preocupadas e preocupados polo seu futuro. Eu espero que haxa unha excepción e que o señor presidente da Xunta de Galiza estea á altura —non como estivo vostede agora—, ofrezca unha alternativa e diga que vai exercer de Goberno galego e que vai exixir respostas firmes para a nosa industria. Porque a súa política de botar balóns fóra foi a gasolina para incendiar este problema, sábeo vostede perfectamente; non só o que fixeron no pasado, senón tamén o que non están a facer no presente. E esa é a cuestión, señor Tellado. Vostede poder vir aquí e falar de todo menos de Alcoa —pode facelo— (*Murmurios.*) pero, desde logo, pesará sobre a conciencia do Partido Popular, porque, ao fin e ao cabo, hai unha parte da crítica que vostede fixo aquí que nós compartimos e que eu mesma desenvolvín na miña exposición, pero hai unha diferenza, que vostedes se están limitando a botar balóns fóra mentres aquí nós vimos con alternativas e con propostas. (*Murmurios.*) A cuestión é ¿que van votar mañá? (*Murmurios.*) Unha vez máis, imaxino que eludirán asumir ningún compromiso novo. (*Murmurios.*)

Polo tanto, claro, antes, cando viña para aquí, berraban: «calladitos, calladitos»... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...¡é que é imposible falar con vostedes..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...incluso cando temos o turno de palabra! ¡É imposible! Así non hai maneira, pero quedará enriba da vosa conciencia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*



Ao final, quedamos en que imos á votación por puntos. ¿Ofértalles a votación por puntos, señora Presas? *(A señora Presas Bergantiños: Si.)* Grazas.

A emenda, entón, non... *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale. Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez.

Suspéndese a sesión ás sete e vinte e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

